Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 16 de decembro de 2022 (1332/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
Dª Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Mª José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezaseis de decembro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.
A Sra. Espinosa Mangana únese á sesión en modo online.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1034).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbanse as actas das sesións ordinarias do 1 e 9 de decembro de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(1035).- OUTORGAMENTO DA DISTINCIÓN HONORÍFICA "CIDADE DE VIGO". EXPTE. 19334/101.**
Visto o informe xurídico do 13/12/22, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e polo alcalde, que di o seguinte:

**<u>I.- ANTECEDENTES.</u>**

O Pleno do Concello de Vigo en sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2018 adoptou o acordo de "Aprobar a creación dunha nova distinción honorífica do Concello de

Vigo, que recibirá o nome de Distinción Honorífica “Cidade de Vigo", consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e mais o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981”. (Expediente 15892-101).

No antedito acordo plenario exponse a motivación da creación da nova distinción: *“...dentro do contexto da habilitación prevista no Regulamento específico de Honras e Distincións do Concello de Vigo, no seu artigo 5.3., e transcorridos trinta anos dende a creación do título de Vigueses Distinguidos, considérase oportuna agora a institucionalización dun novo galardón que recoñeza a aqueles cidadáns e cidadás, institucións e entidades que teñan sobresaído dun modo excepcional e especialísimo nos seus ámbitos respectivos e teñan contribuído dun xeito determinante ao prestixio da cidade de Vigo e dos valores cidadáns que a definen e lle son propios. Esta distinción terá o carácter de Alta Distinción e a súa concesión será moi puntual e constituirá o máximo honor que o Concello de Vigo poida outorgar.*

*Este galardón terá unha dobre funcionalidade: por un lado, o recoñecemento de valores cidadáns extraordinarios e tarefas exemplares a prol da cidade de Vigo, tanto de persoas coma de institucións, permitindo que perduren na memoria colectiva e, por outro, pretende ser un estímulo para a realización de accións que comporten un beneficio para a cidade e reforcen, aínda máis, o sentimento de orgullo e pertenza a Vigo.*

*Reservarase a concesión desta distinción honorífica “Cidade de Vigo” a casos excepcionais, de méritos extraordinarios que concorran en persoas ou entidades, nacionais ou estranxeiras, que polos seus destacados méritos e servizo extraordinario prestado á cidade de Vigo sexan dignos de tal galardón.*

*Trátase dunha distinción para recoñecer e poñer en valor a persoas ou entidades con profundo arraigo na cidade, cunha longa traxectoria de traballo, dedicación e esforzo a prol da cidade de Vigo e que teñan contribuído a converter á cidade nun referente e exemplo.*

*A concesión deste galardón requirirá dunha motivación exhaustiva, na que se contemplen todas as circunstancias extraordinarias e excepcionais que fan ao galardoado merecedor deste recoñecemento. A concesión da mesma non terá unha periodicidade estipulada de antemán, xa que só se concederá en casos puntuais nos que se motive a súa excepcionalidade...”.*

*- Con respecto ao procedemento e competencias para a súa concesión, así como as formalidades para a súa entrega ao interesado, estarase ao previsto no “Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo” de data 29 de setembro de 1981.*

## **II.- MOTIVACIÓN PARA OUTORGAR A DISTINCIÓN HONORÍFICA “CIDADE DE VIGO”.**

A motivación que se expón a continuación para a concesión da Distinción de Honra "Cidade de Vigo" foi redactada polo Cronista da Cidade, D. Ceferino de Blas a petición desta Alcaldía:

"Eugenio González de Haz, o fundador da saga radiofónica do seu apelido, era tan vigués que ao día seguinte de nacer, o 28 de maio de 1904, apareceu a noticia no Faro. Despois de obter o título de bacharelato e de estudar na Escola de Comercio e graduarse de Perito Mercantil, empezou unha carreira que o converteu no empresario radiofónico de referencia en Galicia.

A primeira emisora que existiu en Vigo inaugurouse o 13 de maio de 1934, baixo a dirección Santiago Montenegro, pero en setembro de 1939 xa a adquiría González de Haz, que pronto instala unha antena no Castro que lle dará a potencia para ser escoitada nun territorio cada vez máis extenso.

En 1957 chega a competencia a Vigo coa radio estatal a Voz de Vigo, e González de Haz, empresario previsor, asóciase á SER, a Sociedade Española de Radiodifusión. É un dos pioneiros en España en adoptar esta medida que seguirán outros empresarios de emisoras locais. Porque pronto se instalan novas cadeas e comeza a emitir a televisión, cuxa aparición - en Vigo empezou a verse desde o ano 56-, crea a preocupación de que pode resultar demoledora para a radiodifusión.

Pero Radio Vigo continúa adaptándose aos gustos da xente, e no ano 1973, o iniciador da saga entrega a testemuña da dirección ao seu fillo. Como herdeiro do fundador, Eugenio González de Haz y Vizcaíno, economista, xornalista e cun mestrado en dirección de empresas, asumiu o reto de modernizar e ampliar a empresa familiar e, cando está a piques de celebrarse o medio século do seu desembarco á fronte de Radio Vigo, pode afirmarse con rotundidade que o conseguiu.

Logrou achandar as dificultades da competencia con outros medios e definir os obxectivos da emisora para adecuala ao que satisfixese aos seus oíntes e distinguila das demais. Foi a tarefa que se impuxo e superou con creces, ao preservar o liderado que Radio Vigo tivo desde a chegada da radiodifusión á cidade, onde concentra a maioría de seguidores.

A última onda do Estudo Xeral de Medios dálle un total de 64.000 oíntes. Este liderado resulta do efecto de cumprir a primeira regra do bo empresario: formar uns equipos humanos de prestixio, especialmente os dedicados á información, nos que en cada período destacan nomes que se fan familiares aos oíntes. Son xornalistas que informan e teñen á cidadanía viguesa ao tanto das noticias a cada momento, pero que tamén comentan e colaboran a formar unha opinión pública na cidade e na contorna.

Radio Vigo ocupou varias sedes desde a inicial do número 2 da rúa de Abeleira Menéndez ás de Príncipe, á que seguiu nos pasados oitenta a de Policarpo Sanz. Pero o gran salto prodúcese en 2006, ao situarse na rúa Areal, nun edificio de porte nobre rehabilitado, e cos estudos plenamente dixitalizados. Desde que está á fronte Eugenio González de Haz e Vizcaíno, a emisora non cesou de crecer, tras a posta en marcha das emisións en FM, coa incorporación doutras frecuencias como os "40 Principales", as emisións en Vigo de M80 Radio e a integración na Cadena Dial. Nos últimos anos, o grupo amplía o seu territorio ao adquirir unha nova licenza en Tui e poñer en marcha a emisión de Ser Baixo Miño, co que Radio Vigo completa a mellor oferta radiofónica do Sur de Galicia.

Como grupo multimedia, desde 1999 incorporouse á cadea Localia TV, que desde 2009 se reconvirte en Utega Localia Televigo, que é actualmente a única canle viguesa de comunicación por televisión. O artífice deste crecemento, que tanto axuda ao pluralismo informativo do Sur de Galicia, é Eugenio González de Haz e Vizcaíno, unha personalidade respectada e apreciada na profesión e polo público, dun trato exquisito, recoñecido por todos. Alberga dúas paixóns: a familia, formada pola súa muller, Beatriz Díaz-Castroverde, e os seus fillos, Eugenio, Beatriz, Jaime e Mariola, e a deportiva, como entusiasta do golf, que practica, e afeccionado do Real Club Celta. Seguindo o modelo do seu pai, incorporou á dirección do grupo ao seu primoxénito, o terceiro da saga do mesmo nome e apelidos, e aos seus outros fillos á empresa familiar, que se fortalece e mostra a súa vitalidade no camiño cara aos noventa anos de historia que cumpre en 2024.

Polos méritos contraídos na constante defensa dos intereses locais, polo que Radio Vigo achega á comunicación e á formación dunha opinión dos cidadáns da súa cidade é polo que Eugenio González de Haz e Vizcaíno, presidente de González de Haz SL, é merecedor da distinción da Cidade de Vigo".

A vista do exposto nos antecedentes, e mais na motivación para outorgar a distinción honorífica "Cidade de Vigo", e no uso das facultades que o artigo 126.1. Lei da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, confire á Xunta de Goberno Local como órgano que colaboración na función de dirección política do Alcaldía , sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA

**Primeiro.-** Outorgamento da Distinción Honorífica "Cidade de Vigo" a D. Eugenio González de Haz e Vizcaíno, presidente de González de Haz S.L. polos méritos contraídos na constante defensa dos intereses de Vigo.

**Segundo.-** Elevar ao pleno para súa aprobación.

**Terceiro.-** Formalizar a entrega da distinción honorífica segundo o establecido no acordo do Pleno do Concello de Vigo en sesión ordinaria de data 28 de febreiro de 2018 de creación da Distinción Honorífica do "Cidade de Vigo", consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e mais o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981".

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(1036).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 15215/111.**
Dáse conta do informe-proposta de data 05/12/22, asinado polo xefe da Área Xudicial e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso. Expediente nº 14772/111
Sentenza nº 258 do 20 de outubro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 147/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 14-12-2021 en reposición. Providencia de Constrinximento (en relación con sanción de tráfico).
Expte(s): 145171/700 e 289801/280
Contía: 45,00 €

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o recurso (por non ter esgotado a vía administrativa, art. 225 da LXT e 14.2. da LRFL), se ben no FD 2ª analiza o fondo do recurso, con custas taxadas de oficio
A Tesourería-Recadación municipal debe coñecer o resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 14891/111
Sentenza nº 269 do 25 de outubro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 192/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 27-4-2022. Sanción Tráfico (estacionamento).
Expte(s): 290278/280
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, firme, estima o recurso con base nas deficiencias de sinalización horizontal e vertical da parada de autobús, con custas taxadas de oficio, anulando a sanción imposta.

A Tesourería - Recadación Municipal e o departamento de Seguridade deben executar o xudicialmente resolto (e revisar a sinalización existente no lugar).

3.- Contencioso. Expediente nº 14106/111
Sentenza nº 262 do 26 de outubro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 383/2021
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares
Obxecto: XGL 16-9-2021. Estimación parcial de reclamación económica por obras.
Expte(s): 5423/106 (e 5470/551)
Contía: 330.042,83 €

Esta sentenza, que non é firme, estima en parte o recurso:
- Rexeita a pretensión de nulidade do acto recorrido e os alegatos da actora.
- Anula o acto impugnado e declara a obriga do Concello de aboarlle á actora a cantidade de 330.042,83 € como resarcimento do enriquecemento inxusto derivado das obras e pagamentos levados a cabo pola recorrente.
O departamento de Comercio, a Dirección de Obras municipal e a Secretaria de Administración Municipal-instrutora (finalmente) do procedemento que deu lugar ao acto impugnado, deben informar con urxencia sobre a procedencia e bases dunha eventual apelación.

4.- Contencioso. Expediente nº 12962/111
Sentenza nº 261 do 20 de outubro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 194/2020
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (bombeiros)
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, ditada en execución do resolto en apelación, analiza e resolve a pretensión de condena de 25.000 euros por responsabilidade patrimonial do Concello por dano moral (por anulación xudicial do "decreto" de 6-2-2019 do Concelleiro de Seguridade).
No seu F.D. 2º reitera a diferencia entre horario e xornada de traballo.
No seu F.D. 3º, coa base no dereito da administración e no deber do funcionario de cumprir a xornada de traballo legalmente establecida, conclúe na inexistencia de dano antixurídico, desestima o recurso e declara a firmeza desta segunda sentenza por razón de contía.
O departamento de Persoal, o de Seguridade e a Tesourería-Nóminas deben coñecer o resolto e preparar a execución da parte estimatoria (firme) da sentenza nº 173 do 30 de agosto de 2021, relativa ás "diferencias retributivas" das "gratificacións" por exceso de xornada" ... considerando como tales as indicadas no informe da Xefatura do Servizo do 16-4-2021, cos xuros legais dende a reclamación administrativa, nos termos do 2º parágrafo do fallo.

*Procedemento de orixe:*
*Sentenza nº 173 do 30/08/2021 XC-A nº 2 Vigo , estimatoria parcial*

*Recurso Apelación nº 647/2021 TSXG (Sala do C-A, Sección 1ª), Sentenza nº 437 do 24/05/2022, estimatoria parcial, retroacción, comunicada na sesión da XGL do 07/07/2022.*

5.- Contencioso. Expediente nº 13443/111
Sentenza nº 374 do 28 de outubro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela
Ordinario: 220/2021
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Resolución do 26-11-2020 da Directora de Augas de Galicia. Modificación das normas de Explotación e do Plan de Emerxencias da presa de Eiras
Expte(s): 728/441
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima o noso recurso. Comeza por limitar o obxecto do recurso (excluíndo a cuestión competencial subxacente) para logo sinalar que o fundamental é o "título concesional do Concello" sobre a presa que o xulgador deriva á "canalizazción auxiliar" e ao caudal de auga ("de la futura presa").
Esta diferenciación entre "a presa" e "a infraestructura complementaria ou auxiliar" é o fundamento principal da desestimación resolta nesta sentenza, con custas taxadas de oficio.
O departamento de Fomento debe coñecer o resolto e informar con urxencia sobre a procedencia e bases dunha eventual apelación.

6.- Contencioso. Expediente nº 14915/111
Sentenza nº 291 do 2 de novembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 224/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 3-8-2022 (en reposición). RPA, caída na vía pública o 24-10-2018
Expte(s): 5793/243
Contía: 5.791,77 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso e engádelle á indemnización xa recoñecida a cantidade de 4.878,52 € (por prexuízo estético) cos xuros legais dende o 27-12-2018.
Ao se tratar de sentenza de condena ao pagamento de cantidade determinada debe executarse en tempo e forma, con aplicación do contrato municipal de aseguramento polo departamento de Patrimonio-RPA e a Intervención municipal.

7.- Contencioso. Expediente nº 13868/111
Sentenza nº 777 do 20 de outubro de 2022
Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 6
Ordinario: 826/2021
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares
Obxecto: Desestimación presunta. Solicitude á D.G. de Carreteras (M. Fomento) sobre proxecto do trazado enlace Baruxáns- Mos, variante Porriño-Vigo.
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.
O Departamento de Fomento debe coñecer o resolto.
Este Concello personouse no procedemento ao ser emprazado e logo do estudo da demanda decidiuse non contestala, para o cal elaboramos no seu día una "nota" que acompañamos, explicando a complexa posición municipal: non concordamos coa demandante, e o Concello defende na actualidade outra alternativa de trazado.

8.- Contencioso. Expediente nº 12690/111
Providencia do 3 de novembro de 2022
Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Casación: 1690/2022
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 9-3-2020. 2ª liquidación semestral de 2017 cofinanciamento escolas infantís (r/ Palencia e Valadares)
Expte(s): 24065/332
Contía: 102.750,00 €

Esta resolución, firme, inadmite o noso recurso de casación contra a sentenza nº 664 do 10-11-2021 do TSXG, con custas taxadas de oficio.
O departamento de Educación (e o de Benestar Social) á vista do xudicialmente resolto debe coñecer o resolto e propoñer o precedente en relación cos diversos recursos conexos pendentes.
Este servizo debe advertir da grave confusión derivada de considerar as "escolas infantís" como centros de servizos sociais, e non como os centros educativos que son (non "garderías").

*Procedemento de orixe:*
*P.O. 95/2020 TSXG-1, Sentenza nº 664 do 10/11/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 10/12/2021*

9.- Contencioso. Expediente nº 12691/111
Providencia do 3 de novembro de 2022
Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Casación: 1039/2022
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. 1ª liquidación semestral 2018. Cofinanciamento escolas infantís (r/ Palencia e Valadares)
Expte(s): 24066/332
Contía: 101.250,00 €

Esta resolución, firme, inadmite o noso recurso de casación contra a sentenza de instancia, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Educación (e o de Benestar Social) debe coñecer o resolto e propoñer o precedente en relación cos diversos recursos conexos pendentes.

*Procedemento de orixe:*
*P.O. 96/2020 TSXG-1, Sentenza nº 679, de 17 de novembro do 2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 03/02/2022.*

10.- Contencioso. Expediente nº 13818/111
Sentenza nº 746 do 13 de outubro de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 576/2021
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 31-10-2019. Anulación do "Decreto" do 6-2-2019 e "dano moral", "horas extras" desde agosto de 2015 ata a 31-10-2019. Sentenza nº 99 do 1 de xullo do 2021 (e Auto do 20-7-2021), estimatoria parcial.
Contía: Indeterminada superior a 30.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso de apelación do Concello contra Auto do 20 de xullo do 2021 e acorda a retroacción das actuacións ao momento inmediatamente posterior ao ditado na Sentenza 99/2021, para nova notificación con prazo de recurso de apelación.
O Departamento de persoal (RRHH) debe coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe:*
*P.O. nº 185/2020 XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 99 do 01/07/2021 (e Auto do 20/07/2021), estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 29/10/2021.*

11.- Contencioso. Expediente nº 13828/111
Sentenza nº 763 do 18 de outubro de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 584/2021
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 15-11-2019. Anulación do "Decreto" e "dano moral" , "horas extras", dende agosto de 2015. Sentenza nº 114 do 5 de xullo do 2021 (e Auto do 26-7-2021), estimatoria parcial.
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso de apelación do Concello contra Auto do 20 de xullo do 2021 e acorda a retroacción das actuacións ao momento inmediatamente posterior ao ditado na Sentenza 99/2021, para nova notificación con prazo de recurso de apelación.
O Departamento de persoal (RRHH) de coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe:*
*P.O. nº 243/2020 XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 114 do 05/07/2021 (e Auto do 26/07/2021), estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 29/10/2021*

12.- Contencioso. Expediente nº 14783/111
Sentenza nº 298 do 9 de novembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 160/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación "presunta" de reclamación do 22-11-2021. Retribucións, productividade, capataz de xardíns
Expte(s): 40032/220 e 49901/446
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso e declara:
1) Que o demandante ten dereito a percibir o CD 20 (no canto do 18 correspondente á súa praza e posto de capataz) correspondente ao posto de inspector de control de concesionarias ata que cese a "actual situación".
2) Que a diferenza retributiva debe aboarse dende o 11-6-2020 (día seguinte á "instrucción de servizo" do "Xefe de Área de Servizos Xerais").
Con custas taxadas de oficio.
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto e informar con urxencia sobre a procedencia e bases dunha eventual apelación.
A existencia de servizos e "responsables" de servizos que exerzan competencias decisorias en materia de persoal ("actos" nulos por incompetencia) debe ser corrixida de contado.

13.- Contencioso. Expediente nº 13394/111
Providencia do 3 de novembro de 2022
Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Casación: 3565/2022
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. 2ª liquidación semestral 2020. Cofinanciamento escolas infantís
Expte(s): 24837/332
Contía: 102.000,00 €

Esta resolución, firme, inadmite o noso recurso de casación, con custas taxadas de oficio.
O departamento de Educación (e o de Benestar Social) debe coñecer o resolto e propoñer o precedente en relación cos diversos recursos conexos pendentes.

*Procedemento de orixe:*
*P.O. 28/2021 TSXG-1, Sentenza nº 139, de 23 de febreiro do 2020, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 07/04/2022.*

14.- Contencioso. Expediente nº 14933/111
Sentenza nº 295 do 4 de novembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 217/2022
Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 28-4-2022 (en reposición). Sanción de tráfico, estacionamento.
Expte(s): 291782/280
Contía: 200,00 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso, considera que a infracción sería leve e en tal caso aprecia prescrición da infracción, atendo a sanción, coa correspondente devolución do ingresado como indebido, e custas taxadas de oficio
O Departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben executar o resolto, en tempo e forma.

15.- Contencioso. Expediente nº 14427/111
Sentenza nº 308 do 16 de novembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 30/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 28-1-2021. Diferencias retributivas entre cabo e sarxento, SEIS.
Expte(s): 38238/220

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso, anula o acto presunto impugnado e declara:
- O dereito do demandante a percibir o C.D. e o C.E. correspondentes ao posto de traballo de sarxento do SEIS, con efectos retroactivos en 4 anos á reclamación administrativa e con dedución das cantidades satisfeitas ata a data nas nóminas en concepto de “indemnización sentencia”.
- O dereito a cotizar á Seguridade Social por ambos conceptos retributivos (C.D. e C.E.) nos 4 anos anteriores á reclamación administrativa.
- Ao pagamento das diferenzas retributivas cos xuros legais.
Desestima as restantes pretensións (recoñecemento do grao 21, da categoría ...)
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto e informar con urxencia sobre a procedencia e bases de recorrer en apelación ou noutro caso iniciar a execución do resolto.
Os conceptos xurídicos de traballo efectivo e efectivo desenvolvemento de funcións superiores son substituídos por automatismos e presuncións só propias do servizo.

16.- Contencioso. Expediente nº 14734/111
Sentenza nº 282 do 2 de novembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 142/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 17-2-2022. Procedemento sancionador sanitario (mascarilla na vía pública, 26-1-2021).
Expte(s): 21778/310
Contía: 80,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso

Os Departamento de Seguridade e Sanidade, e a Tesourería Recadación Municipal deben coñecer o resolto

17.- Contencioso. Expediente nº 11601/111
Providencia do 4 de decembro de 2020
Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Casación: 5877/2021
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar do 13-4-2018. 2º Liquidación 2017, centros de día Teis, Coia e Valadares.
Expte(s): 147883/301
Contía: 171.250,00 €

Inadmite o noso recurso de casación contra a sentenza 667/2020.

*Procedemento de orixe:*
*Proc. Ordinario nº 4049/2020 TSXG-2, Sentenza nº 667 do 04/12/2020 (e Auto do 29/03/2021), desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 11/02/2021*

18.- Contencioso. Expediente nº 14954/111
Sentenza nº 255 do 13 de outubro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 245/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Resolución do 21-7-2022. Data de efectos do reingreso no servizo activo.
Expte(s): 40073/220
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, firme, estima o recurso (cinguido á data de efectos do acto administrativo, inciso final do apartado "primeiro" do acto recorrido) e declara o dereito do actor a que o reingreso teña efectos dende o día 29-5-2022, (co aboamento das retribucións comprendidas entre o 29-5 e o 21-7-2022).
O departamento de Persoal debe executar o resolto en tempo e forma (2 meses: art. 104 LXC-A).

19.- Contencioso. Expediente nº 14451/111
Sentenza nº 309 do 16 de novembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 32/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación presunta da reclamación do 27-1-2021. Complemento retributivo por desempeño de funcións de categoría superior, SEIS.
Expte(s): 38238/220
Contía: 30.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso, anula o acto presunto impugnado e declara:
- A obriga do Concello de pagamento do C.D. e C.E. correspondente ao posto de traballo de Sarxento nos 4 anos anteriores á data da reclamación e con deducción das cantidades aboadas como "indemnización de sentenza" e ata que cese a "situación".
- Á cotización á Seguridade Social polo importe dos conceptos retributivos anteriores.
- Aos xuros legais correspondentes.
Desestimando as restantes pretensións.
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto e informar con urxencia sobre a procedencia e bases dunha eventual apelación ou, noutro caso, á execución do resolto (e á regularización desta situacións "de facto").

20.- Contencioso. Expediente nº 14981/111
Sentenza nº 299 do 9 de novembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 227/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Resolución de 10-5-2022. Solicitude de información sobre gastos e ingresos públicos.
Expte(s): 1209/1102
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso e obriga a "entregar... a totalidade da información solicitada" (no escrito de 27-4-2022) no prazo de 1 mes.
O que en realidade se discute é o contido da información-resposta á solicitude completada (solicitude do 25-2-2021 - informe/contestación do 5-3-2021), pero en relación coa solicitude posterior datada o 27-4-2022 do "presidente da sección sindical da CUT-BOMBEIROS de Vigo" (sic) e informe do 5-5-2022.
A unidade competente para atender as solicitudes da L. 19/2013 (Secretaria de Administración Municipal) deben executar o resolto, en tempo e forma (entendemos que non procede recorrer e, mesmo, sería dubidosa a inadmisibilidade da apelación).

21.- Contencioso. Expediente nº 14353/111
Sentenza nº 266 do 3 de novembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 405/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta. Solicitudes do 13-8-2019 (e 4-9-2015) de supresión vial no IMB e D.
Expte(s): 2170/244
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o recurso pola razón contida no seu F.D. 2º (o que realmente se impugna é a aprobación definitiva do Inventario no pleno de 4-5-1993). Xustifi-

ca a inclusión no Inventario dos camiños “de uso público” (F.D. 1º). Valora as circunstancias do caso concreto e advirte da existencia de interesados que deberán ser emprazados.
O departamento de Patrimonio-IMB e D debe coñecer o resolto.

22.- Contencioso. Expediente nº 14904/111
Sentenza nº 271 do 15 de novembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 225/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 16-12-2021. Reclamación contra requirimento de pagamento (do art. 177.1. LXT) do IBI 2018-2021
Expte(s): 5424/550, 111051/700
Contía: 5.057,61 €

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o recurso (F.D. 2º), se ben no F.D. 1º entra no fondo do asunto e analiza a corrección da actuación municipal.
O TE-A do Concello de Vigo, a Tesourería-Recadación municipal e a Dirección de Ingresos deben coñecer o resolto.

23.- Contencioso. Expediente nº 14880/111
Sentenza nº 273 do 17 de novembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 204/2022
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Desestimación presunta (e expresa do 3-10-2022). RPA, danos no vehículo na rúa Olímpicos Galegos
Expte(s): 6534/243
Contía: 1.015,47 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, confirmando a resolución municipal impugnada.
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

24.- Contencioso. Expediente nº 14888/111
Sentenza nº 272 do 15 de novembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 209/2022
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Desestimación presunta (e expresa do 8-8-2022) de reclamación económico-administrativa do 4-1-2010. Derivación de responsabilidade tributaria, IBI 2012-2016 art, 64 do TR da LRFL.
Expte(s): 165510/700 e 5011/550
Contía: 8.491,14 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso e confirma a actuación municipal logo dunha análise exhaustiva das súas bases legais e dos alegatos da demandante, con custas taxadas de oficio.

O TE-A do Concello de Vigo, a Tesourería-Recadación municipal e a Dirección de Ingresos deben coñecer o resolto.

25.- Contencioso. Expediente nº 12920/111
Providencia do 3 de novembro de 2022
Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Casación: 7865/2021
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Resolucións do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Centros de día (Teis, Coia e Valadares), cofinanciamento 2018/2019 e 1º trimestre de 2020.
Expte(s): 203494/301
Contía: Indeterminada

Inadmite o noso recurso de casación contra a Sentenza nº 495/2021 do TSXG, con custas taxadas de oficio.
O departamento de Benestar Social (e a Intervención municipal) deben coñecer o resolto e verificar o impacto das resolucións recorridas (que resultan confirmadas polo xudicialmente resolto), así como reconsiderar á vista do resolto cal debe ser a actuación municipal en relación coa cuestión controvertida ("cofinanciamento forzoso" de escolas infantís -reconvertidas en centros de servizos sociais: "garderías"- e centros de día).

*Procedemento de orixe:*
*P.O. 257/2020, TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, Sentenza nº 495, do 15 de setembro do 2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 29/10/2021.*

26.- Contencioso. Expediente nº 13832/111
Decreto do 10 de novembro de 2022
Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2
Casación: 6062/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Reclamación de retribucións (horas extraordinarias nov. 2015-dec. 2020), bombeiros
Contía: Indeterminada superior a 30.000,00 €

Declara deserto o recurso de casación preparado polo demandante contra a Sentenza nº 401/2022 do TSXG.
O departamento de Persoal e (o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe:*
*- R. Apelación 577/2021 TSXG Sala do C-A, Sección 1ª, Sentenza nº 401 do 18 de maio de 2022 (e Auto do 7-6-2022). Estima a apelación municipal e retrotrae as actuacións ao momento posterior do ditada da Sentenza 110/2021. Comunicada na sesión da XGL do 07/07/2022.*
*- P.O. 242/2020 XC-A nº 1 de Vigo, Sentenza nº 110 do 02/07/2021 (e Auto do 27/07/2021), comunicada na XGL 29-10-2021.*

27.- Contencioso. Expediente nº 14959/111
Decreto nº 32 do 11 de novembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 252/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: RPA, Caída da póla dunha árbore sobre un vehículo o 18-12-2020.
Expte(s): 6450/243

Acepta a desistencia da actora (indemnización pola concesionaria do Servizo).
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

28.- Contencioso. Expediente nº 14792/111
Sentenza nº 281 do 24 de novembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 159/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta (e expresa do 21-7-2022). RPA, reclamación do 14-9-2021 (accidente na vía pública o 8-4-2021, patinete)
Expte(s): 6550/243
Contía: 5.482,37 €

Esta sentenza, firme (que trata unicamente de xuros e custas), estima parcialmente o pretendido en canto aos xuros legais correspondentes a 5.482,37 € dende o 14-9-2021 ata o 1-8-2022 e a 3.982,37 € dende o 1 ao 30 de agosto do 2022 que debe aboar o Concello.
Ao se tratar de sentenza de condena ao pagamento de cantidade determinada, a Intervención municipal debe executala en tempo e forma. O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 13656/111
Sentenza nº 4611 do 13 de outubro de 2022
TSX Galicia, Sala do Social
Recurso de suplicación: 5205/2021
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Recoñecemento da condición de persoal laboral fixo, ou subsidiariamente indefinido non fixo do Concello de Vigo coa categoría de oficial de instalacións municipais dende o 01/03/2011
Expte(s): 34753/220

Esta sentenza, que non é firme, resolve o recurso de suplicación do Concello, e estimándoo parcialmente, revoga a sentenza de instancia e declara á actora indefinida non fixa do Concello dende o 1-3-2011.

Entendemos que non procede casación para a unificación da doutrina (ao aplicarse nela a vixente) e sí a execución do resolto, así como a obrigada regularización da situación (do contrato laboral temporal indefinido non fixo, provendo a praza vacante, de crearse, conforme a dereito).

*Procedemento de orixe:*
*Proc. Ordinario nº 366/2019 Xulgado Social nº 6 de Vigo, Sentenza nº 245 do 19/05/2021, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 24/06/2021.*

2.- Social. Expediente nº 14328/111
Sentenza nº 421 do 7 de novembro de 2022
Xulgado do Social nº 7 de Vigo
Ordinario: 1015/2021
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación presunta da reclamación 15-5-2021. Valor-hora nas gratificacións por servizos extraordinarios (no ano 2020).

Esta sentenza, firme, estima a demanda e condena ao Concello ao pagamento de 1.546,14 €, máis xuros legais.
O departamento de Persoal e a Tesourería-Nóminas deben executar o resolto conforme ado disposto no art. 287 da LRX. Soc.

## E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**I.** Rexe a obriga xeral de cumprir as sentencias e demáis resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como a de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto, segundo o art. 118 da Constitución, así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

**II.** Rexe o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas, en tempo e forma.

**III.** O artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demáis resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns, no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais

casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foran ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

**V.** E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

**PROPOSTA DE ACORDO**

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso para o seu coñecemento e consideración, con expresa indicación da súa obriga e responsabilidade na execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(1037).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL: «VIGO, CIDADE AMIGA DOS MAIORES». EXPTE. 231615/301.**
Dáse conta do informe-proposta de data 11/11/2022, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social e pola concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

I. FUNDAMENTO NORMATIVO E COMPETENCIAS MUNICIPAIS

I.1. A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio

para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

I.2. A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que "*non se entenderá como exercicio de novas competencias*", entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

II. O «PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL: «VIGO, CIDADE AMIGA DOS MAIORES»

II.1. Tal como se indica nas normas de funcionamento que agora se someten á aprobación da XGL, o «PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL: «VIGO, CIDADE AMIGA DOS MAIORES» é un servizo que, con carácter voluntario, prestará a Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo coa finalidade de favorecer a promoción da autonomía persoal e a prevención da dependencia das persoas maiores. Para estes fins, propónse desenvolver cantas accións formativas, culturais, de entretemento, de lecer saudable, de desenvolvemento persoal e comunitario, de intercambio interxeneracional ou de acceso ás novas tecnoloxías, sexan necesarias para potenciar a súa autonomía, independencia, socialización e evitar a soidade non desexada.

II.2. Para disciplinar as cuestións esenciais dos servizos a prestar, referidas a cuestións tales como requisitos e condicións de acceso ó Programa, persoas destinatarias, tipoloxía de actividades (obradoiros, visitas culturais, rutas pola Natureza, etc.), programación, dereitos e deberes das persoas usuarias, dirección e organización do Programa, coordinación Concello-contratista, etc., elaboráronse unhas normas básicas de funcionamento, suxeitas obviamente ás eventuais revisións e/ou modificacións que poidan derivarse da experiencia práctica na súa aplicación.

II.3. Por non implicar gasto ningún a aprobación deste Programa e das súas Normas de funcionamento, considérase innecesario que antes de adoptarse o acordo que proceda polo órgano competente se recabe informe de fiscalización previa da Intervención xeral municipal.

Neste sentido, cómpre lembrar que en informe de data 24.01.2020 o Interventor xeral municipal manifestou xa, a respecto dunha proposta semellante como era a de aprobación do "Programa de Coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social" e das súas Normas de funcionamento (Exp. nº 195687/301; trámite nº 33) que:

*«Recibido na Intervención Xeral expediente relativo ao asunto referido para a súa fiscalización previa de conformidade co previsto no artigo 214 R.D.-Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esta intervención procede a súa devolución ao servizo propoñente en base as seguintes consideracións: (...) 3. Non sometemento a fiscalización previa. A función interventora ten por obxecto controlar os actos da Entidade Local e dos seus organismos autónomos, calquera que sexa a súa cualificación, que dean lugar ao recoñecemento de dereitos ou á realización de gastos, así como os ingresos e pagos que deles derívense, e o investimento ou aplicación en xeral dos seus fondos públicos, co fin de asegurar que a súa xestión axústese ás disposicións aplicables en cada caso (artigo 3.2 RDCI).*

*Polo tanto, o exercicio da función interventora comprenderá as seguintes fases (artigo 7 RDCI):*

*a) A fiscalización previa dos actos que recoñezan dereitos de contido económico, autoricen ou aproben gastos, dispoñan ou comprometan gastos e acorden movementos de fondos e valores.*
*b) A intervención do recoñecemento das obrigacións e intervención da comprobación material do investimento.*
*c) A intervención formal da ordenación do pago.*
*d) A intervención material do pago.*

*Como queira que o expediente remitido a esta Intervención non supón a aprobación ou autorización de gastos, o citado expediente e o acordo nel proxectado non se atopan sometidos a fiscalización previa».*

II.4. Na actualidade, estase a tramitar no Exp. n.º 231895/301 (2022) do Servizo de Benestar Social o expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos incluídos neste «PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL: «VIGO, CIDADE AMIGA DOS MAIORES»; contratación xa programada no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2022. Trátase dun contrato de servizos en función das necesidades da Administración, segundo o previsto na Disposición adicional trixésima terceira da LCSP, cunha duración inicial de dous (2) anos e con posibilidade de dúas (2) prórrogas dun (1) ano para os tres Lotes previstos.

Neste caso, a proposta de aprobación do expediente de contratación, por implicar gasto (403.440,72€, IVE incl.), sí deberá ser obxecto de fiscalización previa por parte da

Intervención xeral municipal, a teor do disposto na Disposición adicional terceira, Apdo. 3º LCSP e Art. 214 TRLRFL.

II.5. É competente para aprobar este PROGRAMA e as súas NORMAS DE FUNCIONAMENTO a Xunta de Goberno Local, segundo o previsto no Apdo. Primeiro, Pto. 1.3 da Resolución da Alcaldía-Presidencia do 18.06.2019, de delegacións na XGL (aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña, etc. de competencia municipal), posto en relación co Art. 127 da LRBRL.

III. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, procedería propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

ÚNICO: Aprobar o «PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL: «VIGO, CIDADE AMIGA DOS MAIORES» e as súas NORMAS DE FUNCIONAMENTO, elaboradas polo Servizo de Benestar social do Concello de Vigo, transcritas en Anexo. Os servizos incluídos neste Programa serán prestados a través da empresa que resulte adxudicataria do proceso licitatorio que se tramita no Exp. n.º 231895/301».

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO: «VIGO, CIDADE AMIGA DOS MAIORES».

## CAPÍTULO I
## CARACTERÍSTICAS E OBXECTIVOS DO SERVIZO

### Art. 1. Descrición e características xerais.

O Programa de avellentamento activo da Concellería de Política de Benestar Social: «Vigo, cidade amiga dos maiores» é un servizo que, con carácter voluntario, prestará o Concello de Vigo.

Desde unha perspectiva preventiva, este Programa pretende a programación estable, ó longo de todo o ano, de actividades de promoción da autonomía persoal e de prevención da dependencia e o desenvolvemento de cantas accións sexan necesarias para potenciar a autonomía das persoas maiores, a súa independencia e socialización, procurando evitar as situacións de soidade non desexada. Tales acción poderán ser de carácter formativo,

cultural, de entretemento e lecer saudable, de desenvolvemento persoal e comunitario, de intercambio interxeneracional, de acceso ás novas tecnoloxías, etc.

O financiamento deste Programa realizarase con cargo ós orzamentos da Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, sen que as persoas usuarias do mesmo deban aboar taxa ou prezo público ningún por tal concepto.

**Art. 2. Ámbito de intervención.**

O Programa desenvolverase na cidade de Vigo, directamente vencellado á Concellería de Política de Benestar Social e á rede de servizos sociais comunitarios do Concello de Vigo.

**Art. 3. Obxectivos.**

O obxectivo xeral do Programa «Vigo, cidade amiga dos maiores» é favorecer a vida saudable, a prevención da dependencia e reducir a soidade non desexada das persoas maiores mediante a realización de actividades diversas de avellentamento activo como as sinaladas anteriormente, nas modalidades presencial, mixta e virtual. As actividades a desenvolver serán de dúas categorias:

1) Prevención da dependencia, mantemento e mellora da saúde.
2) Lecer e mellora das relacións sociais.

**Art. 4. Principios xerais.**

Existen unha serie de principios e obxectivos transversais que deberán estar presentes en cada actuación:

– Facer prevalecer en toda actuación o interese superior da persoa maior e a súa permanencia no seu contorno habitual.
– Facilitar unha atención normalizada ás persoas maiores a través da rede de recursos sociais municipais.
– Poñer en valor os procesos de avellentamento a través da promoción dunha imaxe positiva e realista do envellecemento, combatindo os estereotipos e prexuízos que conducen á discriminación por razón da idade (*"edadismo"*).
– Levar a cabo actuacións de carácter interxeneracional, evitando estigmatizar ou segregar ás persoas maiores que participen nas accións ou programas previstos.
– Velar en todas as actividades pola aplicación do principio de igualdade de xénero.
– Contemplar en toda actuación a coordinación socio-sanitaria, dada a súa importancia na intervención coa dependencia e a súa prevención.
– Desenvolver a función de proximidade ás persoas maiores desde as Unidades de Traballo Social.
– Velar pola aplicación dos principios do avellentamento activo e o desenvolvemento comunitario.

**Art. 5. Características xerais das actividades do Programa.**

5.1. Actividades de prevención da dependencia, mantemento e mellora da saúde e de lecer e mellora das relacións sociais:

Estas actividades poderán desenvolverse cunha programación periódica durante un tempo determinado (obradoiros) ou ben de forma aillada (visitas, charlas, etc.)

As actividades desenvolveránse en dúas categorías:

A.- Prevención da dependencia, mantemento e mellora da saúde.

Inclúense nesta categoría dous tipos de obradoiros:

A.1. Obradoiros destinados a preservar ou mellorar as capacidades cognitivas e executivas da función cerebral: obradoiros de axilidade mental, memoria, risoterapia, novas tecnoloxías, etc.

A.2. Obradoiros destinados a preservar ou mellorar as capacidades físicas: pilates, chi-kung, movemento saudable, xerontoximnasia, xogoterapia, etc. Non se incluirán obradoiros para actividades deportivas destinadas a persoas maiores iguais ou semellantes ás desenvolvidas, por exemplo, pola Concellería de Deportes.

B.- Lecer e mellora das relacións sociais.

Nesta categoría incluiranse actividades de dous tipos:

B.1. Actividades e obradoiros con programación periódica: visitas a lugares de interese como museos, espazos naturais, cine, teatro, danza e outros espectáculos, rutas dentro do Concello de Vigo, etc.

B.2. Actividades sen programación previa.

5.2. Realización de rutas gratuitas en barco pola Ría de Vigo para as persoas maiores de 65 anos, que poderán ir acompañadas pola súa parella ou persoa de apoio (de ser necesario), menores de 65 anos.

5.3. Realización de viaxes en autobús por Galicia e o norte de Portugal.

**Art. 6. Características específicas das actividades do Programa.**

6.1. Actividades das categorías A.1. e A.2.

Trátase de actividades dirixidas a preservar ou mellorar as capacidades cognitivas e executivas e a preservar ou mellorar as súas capacidades físicas. Están destinadas ás persoas maiores de 65 anos, que poderán solicitar praza a través das distintas entidades ou ben directamente na Concellería de Política de Benestar Social.

Ofertaránse, alomenos, catro obradoiros distintos da categoría A.1. e catro da categoría A.2. para grupos de 20 persoas cun monitor. Os obradoiros iniciaranse cun mínimo de 15 per-

soas aínda que, en determinados casos, o monitor, para o bo desenvolvemento dos mesmos, poderá axustar o tamaño do grupo. Ademais, o Concello poderá incluír nos obradoiros demandados polas entidades ás persoas maiores que o solicitasen directamente no Concello.

Os obradoiros serán prioritariamente presenciais pero tamén poderán impartirse telemáticamente, segundo as necesidades do Programa. Por esta razón, os obradoiros incluirán, alomenos, unha primeira sesión de mellora das habilidades tecnolóxicas dos/as usuarios/as (optimización do uso do movil, tablet ou ordenador).
Os obradoiros planificaránse, preferentemente, para realizar unha sesión semanal de 1,5 horas desde o 1 de febreiro e ata o 15 de decembro, con vacacións desde o 15 de xuño ata o 15 de setembro.

Os obradoiros presenciais impartiránse en locais municipais, de asociacións ou entidades que cumpran os requisitos de espazo, ventilación, iluminación, etc., necesarios en función do obradoiro por desenvolver. Os lugares de impartición serán os designados en cada caso polo Concello de Vigo.

A Concellería de Política de Benestar Social aprobará a planificación elaborada polo adxudicatario sobre a programación anual destes obradoiros en función das solicitudes presentadas.

A duración dos obradoiros e a frecuencia poderían variar de ser necesario, sempre que non se supere o número de horas anuais de monitor para todos os obradoiros.

Finalizado o Programa anual de avellentamento activo, organizarase unha festa na que os distintos grupos presentarán ó resto unha mostra das actividades realizadas durante o ano.

6.2. Actividades da categoría A.2. exteriores.

Ofertarase a realización de actividades destinadas a preservar ou mellorar as capacidades físicas das persoas maiores en espazos públicos abertos da cidade, desde o 1 de xuño e ata o 30 de setembro.

Estas actividades programaranse, segundo as necesidades, nun máximo de dez (10) espazos da cidade para a realización dunha (1) sesión semanal de 2 horas. Os espazos serán designados pola Concellería de Política de Benestar Social en función da demanda e poderán modificarse de acordo coas necesidades.

Estas actividades contarán con dous monitores e non se fixará, en principio, un número máximo de participantes, a non ser que, por motivos sanitarios ou doutro tipo, así se recomende.

Para participar nestas actividades non será necesario presentar ningún tipo de solicitude.

6.3. Actividades de lecer con programación periódica da categoría B.1.

Incluirá actividades de visita a lugares de interese como museos, exposicións, espazos naturais ou rutas de sendeirismo dentro do Concello de Vigo. A duración máxima estimada das visitas será de tres horas para un número máximo de 50 persoas, en función do lugar a visitar. As visitas realizaranse co acompañamento de monitores na proporción dun monitor por cada 25 persoas. Os grupos contarán cun mínimo de 15 persoas para a realización da actividade.

As visitas ós museos realizaranse, preferentemente, no outono, aínda que poderán programarse durante todo o ano.

As solicitudes poderán presentarse por entidades ou individualmente, dirixidas á Concellería de Política de Benestar Social.

6.4. Actividades sen programación.

Trátase de actividades de interese para as persoas maiores (p.ex. charlas sobre saúde) que poden xurdir sen programación previa pero que aconsellan o acompañamento dun monitor.

As solicitudes poderán presentarse por entidades ou individualmente, dirixidas á Concellería de Política de Benestar Social. Os grupos deberán contar cun mínimo de 15 persoas e irán acompañados por un (1) monitor por cada 25 persoas.

6.5. Rutas en barco.
Trátase de rutas gratuitas en barco pola Ría de Vigo acompañadas dun monitor por cada cada 50 usuarios/as. As rutas terán unha duración entre 1,5 horas e 3 horas e deberá garantirse sempre a súa seguridade. Programaranse rutas para un máximo de 2.500 usuarios/as, que as solicitarán en grupos ou individualmente.

Os barcos deberán ser accesibles para persoas en cadeira de rodas para o 5% dos/as usuarios/as (125) e contar con todos os permisos e condicións de seguridade esixidas para a actividade a desenvolver.

Alomenos o 80% das rutas deberán realizarse no período de 1 de xuño a 30 de setembro. Durante este período programaranse, como mínimo, tres saídas semanais para que as entidades ou usuarios/as particulares poidan solicitalas.

No caso de suspensión dalgunha das saídas programadas por causas tales como a mala meteoroloxía, avarías, etc., ofertaranse outra/s data/s ás persoas inscritas.

6.6. Viaxes en autobús.

Dentro das actividades do Programa inclúese a realización de viaxes por Galicia e o norte de Portugal ata un total de 10.000 kms. Trátase de fomentar a convivencia e as relacións sociais entre as persoas maiores.

É un servizo de transporte adicional ós obradoiros do Programa de avellentamento activo e constitúe un complemento destes para poder levar a cabo aquelas actividades que se realicen fora dos centros e entidades nas que normalmente se imparten os obradoiros.

Excursións dun día de duración: recollida e regreso ó lugar de orixe para realizar unha visita a poboacións de interese cultural, histórico e paisaxístico de Galicia e o norte de Portugal, a lugares, centros ou actividades de interese paisaxístico, social, económico ou empresarial. As saídas están dirixidas a colectivos de persoas maiores empadroadas no Concello de Vigo que non se atopen residindo en centros privados ou en centros dependentes da Administración autonómica o estatal.

O número de prazas dispoñibles no autobús será de 55, podendo solicitarse cun mínimo de 40 persoas. O itinerario marcado na solicitude presentada no Concello non poderá variarse. As saídas non poderán superar ó longo do día a duración máxima de 12 horas. Os puntos de recollida e regreso dos/as pasaxeiros/as serán, como máximo, tres (incluído o de orixe) e faranse constar na solicitude.

## CAPÍTULO II
## PERSOAS USUARIAS

### Art. 7. Requisitos de acceso.

Este Programa está destinado ás persoas maiores de 65 anos empadroadas no Concello de Vigo. Serán requisitos esenciais para que as persoas interesadas poidan acceder ós servizos do Programa:

a) Estar empadroadas no Concello de Vigo.
b) Presentar, de ser o caso, a correspondente solicitude coa documentación complementaria necesaria, sempre que non estea xa en poder desta Administración.

No caso de que o obradoiro solicitado teña todas as prazas cubertas, a persoa solicitante quedará en lista de agarda ou ben poderá optar a outros obradoiros nos que sí existan prazas dispoñibles.

### Art. 8. Condicións de acceso ó servizo. Metodoloxía.

8.1. Obradoiros:

A Concellería de Política de Benestar Social recibirá as solicitudes das distintas asociacións veciñais, centros cívicos, entidades e asociacións que desenvolvan actividades con persoas maiores coas súas preferencias de obradoiros, horarios, nº de participantes, etc. Tamén se recibirán as solicitudes dos/as usuarios/as coas súas preferencias de obradoiros.

Solicitaranse, por orde de interese e segundo a súa temática, de entre os ofertados polo Concello, que procurará impartir os solicitados prioritariamente. De non ser posible, acordarase coas entidades o/s obradoiro/s a realizar.

Poderán solicitar máis dun obradoiro e a Concellería de Política de Benestar Social priorizará a realización de, alomenos, un (1) en cada entidade solicitante que cumpla os requisitos de espazo, ventilación, iluminación, etc.

Todas as solicitudes serán resoltas pola Concellería, que trasladará a información correspondente á entidade adxudicataria para que proceda á organización e calendarización dos

obradoiros así como á distribución das persoas usuarias nos mesmos. Ese calendario deberá ser aprobado pola Concellería.

O adxudicatario comprobará, entre outras cousas, que os espazos sexan axeitados para as actividades.

Poderanse levar a cabo de mañá ou de tarde, tendo en conta as preferencias das persoas participantes, a dispoñibilidade real das instalacións nas que se desenvolverán e tamén do/a monitor/a.

Non se concederá ningún obradoiro que non supere os 15 participantes.

8.2. Rutas en barco:

O Concello recibirá, a través do Rexistro municipal ou na forma que se determine as solicitudes das distintas entidades  e particulares. Nas solicitudes incluirase a data preferente para a realización da ruta entre as saídas programadas (tres semanais entre o 1 de xuño e o 30 de setembro). O Concello trasladará ó adxudicatario as solicitudes presentadas para a organización dos grupos nas diferentes rutas ofertadas.

Mensualmente, o adxudicatario enviará a Concellería de Política de Benestar Social a relación das persoas participantes nesas rutas.

8.3. Viaxes en autobús:

As entidades presentarán a súa solicitude no Rexistro municipal facendo constar o número de persoas participantes, obxectivo, itinerario, hora de saída e regreso, lugar de recollida e persoa responsable (nome e teléfono de contacto). A Concellería de Política de Benestar Social notificará a concesión ou denegación do servizo de autobús ó colectivo que presentou a solicitude. Unha vez concedido o servizo, se fose necesario facer algún cambio, este comunicarase á Concellería que, se procede, o notificará á empresa de autobuses.

**Art. 9. Perda da condición de usuaria.**

Perderase o dereito ós servizos incluídos no Programa polos seguintes motivos:

a)Renuncia voluntaria debidamente comunicada.
b)Incumprimento dos deberes establecidos nestas normas.
c)Ausencia ós obradoiros durante tres días consecutivos ou cinco alternos, sen xustificación.

**Art. 10. Dereitos das persoas usuarias.**

Os/as usuarios/as do Programa de avellentamento activo da Concellería de Política de Benestar Social «Vigo, cidade amiga dos maiores» terán os seguintes dereitos básicos:

1) A seren tratadas coa consideración debida á súa dignidade e ó respecto dos seus dereitos e liberdades fundamentais.
2) A seren informadas de xeito claro e preciso das súas normas de funcionamento.
3) A recibiren un trato respectuoso e profesional por parte do persoal adscrito ó Programa.
4) A que se respecten as súas conviccións cívicas, políticas, morais e relixiosas.
5) Á confidencialidade, sixilo e respecto en relación cos seus datos persoais, de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
6) A utilizar os servizos do Programa dispoñibles no horario e nas condicións establecidas.
7) A realizar as propostas, queixas e suxestións que consideren oportunas en relación cos servizos prestados.
8) Ó cese voluntario na utilización do servizo.
9) Os demais que lles outorgue a normativa vixente.

**Art. 11. Deberes das persoas usuarias.**

As persoas usuarias deste Programa terán os seguintes deberes básicos:

1) Respetar a dignidade persoal e profesional do persoal contratado para a prestación do servizo.
2) Observar as súas indicacións e manter, en todo momento, unha actitude colaboradora e facilitadora.
3) Poñer en coñecemento dos responsables do Programa as causas das ausencias ás actividades.

**Art. 12. Incumprimentos.**

O incumprimento grave e/ou reiterado dos deberes sinalados anteriormente poderá dar lugar á perda da condición de usuaria e, como consecuencia, á utilización dos servizos do Programa.

## CAPÍTULO III
## DIRECCIÓN E ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

**Art. 13. Dirección e organización xeral.**

Todo o persoal adscrito ó Programa estará sometido ó poder de dirección e organización do contratista sendo este o único responsable e obrigado ó cumprimento de cantas disposicións legais resulten aplicables ó caso; en especial, en materia de contratación, seguridade social, prevención de riscos laborais e tributaria.

En ningún caso terá ese persoal vinculación xurídico-laboral co Concello de Vigo, con independencia das facultades de control e inspección que legal e contractualmente lle corresponden.

O/A técnico/a municipal responsable do Programa ostentará as facultades de dirección, supervisión e coordinación precisas, sen prexuízo das superiores atribucións das Xefaturas de Servizo e Área de Benestar Social e da Concellería delegada de Política de Benestar Social.

**Art. 14. Relacións entre o Concello e o contratista.**

O contratista achegará a súa propia coordinación e xestión, sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados.

O responsable de coordinación xeral da empresa adxudicataria recibirá as directrices municipais para a axeitada atención dos/das usuarios/as e a boa marcha do Programa. Así mesmo, deberá manter unha adecuada coordinación co/a responsable técnico/a municipal do mesmo.

É responsabilidade municipal o control, fiscalización e avaliación continuada da execución deste Programa, así como as súas posibles modificacións.

En calquera momento, os/as responsables técnicos/as municipais poderán comprobar a materialización e calidade do servizo prestado polo contratista, así como recabar a información necesaria sobre o grao de satisfacción dos/as traballadores/as e das persoas usuarias deste Programa de avellentamento activo co desenvolvemento xeral do mesmo, para o que a empresa deberá elaborar cuestionarios e realizar enquisas de satisfacción de acordo coas pautas que estableza para o efecto o Servizo de Benestar Social.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Para o axeitado desenvolvemento e implementación destas normas, facúltase expresamente á Concellería delegada de Política de Benestar Social para tramitar e aprobar toda clase de documentos administrativos (formularios, manuais de organización e funcionamento, etc.) e para ditar as instrucións de funcionamento interno complementarias que sexan necesarias.

## 5(1038).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS INCLUÍDOS NO PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL: «VIGO, CIDADE AMIGA DOS MAIORES». EXPTE. 231895/301.

Visto o informe xurídico de data 02/12/2022 e o informe de fiscalización do 07/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 30/11/2022, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social e pola concelleira-delegada de Política Social, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución do 23.02.2022, a Concelleira delegada de Política de Benestar Social acordou iniciar o expediente para a contratación dos servizos incluídos no «PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL: «VIGO, CIDADE AMIGA DOS MAIORES», encomendando a súa tramitación ós servizos técnicos, xurídicos

e administrativos da Concellería delegada de Política de Benestar Social, en colaboración co Servizo de Contratación.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación asinado o 23.02.2022 polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira de Política de Benestar Social (trámite nº 5).

- Memoria Xustificativa para a contratación do servizo asinada o 24.11.2022 polo Xefe de Área de Benestar Social, conformada na mesma data pola Concelleira delegada de Política de Benestar Social (trámite nº 100).

- Memoria Económica subscrita polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada o 02.11.2022 (trámite nº 56).

- Prego de Prescricións Técnicas asinado o 30.09.2022 pola Xefa de Servizo e o Xefe de Área de Benestar Social (trámite nº 44).

- Declaración de neutralidade do redactor do PPT (Xefe de Área), asinado o 28.10.2022 (trámite nº 55).

- Documentos económicos (RCFUT1 115903 e RCFUT1 115904), asinados polo responsable da Contabilidade municipal, de data 03.11.2022 (trámites núms. 59-60).

- Informe da xefa do servizo de Contratación do 25.11.2022 sobre comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública (trámite nº 103).

- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) para a contratación do servizo por procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o 30.11.2022 (trámite nº 119).

## II. NORMATIVA RELACIONADA

- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).

- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2022 (https://transparencia.vigo.org).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

## III. INFORME

III.1. O obxecto do contrato é a contratación do desenvolvemento das actividades do Programa de avellentamento activo *"VIGO, CIDADE AMIGA DAS PERSOAS MAIORES"*, da Concellería de Política de Benestar Social, que ten por finalidade a prestación dun conxunto de actividades, obradoiros e viaxes ás persoas maiores de 65 anos para favorecer a vida saudable, a prevención da dependencia e reducir a soidade e así facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu contorno habitual.

III.2. Establécense tres (3) lotes:

LOTE I (obradoiros de actividades): as actividades poderán desenvolverse cunha programación periódica durante un tempo determinado (obradoiros) ou ben de forma aillada (visitas, charlas, etc.). Desenvolveránse en dúas categorías:

A.- Prevención da dependencia, mantemento e mellora da saúde.

Inclúense nesta categoría dous tipos de obradoiros:

A.1. Obradoiros destinados a preservar ou mellorar as capacidades cognitivas e executivas da función cerebral: obradoiros de axilidade mental, memoria, risoterapia, novas tecnoloxías, etc.

A.2. Obradoiros destinados a preservar ou mellorar as capacidades físicas: pilates, chi-kung, movemento saudable, xerontoximnasia, xogoterapia, etc. Non se incluirán obradoiros para actividades deportivas destinadas a persoas maiores iguais ou semellantes ás desenvolvidas, por exemplo, pola Concellería de Deportes.

B.- Lecer e mellora das relacións sociais.

Nesta categoría incluiranse actividades de dous tipos:

B.1. Actividades e obradoiros con programación periódica: visitas a lugares de interese como museos, espazos naturais, cine, teatro, danza e outros espectáculos, rutas dentro do Concello de Vigo, etc.

B.2. Actividades sen programación previa.

LOTE II (rutas en barco): realización de rutas gratuítas en barco pola Ría de Vigo para as persoas maiores de 65 anos, que poderán ir acompañadas pola súa parella ou persoa de apoio (de ser necesario), menores de 65 anos.

LOTE III (excursións en autobús): a actividade incluída neste lote consiste na realización de viaxes por Galicia e o norte de Portugal ata un total de 10.000 kms. Trátase de fomentar a convivencia e as relacións sociais entre as persoas maiores.

III.3. O Concello de Vigo carece dos medios humanos e técnicos necesarios para a prestación directa das actividades previstas neste Programa, polo que resulta absolutamente indispensable recorrer á súa contratación cunha empresa cualificada (Art. 116.4.f] LCSP).

III.4. Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2022, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 13.01.2022 (Exp. nº 6652/241).

III.5. Ó abeiro do disposto no Art. 29.4 pfo. 1º da LCSP, a duración prevista deste contrato será de dous (2) anos, con posibilidade de dúas (2) prórrogas dun (1) ano para os tres Lotes. Propónse contratar por dous (2) anos en tanto se realiza a "ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DAS CONDICIÓNS DE VIDA DAS PERSOAS MAIORES EN VIGO E PROPOSTA DUN PLAN ESTRATÉXICO DE ATENCIÓN" contratado pola Concellería de Política de Benestar Social (Exp. nº 224888/301), cuxos resultados poderían aconsellar introducir cambios na programación das actividades para os/as maiores.

III.6. O prezo do contrato é de 403.440,72€, IVE incluído, dos que 336.222,08€ corresponden ó prezo e 67.218,64€ ó IVE. O gasto poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.226.09.02 (*"Vigo, cidade amiga dos maiores"*) e a súa bolsa de vinculación.

III.7. Trátase dun contrato de servizos en función das necesidades da Administración, segundo o previsto na Disposición adicional trixésima terceira da LCSP. Adxudicarase polo total do prezo de cada lote e, en función dos prezos unitarios de adxudicación de cada un deles, o Concello disporá dun número de horas/monitor (Lote I), de viaxes en barco (Lote II) ou de kilómetros de autobús (Lote III) dos que fará uso segundo as necesidades do servizo.

III.8. De acordo co disposto no Art 116.1 da LCSP, o expediente de contratación iniciarase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos/as respectivos/as concelleiros/as de Área en virtude das Resolucións da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e do 26.06.2019, de delegación de competencias (2019-2023) nos/as concelleiros/as delegados/as de Área e do Acordo da XGL do 20.06.2019, polo que se delega nos/ concelleiros/as de Área, entre outras, a competencia para iniciar os expedientes de contratación na súas respectivas áreas competenciais (Apdo. Segundo, pto. 6). A Concelleira da Área de Política de Benestar Social, en Resolución do 23.02.2022, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.9. Constan nel, tal como esixe o Art. 116 da LCSP, a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas, redactado polas Xefaturas de Servizo e Área de Benestar Social, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 09.11.2022, redactado polo Servizo de Contratación e a demais documentación preceptiva, como así se reflicte no informe da Xefa do servizo de Contratación do 09.11.2022, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

III.10. Tendo en conta a súa contía (valor estimado = 739.688,58€), o procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto (tramitación ordinaria), non suxeito a regulación harmonizada. O contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación (Art. 22 LCSP; Cláusula 10 e Apdos. 1.G, 1.H, 1.I e 1.J das FEC).

III.11. O Art. 116.3, último pfo., da LCSP establece tamén que, ademais de incorporar ó expediente o/s certificado/s de existencia de crédito, deberá ser obxecto, antes da súa aprobación, de fiscalización previa por parte da Intervención xeral municipal.

III.12. Propónse tramitar este expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto, especificamente, no Art. 117.2 da LCSP e na Base de execución nº 29, no que se sinala que:

"*Ao abeiro do previsto no artigo 117.2 da LCSP, de 8 de novembro, poderán poderán tramitarse anticipadamente expedientes de gasto, cando estea presentado na Intervención Xeral o proxecto de orzamento xeral para o exercicio seguinte ao actual, así como no caso de modificacións de créditos. Tamén poderán tramitarse como expedientes anticipados de gasto no suposto que exista normalmente crédito adecuado e suficiente nos orzamentos e teña carácter de prorrogable por tratarse de gastos ou prestacións de tracto sucesivo. A tramitación dun expediente anticipado de gasto obriga a súa dotación orzamentaria, xa que agora non require que figure no PCAP a condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento, polo que resulta vinculante*".

III.13. Para estes efectos, faise constar que en sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 03.11.2022 foi aprobado o Proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023 (Expte. 76/142) que inclúe a aplicación nº 2310.226.09.02 *"Vigo, cidade amiga dos maiores"*, dotada con 201.791,61€ e coa que se financiaría nese ano o Programa.

III.14. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, apdos. 4º e 11º da LCSP en relación co seu Art. 117. A resolución, segundo o Art. 117.1 da LCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

## IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría xurídica do Concello (Disposición adicional oitava LRBRL e Disposición adicional terceira, Apdo. 8º LCSP) e da Intervención xeral municipal (Disposición adicional terceira, Apdo. 3º LCSP e Art. 214 TRLRFL), a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos incluídos no «PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL: «VIGO, CIDADE AMIGA DOS MAIORES», que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 100 e 56), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 44), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 30.11.2022 (trámite n.º119), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 59-60) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 117.2 da LCSP (L.9/2017) e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato, 403.440,72 € (IVE incl.), que se imputará á aplicación n.º 2310.226.09.02 (*"Vigo, cidade amiga dos maiores"*) dos orzamentos municipais e a súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades (con IVE):

LOTE I:

- 2023: 161.427,36 €
- 2024:  161.427,36 €

LOTE II:

- 2023:  23.353 €
- 2024:  23.353 €

LOTE III:

- 2023:  16.940 €
- 2024:  16.940 €

CUARTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(1039).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL RECAÍDA NO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E SERVIZO DE INFRAESTRUTURA DE ALTA DISPOÑIBILIDADE E FERRAMENTAS PARA AUTOMATIZACIÓN DE CENTRALIZACIÓN DE CLAVES, CUSTODIA DE CERTIFICADOS, SELADO DE TEMPO E VALIDACIÓN DE CERTIFICADOS. EXPTE. 9864/113.**
Dáse conta da proposta de data 12/12/2022, asinada pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

"1º.-Tomar razón da Resolución nº 222/2022 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 210/2022, interposto por IVNOSYS SOLUCIONES SLU contra o acordo de clasificación de ofertas na contratación dunha subministración e servizo de infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para automatización de centralización de claves, custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados, expediente 9864-113 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL inadmite o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Inadmitir o recurso interposto por IVNOSYS SOLUCIONES SLU en relación con actos da contratación dunha subministración e servizo de infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para automatización de centralización de claves, Páxina 2 de 3custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados, expediente 9864-113 do Concello de Vigo.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación e continuar coa tramitación do mesmo.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(1040).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL RECAÍDA NO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE PRESTACIÓN DA ESPECIALIDADE DA VIXILANCIA DA SAÚDE DE TODO O PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1533/2202.**

Dáse conta da proposta de data 12/12/2022, asinada pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

1º.-Tomar razón da Resolución nº 221/2022 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 209/2022, interposto por PREVISONOR, S.L. contra os pregos da contratación dun servizo de prestación da especialidade da vixilancia da saúde de todo o persoal do Concello de Vigo, expediente 1533-2202 do Concello de Vigo.

Na mesma o TACGAL inadmite o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Inadmitir o recurso interposto por PREVISONOR, S.L. contra os pregos da contratación dun servizo de prestación da especialidade da vixilancia da saúde de todo o persoal do Concello de Vigo, expediente 1533-2202 dese Concello.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación e continuar coa tramitación do mesmo.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(1041).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO MIXTO, DE SERVIZOS E OBRA, DO MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6820/241.**

Visto o informe de fiscalización de data 07/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 02/12/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a axefa do Servizo de contratación, a concelleira-delegada de Área, e coa conformidade da titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto mixto, de servizos e obra, do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto mixto, de servizos e obra, do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441) (PPT)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Na sesión do 28 de xaneiro de 2021 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e a apertura do procedemento de licitación para a contratación mixta, de servizos e obra, do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441).

**Segundo.-** A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 18 de maio de 2021, adoptou o seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de*

*xuño de 2019), o 10 de maio de 2021, de ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 5 de maio de 2021.*

2. *Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) o procedemento aberto mixto, de servizos e obra, para a contratación do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441) coas seguintes condicións:*

   - *O prezo total do contrato é de 8.400.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.457.851,24 euros, cunha porcentaxe de desconto do 24,52% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no Anexo III do PPT.*
   - *Propón 700 Km. de viais percorridos con fotografado de imaxes 360º e escaneado 3D, mediante Lidar Terrestre de viais municipais, con emprego de vehículo Mobile Mapping.*
   - *Propón 600 Km. de carril percorrido e xeración de mapa de estado dos viais en tempo real con Intelixencia Artificial, de acordo coas esixencias previstas no apartado 7.B.3 do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**Terceiro.-** O contrato formalizouse o día 10 de xuño de 2021 e a execución do contrato iniciouse ao día seguinte, por un prazo de 4 anos, prevéndose unha prórroga dun ano de duración.

**Cuarto.-** O 26 e 27 de setembro de 2022 o xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o técnico de Administración Xeral e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, coa conformidade do concelleiro delegado de Fomento e Servizos, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor "*da detección dunha serie de incidencias e necesidades nas infraestruturas municipais superiores ás previstas inicialmente, e que pola súa entidade superan o custo económico da anualidade en curso*".

**Quinto.-** Con data do 13 de outubro de 2022 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o 14 de outubro de 2022.

**Sexto.-** Evacuado trámite de audiencia ao contratista, o 18 de outubro de 2022, presentou aval para o reaxuste da garantía definitiva.

**Sétimo.-** O 19 de outubro de 2022 o licitador prestou a súa conformidade á modificación proposta (documento nº 220260268).

**Oitavo.-** Con data do 19 e 20 de outubro de 2022 formulouse proposta para a modificación do contrato, conformada pola concelleira delegada de Contratación e pola Asesoría Xurídica.

**Noveno.-** O 21 de outubro de 2022 a Intervención Xeral informa que non hai crédito dispoñible suficiente.

**Décimo.-** Con data do 1 e 2 de decembro de 2022, o xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o técnico de Administración Xeral e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, coa conformidade do concelleiro delegado de Fomento e Servizos emiten novo informe no que corrixen a distribución de anualidades do gasto proposto da modificación.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### -I-

### Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

### -II-

### Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de

interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigo 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato debido ao "*deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso*" e ao "*incremento do inventario de infraestruturas viarias obxecto do contrato*" (apartado 15.C da FEC), sinalando como aspectos a modificar "*o importe do orzamento máximo a causa dun incremento das operacións de mantemento, conservación e mellora das infraestruturas viarias obxecto do contrato*" (apartado 15.A da FEC) establecéndose como límite da modificación o 10% (apartado 15.D da FEC) e como especialidades, a seguinte: "*Non terá a consideración de modificación a variación que durante a correcta execución das prestacións se produza exclusivamente no número de unidades*

*realmente executadas sobre as previstas no contrato, as cales poderán ser recollidas na liquidación, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do prezo do contrato".*

A modificación obxecto deste informe vén motivada pola detección dunha serie de incidencias e necesidades nas infraestruturas municipais superiores ás previstas inicialmente, que pola súa entidade superan o custo económico da anualidade en curso. Informan ao respecto o xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o técnico de Administración Xeral e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, nas datas 1 e 2 de decembro de 2022 o seguinte:

*"Con data 18 de maio de 2021, a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar a CIVIS GLOBAL S.L. o procedemento aberto mixto, de servizos e obra, para a contratación do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo. Dito contrato foi asinado en data 10 de xuño de 2021, cun prazo de duración de 4 anos.*
*No Anexo III do Prego de prescricións técnicas reitor do contrato inclúense os cadros de prezos de aplicación durante a execución do contrato e no Anexo II a xustificación dos mesmos.*
*No transcurso do ano, a detección dunha serie de incidencias e necesidades nas infraestruturas municipais superiores ás previstas inicialmente, e que pola súa entidade superan o custo económico da anualidade en curso, fan necesaria a disposición de crédito, xa que o custo económico de resolvelas en conxunto, xunto coas labores habituais de conservación supera o disposto na anualidade vixente.*
*Entre outras actuacións que é necesario acometer, cabe destacar a reparación ou reconstrución de estruturas do viario municipal, a reparación de firmes, a renovación e instalación de elementos de contención en diferentes niveis, así como a reparación de esculturas e monumentos emblemáticos da cidade.*

*O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor do devandito contrato, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 28 de xaneiro de 2021, establece expresamente na Cláusula 35 que o contrato poderá ser obxecto de modificación se así se ten especificado no apartado 14.A das FEC.*

*O apartado das 14.B FEC, establece nos aspectos a modificar o importe do orzamento máximo a causa dun incremento das operacións de mantemento, conservación e mellora das infraestruturas viarias obxecto do contrato. Entre as circunstancias que determinan a modificación no apartado 14.C inclúe a seguinte:*

- *Un deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso*

*Tendo en conta a multitude de reclamacións telemáticas e presenciais que se recibiron, así como a campaña de revisión do estado estrutural dos diversos elementos existentes na vía pública, que puxo de manifesto un grado de deterioro superior ao previsto inicialmente, dan como resultado que, para garantir o correcto mantemento, conservación e arranxo do viario da cidade, evitando riscos á cidadanía, considerase necesario a modificación do citado contrato para incrementar as operacións de*

*reparación e mantemento.*

*Cos condicionantes anteriormente descritos, se recolle a continuación a valoración económica prevista para as principais actuacións que se deben executar e que motivan o presente modificado:*

***Reparación de estruturas de estradas municipais.***

*Se atoparon puntos en mal estado nos que se detectan deficiencias estruturais. Os que resulta máis necesario actuar están situado entre outros no Camiño Laxe (Sárdoma), rúa Brea (Lavadores), rúa Pinguela (Valadares), rúa Calexón (Sampaio-Lavadores) e rúa Rosal Florido (Sampaio-Lavadores), rúa Goleta (Candeán), estrada de Clara Campoamor (Beade), e o graderio da rúa A Garda (Coia).*
*Tamén, tras unha inspección rutinaria, constatouse que é necesario actuar no voladizo que se utiliza como beirarrúa na Avenida de Doña Fermina, no Monte da Guía.*
*Estímase necesaria a dispoñibilidade duns 360.000 € IVE excluído.*

***Reparacións de firmes***

*Tanto nas zonas rurais como na zona urbana do termo municipal, existen camiños e rúas necesitados de actuacións de reparación de firmes que superan ás necesidades estimadas inicialmente. O número destes camiños detectados e valorados é de máis de 120, repartidos en todas as parroquias do municipio.*
*Estímase necesaria a dispoñibilidade duns 331.735,54 € IVE excluído.*

***Reparación de esculturas, estatuas e demais elementos ornamentais instalados nas prazas e vías públicas municipais***
*No Prego de Prescricións Técnicas recollese a reparación destes elementos, nos cales , tras realizar a revisión e actualización do inventario municipal, atopáronse deficiencias entre outros nos seguintes: Escultura "A Familia" (rúa Vía Norte), grupo escultórico do túnel da Avenida Gregorio Espiño, Escultura do "Bicentenario" (rúa Venezuela) e grupo escultórico do artista Nelson Villalobos no Parque de A Paz (Avenida Emilio Martínez Garrido).*
*Estímase que o custe total destas reparacións ascende a un total de 300.000 €, IVE excluído.*

*A anualidade dispoñible para o presente ano 2022, que finaliza o 31 de decembro de 2022 é de 2.100.000 euros IVE engadido. O importe que representan as operacións ordinarias levadas a cabo ata o de agora e as de reparación e mantemento descritas anteriormente xa executadas arroxa unha valoración xa certificada de xaneiro a outubro de 2.095.596,60 euros, o que resta 4.403,40 euros para este contrato de novembro a decembro.*

*Tendo en conta o anterior, considerase necesaria a modificación do contrato por importe líquido adicional de* ***1.200.000, 00 euros,*** *o cal permitirá a execución cun alcance adecuado das tarefas de mantemento e conservación ordinarias obxecto do contrato, así como das actuacións necesarias para garantir a seguridade no viario municipal.*

*Á vista dos traballos a executar para a reposición das necesidades e afeccións detectadas, non é preciso a incorporación de materiais e unidades de obra novos non incluídos no Anexo III do Prego de prescricións técnicas.*

*Se presenta a continuación resumo económico do importe adicional do presente modificado:*

| | |
|---|---|
| *ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL* | *1.072.575,56 €* |
| *13% Gastos Xerais* | *139.434,82 €* |
| *6% Beneficio Industrial* | *64.354,54 €* |
| *1,5% Gestión de Residuos* | *16.088,63 €* |
| *2 % Seguridad y Salud* | *21.451,51 €* |
| *SUMA PARCIAL* | *1.313.905,06 €* |
| *Baixa de Adxudicación 24,52%* | *322.169,52 €* |
| *SUMA* | *991.735,54 €* |
| *21% IVE* | *208.264,46 €* |
| ***ORZAMENTO LÍQUIDO*** | ***1.200.000,00 €*** |

*Dita modificación será con cargo á aplicación orzamentaria 1532 210 00 01, coa seguinte distribución de anualidades:*

| | *Importe IVA engadido* |
|---|---|
| *2022* | ***50.000,00 €*** |
| *2023* | ***1.150.000,00 €*** |

*A modificación proposta non supera os límites establecidos no punto 14.C das FEC do 20% do prezo do contrato, xa que alcanza un 14,29 %.*

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que obedece ao deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación excede do importe previsto para a anualidade do contrato en curso.
- Supón un incremento do prezo do contrato de 1.200.000,00 euros, que equivale a un 14,29% do prezo do contrato, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20%, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites) e na DA 33ª da LCSP.

**-III-**

Concello de Vigo

**Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato**

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque aínda que o prezo primitivo do contrato é superior a 6.000.000 euros (8.400.000,00 euros), se trata dunha modificación prevista no PCAP. Evacuado o trámite de audiencia o contratista, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: o mantemento das infraestruturas viarias, competencia municipal propia de carácter obrigatorio a teor do disposto no artigo 25.2.d e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.2.d e 81.a da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 1.200.000,00 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 1532 210 00 01, coa seguinte distribución de anualidades:

| *Ano* | *Importe IVE incluído* |
|---|---|
| *2022* | *50.000,00 €* |
| *2023* | *1.150.000,00 €* |
| ***Total*** | ***1.200.000,00 €*** |

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será

obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

**-IV-**

**Do reaxuste da garantía definitiva**

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do "*5% do orzamento base de licitación excluído o IVE*", o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 49.586,78 euros.

O 18 de outubro de 2022, durante o trámite de audiencia concedido, o contratista xa presentou aval polo importe indicado. Consta no expediente o documento contable nº 202200111629 do 18 de outubro de 2022 xustificativo do depósito da garantía.

**-V-**

**Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola

lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

**-VI-**

**Recursos**

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2b da LCSP.

**-VII-**

**Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

**-VIII-**

**Acordo**

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

> *"1º.- Modificar o contrato mixto, de servizos e obra, do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441), nos termos sinalados neste informe.*
>
> *Esta modificación consiste na ampliación do orzamento máximo a causa dun incremento das operacións de mantemento, conservación e mellora das infraestruturas viarias obxecto do contrato debido ao deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación excede do importe previsto para a anualidade do contrato en curso.*
>
> *2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 1.200.000,00 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 1532 210 00 01, coa seguinte distribución de anualidades:*

| *Ano* | *Importe IVE incluído* |
|---|---|
| *2022* | *50.000,00 €* |
| *2023* | *1.150.000,00 €* |
| *Total* | *1.200.000,00 €* |

*Esta modificación representa un 14,29% do prezo do contrato.*

*3º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante".*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(1042).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCICULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE VIGO PARA OS PROGRAMAS "NADAL 2022" E "CABALGATA DE REIS 2023" . EXPTE. 9459/335.**

Visto o informe xurídico de 2/12/2022 e o informe de fiscalización do 12/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 30/11/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas e o concelleiro-delegado de Participación Cidadá, que di o seguinte:

A Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local na redacción conferida pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local establece que o Municipio exercerá, en todo caso, as competencias nos termos da lexislación de Estado e das Comunidades Autónomas e, entre outras materias a promoción da cultura e ocupación do tempo libre.

No ámbito destas competencias o Concello de Vigo a través do Servizo de Festas ten prevista a organización da Cabalgata de Reis 2023, no que participan de forma habitual empresas e entidades de Vigo.

Con data 3 de novembro de 2022 a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria aprobou as bases reguladoras e convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo.

Con data 11 de novembro de 2022 foi publicada no Boletín Oficial da Provincia, a convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo xunto cos a anexos I e III. En concreto para os programas: NADAL E CABALGATA DE REIS.

Concello de Vigo

No prazo estabelecido na base quinta da convocatoria, comprendido entre o 12 de novembro ao 26 do mesmo, presentáronse as seguintes entidades:

| ENTIDADE | CIF | TIPO DE COLABORA-CIÓN | VALORACIÓN ECO-NÓMICA |
|---|---|---|---|
| E7 2017,S.L. | B-27809805 | ESPECIE -CARROZA | 11.000,00 € |
| ALCAMPO, SAU | A-28.581.882 | ESPECIE -CARROZA | 12.000,00 € |
| GADISA RETAIL SLU | B-15735590 | ESPECIE -CARROZA | 8.050,00 € |
| EL CORTE INGLES | A-28017895 | ESPECIE -CARROZA | 10.000,00 € |
| ABANCA CORP.BANC. SA | A-70302039 | ESPECIE -CARROZA | 15.000,00 € |
| LA FE PREVISORA COMP. DE SEGUROS, SA | A-36601052 | ESPECIE -CARROZA | 12.938,00 € |

O día 29 de novembro de 2022 ás 10:00 horas, de acordo co estabelecido na base sétima das reguladoras de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo, reúnese para estudo das propostas anteditas a Comisión de avaliación que está composta por:

O Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, D. Pablo L. Rodríguez Estévez en calidade de Presidente, e a Xefa do Servizo de Festas Dna, Mª. Cristina Chao Polo en calidade de persoal técnico do Servizo de Festas.
Polo exposto, e previo o informe xurídico, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA:**

**Primeiro.**- Admitir as solicitudes de participación na comitiva da Cabalgata de Reis 2023 de acordo ao estabelecido na Acta de Avaliación asinada o de data 1 de decembro de decembro de 2022, relativa a resolución da convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo", seguintes:

| ENTIDADE | CIF | TIPO DE COLABORA-CIÓN | VALORACIÓN ECO-NÓMICA |
|---|---|---|---|
| E7 2017,S.L. | B-27809805 | ESPECIE -CARROZA | 11.000,00 € |
| ALCAMPO, SAU | A-28.581.882 | ESPECIE -CARROZA | 12.000,00 € |
| GADISA RETAIL SLU | B-15735590 | ESPECIE -CARROZA | 8.050,00 € |
| EL CORTE INGLES | A-28017895 | ESPECIE -CARROZA | 10.000,00 € |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ABANCA CORP.BANC. SA | A-70302039 | ESPECIE -CARROZA | 15.000,00 € |
| LA FE PREVISORA COMP. DE SEGUROS, SA | A-36601052 | ESPECIE -CARROZA | 12.938,00 € |

**Segundo.-** Comunicar a todas as empresas admitidas e recollidas no punto primeiro a aceptación da súa participación na Cabalgata de Reis 2023 que terá lugar o día 5 de xaneiro da partir das 11:00 de mañá coa temática de "FILMES INFANTÍS", así como ás condicións de participación e seguridade de obrigado cumprimento.

**Terceiro.-** Requirir as empresas colaboradoras seleccionadas á formalización do convenio de colaboración recollido na convocatoria para os programas: "nadal 2022" e "Cabalgata de Reis 2023" das bases reguladoras e convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socio-culturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo.

**Cuarto.-** Todas as empresas serán informadas sobre os temas relacionados coa organización e seguridade con antelación suficiente, estando obrigadas ao cumprimento das seguintes condicións mínimas:

- As carrozas non poderán superar a <u>altura máxima 4,00 metros</u> e unha lonxitude de 10 metros (sen contar a cabeza ou vehículo tractor) 2,50 de ancho.

- Coa fin de darlle unidade ao desfile é obrigatorio a adaptación da temática proposta: "FILMES INFANTÍS".

- O soporte da carroza poderá ser gabarra ou plataforma.

- As carrozas cumprirán a normativa prevista no Regulamento Xeral de Vehículos e normativa concordante, estarán dotadas de faldóns protectores no seu contorno, extintores e de todas as medidas necesarias para garantir a seguridade dos participantes, lonxitude e altura fixada, etc..

- O vehículo ou cabeza tractora da carroza deberá ter potencia suficiente para remolcar a plataforma ou gabarra.

- A utilización de imaxes de personaxes de debuxos animados ou películas na construción e deseño das carrozas terán que incluír a xestión do pagamento dos dereitos de imaxe das mesmas, ou a autorización expresa para súa utilización.

- Atendendo as peticións anuais das asociacións de persoas celíacas e persoas diabéticas, solicitámoslles que na medida do posible os caramelos lanzados dende as carrozas non conteñan nin glute nin azucre.

- Seguindo coa liña estética de anos anteriores, as carrozas municipais serán realizadas con luces LED, polo que solicitámoslle que, na medida do posible, os elementos que conforman as carrozas, estean fabricados con este tipo de iluminación.

- As carrozas levarán unha varanda protectora no contorno da mesma e o material empregado terá que ser ríxido e resistente.

**Quinto.-** Notificar ao interesado sinalando que contra a resolución que se adopte, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 10(1043).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA RENDICIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR. ANO 2022 (5ª). EXPTE. 102920/140.

Visto o informe de fiscalización do 14/12/2022, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

APROBACIÓN CONTAS XUSTIFICATIVAS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR (5º)

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2022.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

| *Habilitado* | *Nºpagamento* | *Aplicación orzamentaria* | *Importe librado* | *Importe xustificado* | *Data de pagamento* | *Data Real xusticación* | *Data legal de xustificación* | *Reintegro* | *S/ a favor* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Abalde Comesaña Raquel | 202200069370 | 9120.2310000 | 500,00 | 489,09 | 08/07/22 | 23/09/22 | 08/10/22 | 10,91 | --- |
| Abalde Comesaña Raquel | 202200080080 | 9120.2260100 | 2.500,00 | 2.537,50 | 08/08/22 | 30/08/22 | 08/11/22 | ---- | 37,50 |
| Candia Paz Carla | 202200115655 | 2410.2250200 | 9.407,46 | 9.407,46 | 31/10/22 | 14/11/22 | 31/01/23 | ---- | — |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Carballo Acuña Alberto | 202200101645 | 1320.2250200 | 1.000,00 | 793,64 | 06/10/22 | 07/11/22 | 06/01/23 | 206,36 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 202200119591 | 1320.2250200 | 1.000,00 | 835,40 | 15/11/22 | 17/11/22 | 15/02/23 | 164,60 | --- |
| Couce Senra Óscar | 202200082381 | 1532.2312000 | 300,00 | 17,00 | 22/08/22 | 18/11/22 | 18/02/23 | 283,00 | --- |
| Couce Senra Óscar | 202200116301 | 1610.2250001 | 4.725,00 | 4.725,00 | 04/11/22 | 21/11/22 | 04/02/23 | ---- | — |
| García Álvarez Luis | 202200059165 | 3371.2230000 | 305,00 | 177,48 | 17/06/22 | 26/09/22 | 17/09/22 | 127,52 | --- |
| García Álvarez Luis | 202200116037 | 9207.1620000 | 3.000,00 | 3.000,00 | 03/11/22 | 25/11/22 | 03/02/23 | ---- | --- |
| Núñez-Torrón López Jesús | 202200065266 | 2310.4810000 | 225.000,00 | 218.585,40 | 20/06/22 | 14/10/22 | 20/09/22 | 6.414,60 | --- |
| Núñez-Torrón López Jesús | 202200067603 | 2310.4800000 | 250.000,00 | 243.876,62 | 29/06/22 | 26/10/22 | 29/09/22 | 6.123,38 | --- |
| Vivero Mijares Antonio | 202200073724 | 1320.2312000 | 200,00 | 91,90 | 15/07/22 | 06/10/22 | 15/10/22 | 108,10 | --- |
| **TOTAL** | | | 497.937,46 | 484.536,49 | | | | 13.438,47 | 37,50 |

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

| Alcance da fiscalización | Si | Non |
|---|---|---|
| Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 202200059165 de García Álvarez Luis e 202200065266 e 202200067603 de Núñez-Torrón López Jesús. | ✔ | |
| A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración. | ✔ | |
| Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos. | ✔ | |
| Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante. | ✔ | |
| Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante. | ✔ | |

Resultado da fiscalización

| De conformidade | Con observacións | De disconformidade |
|---|---|---|
| | Non se rendiron no prazo normativamente establecido as ordes de pago a xustificar n.º 202200059165 de García Álvarez Luis e 202200065266 e 202200067603 de Núñez-Torrón López Jesús. | |

Concello de Vigo

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

**PROPOSTA**

En base á Resolución de data 18 de xuño de 2019, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, proponse a aprobación das seguintes:

| *Habilitado* | *Nºpagamento* | *Aplicación orzamentaria* | *Importe librado* | *Importe xustificado* | *Data de pagamento* | *Data Real xustica-ción* | *Data legal de xustificación* | *Reintegro* | *S/ a favor* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Abalde Comesaña Raquel | 202200069370 | 9120.2310000 | 500,00 | 489,09 | 08/07/22 | 23/09/22 | 08/10/22 | 10,91 | --- |
| Abalde Comesaña Raquel | 202200080080 | 9120.2260100 | 2.500,00 | 2.537,50 | 08/08/22 | 30/08/22 | 08/11/22 | ---- | 37,50 |
| Candia Paz Carla | 202200115655 | 2410.2250200 | 9.407,46 | 9.407,46 | 31/10/22 | 14/11/22 | 31/01/23 | ---- | — |
| Carballo Acuña Alberto | 202200101645 | 1320.2250200 | 1.000,00 | 793,64 | 06/10/22 | 07/11/22 | 06/01/23 | 206,36 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 202200119591 | 1320.2250200 | 1.000,00 | 835,40 | 15/11/22 | 17/11/22 | 15/02/23 | 164,60 | --- |
| Couce Senra Óscar | 202200082381 | 1532.2312000 | 300,00 | 17,00 | 22/08/22 | 18/11/22 | 18/02/23 | 283,00 | --- |
| Couce Senra Óscar | 202200116301 | 1610.2250001 | 4.725,00 | 4.725,00 | 04/11/22 | 21/11/22 | 04/02/23 | ---- | — |
| García Álvarez Luis | 202200059165 | 3371.2230000 | 305,00 | 177,48 | 17/06/22 | 26/09/22 | 17/09/22 | 127,52 | --- |
| García Álvarez Luis | 202200116037 | 9207.1620000 | 3.000,00 | 3.000,00 | 03/11/22 | 25/11/22 | 03/02/23 | ---- | --- |
| Núñez-Torrón López Jesús | 202200065266 | 2310.4810000 | 225.000,00 | 218.585,40 | 20/06/22 | 14/10/22 | 20/09/22 | 6.414,60 | --- |
| Núñez-Torrón López Jesús | 202200067603 | 2310.4800000 | 250.000,00 | 243.876,62 | 29/06/22 | 26/10/22 | 29/09/22 | 6.123,38 | --- |
| Vivero Mijares Antonio | 202200073724 | 1320.2312000 | 200,00 | 91,90 | 15/07/22 | 06/10/22 | 15/10/22 | 108,10 | --- |
| **TOTAL** | | | 497.937,46 | 484.536,49 | | | | 13.438,47 | 37,50 |

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(1044).- RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS NO EXPEDIENTE PARA A PROPOSTA DE NOMEAMENTO DUN TECNICO/A DE**

**ADMÓN. XERAL DA ÁREA DE SEGURIDADE E MOBILIDADE. EXPTE. 40843/220.**

Dáse conta do informe-proposta de data 12/12/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** En data de 04/10/2022 a concelleira delegada competente en materia de persoal, logo da solicitude de persoal pola Area de Seguridade e Mobilidade, ordenou a incoación de expediente para a incorporación de persoal na modalidade oportuna legalmente para a cubrir o posto de asesor xurídico adxunto da área referida, en situación de liberado sindical.

**II.-** O 05/10/2022 remítese dilixencia á Area de Benestar Social **"***Á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica e comprobados os datos obrantes na Área de RRHH e Formación, a seguinte persoa á que lle correspondería o chamamento, é a funcionaria de carreira N. Pérez Lorenzo con nº de persoal 81581, adscrita ao servizo de Benestar Social.*
*Segundo os criterios aprobados de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), en canto aos funcionarios de careira que están nas listas de reserva, ao depender o nomeamento da concesión de excedencia, en aras a eficiencia da Área de RRHH e Formación, solo se ofrecerá o nomeamento previo informe favorable á posible excedencia emitido polo servizo de adscrición da funcionaria de carreira, sen que proceda a substitución da mesma. En consecuencia, e ao obxecto de ofrecer o nomeamento á N. Pérez Lorenzo con nº de persoal 81581, se solicita informe á posible excedencia."*

**III.-** O 18/10/2022 a xefatura de área de Benestar Social e concellería competente informa que **"***II.1. A empregada pública municipal N. Pérez Lorenzo desempeña os seus cometidos administrativos, dentro do Servizo de Benestar Social, no "Servizo de Axuda ó Fogar" (SAF), dirixido á atención directa de máis de 1.000 persoas en Vigo, a maioría en situación de dependencia ou con graves limitacións da súa autonomía, ofrecéndolles os coidados persoais máis necesarios para mellorar a súa calidade de vida e posibilitar a permanencia no seu contorno de convivencia habitual.*

*II.2. Tendo en conta as graves carencias de persoal que ven padecendo desde hai anos o Servizo de Benestar Social (comunicadas reiteradamente á Concellería e Área de RRHH) e, en concreto, os escasos efectivos dispoñibles para a xestión municipal do SAF e as nulas posibilidades de reorganización interna, non sería posible informar favorablemente a eventual excedencia da interesada para o seu nomeamento interino como TAX de non garantirse a súa inmediata substitución.*

*II.3. Se os criterios de xestión das listas de reserva da Área de RRHH e Formación non impedisen esa substitución, non existiría ningún problema por parte desta Xefatura de Servizo en informar favorablemente a excedencia de Noa Pérez Lorenzo. Tal substitución permitirialle o acceso a un posto de categoría superior sen prexudicar o normal funcionamento do Servizo de Benestar Social que, en todo caso, debe quedar sempre debidamente garantido."*

**IV.-** Logo de comunicar á Sra. Pérez a orde de incoación de expediente e o contido do informe da xefatura da área se outorgou un prazo de 10 días para presentar a documentación ou alegacións que teña por conveniente; o que fixo a mesma dentro do prazo outorgado.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**I.-** Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-xurídico emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iuditium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

**II**.- A) Na primeira, segunda e terceira alegación "Manifestación da condición de interesada no procedemento administrativo", "Vulneración do dereito de alegacións" e "Vulneración dos dereitos do interesado no procedemento administrativo" respectivamente, a Sra. Pérez manifesta que non se lle notificou a orde de incoación do expediente, o que entende que é obrigado en base ao artigo 21.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), que non puido formular alegacións antes do trámite de audiencia o que vulnera o artigo 76,1 da LPAC, e vulneración do artigo 53 do mesmo corpo legal.

Todo elo sobre a base de que entende ten a condición de interesada por estar incluída no artigo 4.1 da LPAC apartado b) "Los que, sin haber iniciado el procedimiento, tengan derechos que puedan resultar afectados por la decisión que en el mismo se adopte."

Ao respecto indicar que é preciso distinguir a existencia dun dereito dunha mera expectativa, e neste caso, as persoas integrantes nunha lista de reserva, ostentan unicamente "unha expectativa de dereito" a unha contratación ou nomeamento futuro. Esta cuestión foi xa resolta por medio de dous sentenzas en sendos recursos de casación para unificación de doutrina, sinalando que a inclusión nunha bolsa ou lista de espera da lugar a favor da persoa inscrita unicamente a unha expectativa de dereito, en concreto a STS 12/12/1997 e 19/01/1999 nas que se afirma: "no cuestionan las bases de selección, ni la actuación del Tribunal calificador, ni se combate una fase o incidencia del proceso selectivo, limitándose, tan solo, a pedir que se respete el orden de prelación establecido ... discutiéndose, sobre "una expectativa de derecho a ser contratado laboralmente una persona *por considerar preferente a otra dado el orden fijando en unas listas de espera confeccionadas por la propia Administración recurrente*", "*en este tipo de casos no se cuestionan jurisdiccionalmente verdaderos derechos adquiridos a los puestos de trabajo en cuestión, sino solamente meras "expectativas de derechos" a los mismos. Y siendo esto así, frente a lo en ellas sostenido, la incompetencia de la Jurisdicción es clara, puesto que dichas meras "expectativas" ni siquiera pueden fundar la existencia de un precontrato que*

*de existir, si quedaría comprendido en el ámbito del Orden Social de la Jurisdicción; todo ello con independencia de que las "listas" controvertidas hayan sido elaboradas por la Administración Pública, bien en virtud de reglas o bases contenidas en normas reglamentarias, bien como consecuencia de acuerdos con las Organizaciones sindicales*."

Polo tanto a Sra. Pérez non ten a condición de interesada no senso que indica xa que non está incluída no apartado 4.1 da LPAC apartado b) "Los que, sin haber iniciado el procedimiento, tengan derechos que puedan resultar afectados por la decisión que en el mismo se adopte."

Non obstante, incoado o expediente, como integrante de lista de reserva de Técnico de administración xeral, para seu coñecemento e á vista do informe do servizo de Benestar Social referido no punto III dos antecedentes de este informe, deuse traslado á Sra. Pérez para formular alegacións, o que fixo dentro do prazo indicado.

B) Nas seguintes alegacións (da cuarta á duodécima) manifesta "Vulneración da normativa reguladora do procedemento administrativo","Vulneración do dereito fundamental de igualdade e non discriminación" , "Vulneración dos principios de acceso á función pública", "Vulneración dos principios xerais do dereito da nosa Constitución", "Ausencia de motivación xurídica", "Anormal solicitude de excedencia sen consentimento da titular", ... Resumindo considera que o establecido nos criterios de xestión de listas de reserva vulnera a normativa vixente, que se vulnera o principio de igualdade, que entende que ten dereito á excedencia por interese particular sin necesidade do informe do servizo, e subsidiariamente á excedencia por prestación de servizos no sector público, e carencia de título legal para impedir a substitución referida nos criterios de xestión de listas de reserva. Por último, en canto ao funcionamento das listas de reserva, alega falta de transparencia.

Sobre esa base solicita que ó área de RRHH e Formación notifique a proposta de incorporación dun Técnico de administración xeral e asegure su dereito a aceptar o nomeamento; que ante a renuncia expresa da aspirante, non lle penalice por estar prestando servizos na administración pública; que no suposto de aceptación se lle conceda de oficio a excedencia estipulada no artigo 173.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e en su defecto a excedencia por prestación de servizos no Sector Público.

Chegados a este punto, e sen prexuízo de reiterar o manifestado no punto primeiro, - os integrantes das listas de reserva ten unicamente unha expectativa de dereito- , é preciso referirnos a diversas cuestións:

1.- Criterios de xestión de listas de reserva-. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de 18/08/2022, acorda aprobar os criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das Ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo. (expte 36685-220) que foron publicados no BOPPO nº 167 de 01/09/2022. Os mesmos teñen como finalidade recoller unhas regras de funcionamento interno para público coñecemento, establecer un marco de seguridade xurídica nesta materia e dotar de transparencia e publicidade ao funcionamento das listas de reserva, para

que todas as persoas integrantes das mesmas teñan coñecemento dos criterios en función dos cales van a ser chamados.

Neles se trata de conciliar os dereitos das persoas integrantes das listas e a satisfacción das necesidades dos servizos ou áreas do Concello de Vigo, con pleno respecto á legalidade. Así os criterios inclúen unha serie de apartados relativos a, quen forma parte das listas de reserva, os dereitos das persoas integrantes das mesmas, que non é outro que o de ser chamados nos supostos previstos legalmente, como se efectúan os chamamentos, cando se considera xustificada a renuncia, validez das mesmas, a previsión dunha comisión de seguimento técnico-sindical para solución de incidencias, e a previsión dunha declaración responsable na solicitude de persoal interino para que as xefaturas dos servizos teñan coñecemento do marco normativo actual e realice as solicitudes segundo o mesmo.

Os ditos criterios establecen un apartado que a Sra. Pérez entende que va en contra da normativa, e o seguinte: "En canto aos funcionarios de carreira que están nas listas de reserva, ao depender o nomeamento da concesión de excedencia, en aras a eficiencia da Área de RRHH e Formación, solo se ofrecerá o nomeamento previo informe favorable á posible excedencia emitido polo servizo de adscrición do funcionario de carreira, sen que proceda o substitución do funcionario de carreira."

Indicar que, en relación con este concreto punto dos referidos criterios, (os cales foron sometidos a negociación, aprobados en Xunta de Goberno Local e publicados no BOPPO 01/09/2022), non consta alegación algunha. Por outra banda, se entende que o criterio é conforme tanto coa regulación existente en materia de situacións administrativas, como coa normativa de función pública que regula o recurso ao persoal interino, elo polos motivos seguintes.

2.- Situacións administrativas. Excedencia posible para o caso de que un funcionario de carreira pase a prestar servizos como funcionario interino.

O artigo 140 do Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes prevé: "*Las situaciones en que pueden hallarse los funcionarios de carrera de la Administración local serán las siguientes:*
*a) Servicio activo.*
*b) Servicio en Comunidades Autónomas.*
*c) Excedencia forzosa o voluntaria.*
*d) Servicios especiales.*
*e) Suspensión.*
*2. Dichas situaciones se regularán por la normativa básica estatal, y por la legislación de función pública de la respectiva Comunidad Autónoma y, supletoriamente, por la legislación de los funcionarios de la Administración del Estado, teniéndose en cuenta las peculiaridades del régimen local.*

O artigo 89 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, normativa básica na materia, dispón no apartado 2. "*Los funcionarios de carrera podrán obtener la excedencia voluntaria por interés particular cuando hayan prestado servicios efectivos en cualquiera de las Administraciones Públicas durante un periodo mínimo de cinco años inmediatamente anteriores.*
*No obstante, las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo del presente Estatuto podrán establecer una duración menor del periodo de prestación de servicios exigido para que el funcionario de carrera pueda solicitar la excedencia y se determinarán los periodos mínimos de permanencia en la misma.*

*La concesión de excedencia voluntaria por interés particular quedará subordinada a las necesidades del servicio debidamente motivadas. No podrá declararse cuando al funcionario público se le instruya expediente disciplinario.*
*Procederá declarar de oficio la excedencia voluntaria por interés particular cuando finalizada la causa que determinó el pase a una situación distinta a la de servicio activo, se incumpla la obligación de solicitar el reingreso al servicio activo en el plazo en que se determine reglamentariamente.*
*Quienes se encuentren en situación de excedencia por interés particular no devengarán retribuciones, ni les será computable el tiempo que permanezcan en tal situación a efectos de ascensos, trienios y derechos en el régimen de Seguridad Social que les sea de aplicación.*"

O artigo 173 da Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia,

*Artículo 173. Excedencia por interés particular.*

*1. El personal funcionario de carrera puede obtener la excedencia por interés particular cuando haya prestado servicios efectivos en cualquiera de las administraciones públicas durante un período mínimo de tres años inmediatamente anteriores a la solicitud. Para reingresar en el servicio activo será preciso haber permanecido en esa situación al menos un año.*
*2. La concesión de la excedencia por interés particular queda subordinada a las necesidades del servicio debidamente motivadas. No puede declararse cuando al personal funcionario se le instruya expediente disciplinario.*
*3. Asimismo, el personal funcionario de carrera será declarado en la situación de excedencia por interés particular:*
*a) Cuando no tome posesión en el plazo establecido de un puesto de trabajo adjudicado por concurso o por libre designación, en los supuestos y términos que reglamentariamente se determinen.*
*b) Cuando se encuentre a disposición del órgano competente o adscrito provisionalmente a un puesto de trabajo e incumpla las obligaciones establecidas en el apartado quinto del artículo 97.*
*c) Cuando, finalizada la causa que determinó el pase a una situación administrativa distinta a la de servicio activo, incumpla la obligación de solicitar el reingreso al servicio activo en los plazos previstos por esta ley.*
*d) Cuando pase a prestar servicios en cualquier Administración pública, organismo, agencia o entidad del sector público como personal funcionario interino o como personal laboral con contrato temporal o declarado indefinido por sentencia judicial firme, o en entidades que queden excluidas de la consideración de sector público a efectos de lo previsto en la letra b) del apartado primero del artículo 174.*
*4. Las personas que se hallen en situación de excedencia por interés particular no devengarán retribuciones, ni será computable el tiempo que permanezcan en la misma a efectos de ascensos, trienios y derechos en el régimen de Seguridad Social que sea de aplicación.*

O Real Decreto 365/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Civiles da Administración Xeral do Estado, no artigo 16 dedicada á Excedencia voluntaria por interese particular.

*"1. La situación de excedencia voluntaria por interés particular se declarará a petición del funcionario o, de oficio, en los supuestos establecidos reglamentariamente.*
*2. Para solicitar la declaración de la situación de excedencia voluntaria por interés particular será preciso haber prestado servicios efectivos en cualquiera de las Administraciones Públicas durante los cinco años inmediatamente anteriores a la solicitud.*
*3. Cada período de excedencia tendrá una duración no inferior a dos años continuados ni superior a un número de años equivalente a los que el funcionario acredite haber prestado*

*en cualquiera de las Administraciones Públicas, con un máximo de quince. 4. En las resoluciones por las que se declare esta situación se expresará el plazo máximo de duración de la misma. La falta de petición de reingreso al servicio activo dentro de dicho plazo comportará la pérdida de la condición de funcionario. 5. La concesión de esta excedencia quedará, en todo caso, subordinada a las necesidades del servicio. No podrá declararse a solicitud del funcionario cuando al mismo se le instruya expediente disciplinario..."*

A Sra. Pérez entende que non é necesario o informe favorable do servizo, e que procede declarala de oficio en situación de excedencia por interese particular.

Non obstante do tenor literal da normativa referida non se desprende o manifestado pola alegante. A normativa básica de aplicación establece claramente que "*La concesión de la excedencia por interés particular* ***queda subordinada*** *a las necesidades del servicio debidamente motivadas."* A lei de emprego público non excepciona a subordinación da concesión da excedencia a ese informe favorable. O Real Decreto 365/1995, no mesmo senso establece claramente que "en todo caso" la excedencia por interese particular queda subordinada ás necesidades do servizo.

Polo tanto a concesión de excedencia por interese particular, segundo se establece na normativa de aplicación referida, está subordinada as necesidades do servizo.

Subsidiariamente solicita que se lle declare de oficio en excedencia por prestación de servizos no Sector público prevista no artigo 174.1 a) da Lei de Emprego Público de Galicia.

Sin embargo esta excedencia non é de aplicación ao caso que nos ocupa, -funcionaria de carreira que pasa a prestar servizos como funcionaria interina-. Primeiro porque a Lei de emprego público de Galicia establece que claramente que neste caso procede declarar en situación de excedencia por interese particular, e en segundo lugar porque o Real Decreto 365/1995, prohíbeo expresamente, así no artigo 15 determina que: "Procederá declarar, de oficio o a instancia de parte, en la situación regulada en este artículo a los funcionarios de carrera que se encuentren en servicio activo en otro cuerpo o escala de cualquiera de las Administraciones públicas, salvo que hubieran obtenido la oportuna compatibilidad, y a los que pasen a prestar servicios como personal laboral fijo en organismos o entidades del sector público y no les corresponda quedar en las situaciones de servicio activo o servicios especiales**. El desempeño de puestos con carácter de funcionario interino o de personal laboral temporal no habilitará para pasar a esta situación administrativa."**

Así as cousas, cabe concluír que é preciso a declaración de excedencia por interese particular para que un funcionario de carreira pase a prestar servizos como funcionario interino, e a declaración de dita excedencia está subordinada ao informe favorable do servizo segundo establece a normativa de aplicación.

Os criterios de xestión de listas de reserva, son polo tanto conformes coa normativa, recollendo expresamente que "*ao depender o nomeamento da concesión de excedencia, en aras a eficiencia da Área de RRHH e Formación, solo se ofrecerá o nomeamento previo informe favorable á posible excedencia emitido polo servizo de adscrición da funcionaria de carreira, sen que proceda a substitución da mesma."*

Alega tamén a Sra. Pérez ausencia de motivación xurídica do principio de eficiencia e anormal solicitude de excedencia sen consentimento do seu titular.

Os criterios indican unha forma de actuación que se entendeu a mais eficiente aos efectos de tramitación do expediente e que en modo algún implica unha solicitude de excedencia en nome de ninguén. O procedemento é o seguinte, no caso de que un funcionario de carreira forme parte dunha lista de reserva, se solicita informe ao servizo aos efectos de que informe sobre a posible excedencia. Si o informe é favorable, se ofrece o nomeamento. Se é desfavorable, se comunica á persoa dando prazo para alegar o que teña por conveniente.

Evidentemente o informe favorable á excedencia, non implica que a persoa sea declarada en excedencia, se non que tería que solicitalo, ou ben aceptar o nomeamento coas consecuencias xurídicas inherentes á aceptación, que sería a declaración de oficio de excedencia por interese particular en aplicación do artigo 173.3 d), o que sería posible ao ter informe favorable do servizo.

Non hai polo tanto vulneración algunha, a Sra. Pérez como calquera integrante da lista de reserva tivo a oportunidade de alegar e solicitar o que considerou oportuno, como de feito o fixo.

3.- <u>Imposibilidade de substitución do funcionario de carreira pola concesión de excedencia por interese particular</u>.

En canto a imposibilidade de substitución do funcionario de carreira referida nos criterios, se entende tamén conforme a normativa de aplicación.

En primeiro lugar, cando a lei subordina a concesión dunha excedencia ás necesidades do servizo, se entende que se informa favorablemente si se pode prescindir da posto, xa que si fora posible a súa substitución inmediata pouco sentido tería un informe subordinado ás necesidades do servizo.

Por outra banda, aínda que se entendese o contrario, a substitución inmediata tampouco é viable. Na excedencia por interese particular non hai reserva do posto de traballo, polo tanto non é posible acudir ao nomeamento por substitución contemplado no artigo 10.1 c) do TREBEP. A praza quedaría vacante e podería incluírse na seguinte Oferta de Emprego Público computando na taxa de reposición que se aplica sobre a diferencia entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos e o número de empregados fixos que se incorporaran por calquera causa. A partir de ahí, no caso de concorrer as circunstancias indicadas no artigo 10.1 a) do TREBEP poderíase proceder a súa cobertura.

Neste punto parece oportuno a seguinte re*flexión.* Compre lembrar que nas Administracións Públicas, os postos de traballo, en principio e con carácter xeral, son ou deberían estar ocupados por funcionarios de carreira o no seu caso por persoal laboral fixo. Sen embargo o problema da temporalidade no emprego público arrástrase de hai moitos anos sendo que numerosas voces xa chamaron a atención sobre este asunto afirmando que precisamente un dos problemas máis destacados no panorama do emprego público español é precisamente a precariedade, entendendo isto como a existencia de traballadores, funcionarios e persoal de todo tipo, vinculado coa Administración Pública, a través de réximes xurídicos temporais ou interinos.

O recurso a persoal interino unicamente é posible por razóns inaprazables e expresamente xustificadas de necesidade e urxencia. O lexislador non ten definido os conceptos de excepcionalidade, urxencia, inaprazable, correspondendo a cada Administración determinalos, e o problema ven porque con demasiada frecuencia estes conceptos foron desvirtuados provocando un exceso de temporalidade. Elo levou á necesidade de adopción de medidas inmediatas para remediar esta elevada temporalidade existente no sector público e a articulación de disposicións eficaces para prever e sancionar o fraude na utilización da provisionalidade.

Así, esta excepcionalidade que xa estaba contemplada no TREBEP foi reforzada logo da entrada en vigor da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (LTEP), que precisamente pretende reforzar o carácter temporal da figura do persoal interino. Neste contexto e tratando de cumprir o disposto na Disposición Adicional 17ª no TREBEP, que establece que “*as Administracións Públicas promoverán, nos seus ámbitos respectivos, o desenvolvemento de criterios de actuación que permitan asegurar o cumprimento de esta disposición, así como unha actuación coordinada dos distintos órganos con competencia en materia de persoal”,* foron aprobados os criterios de xestión de listas de reserva.

Pois ben, neste escenario e aos efectos de valorar a urxencia e a necesidade de cobertura interina dunha praza, é diferente a situación si a mesma está vacante por xubilación ou falecemento que si é como consecuencia de informar favorablemente a posibilidade de concesión dunha excedencia voluntaria por interese particular.

Soster un argumento contrario sería precisamente favorecer a temporalidade no emprego público, sendo que o persoal funcionario de carreira que forma parte de listas de reserva en outras categorías poderían acceder a nomeamentos temporais deixando as prazas as que accederon como persoal funcionario de carreira vacantes.

Por último, indicar que todos os mecanismos previstos para a cobertura temporal de postos, están previstos para situacións excepcionais e urxentes.

**III.- Principio de igualdade.-**

Manifesta a Sra. Pérez a desigualdade no tratamento de ela en relación co resto dos integrantes das listas de reserva, o que considera que vai en contra do disposto no artigo 14 e 23.2 da Constitución española. Alega “*indefensión, inseguridade xurídica, incertidumbre, falta de motivación xurídica, etc*”

En palabras do Tribunal Constitucional (STC 49/1982) “*La igualdad a que el art. 14 se refiere es la igualdad jurídica o igualdad ante la ley, no comporta necesariamente una igualdad material o igualdad económica real y efectiva. Significa que a los supuestos de hecho iguales deben serle aplicadas unas consecuencias jurídicas que sean iguales también y que para introducir diferencias entre los supuestos de hecho tiene que existir una suficiente justificación de tal diferencia, que aparezca al mismo tiempo como fundada y razonable de acuerdo con criterios y juicios de valor generalmente aceptados*».

A discriminación é así a diferencia arbitraria, é a desigualdade de tratamento das persoas carente de xustificación obxectiva e razoable, así como o tratamento igual de persoas que se encontran en situacións nas que hai diferencias xurídicas relevantes, que obrigarían a un

tratamento diferenciado. Así a xurisprudencia do  Tribunal Constitucional relativa a igualdade é a aristotélica ou tradicional, que ordena tratar igual aos iguales e desigual a os desiguaiss.

Neste caso non hai vulneración algunha do principio de igualdade xa que a situación da Sra. Pérez en relación cos restantes integrantes das  listas de reserva é moi diferente. Ela é funcionaria de carreira que tomou posesión dun posto no concello de Vigo como auxiliar administrativa, o que leva consigo dereitos e deberes. Os integrantes das listas de reserva por regra xeral non son funcionarios de carreira, e si o son, están na mesma situación que ela.  Si quere estar na mesma situación que os restantes integrantes da listas de reserva, pode renunciar a praza como funcionaria de carreira. Se non, dado que é de aplicación a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas que prohibe desenvolver dous postos á vez, a opción é a solicitude dunha excedencia por interese particular nas circunstancias expostas no fundamento anterior de esta resolución.

**IV.- Falta de publicidade das listas.**

En relación coa falta de publicación das listas de reserva, indicar que os acordos de Xunta de Goberno que aproban as mesmas, son públicos. O estado no que se atopan os nomeamentos en cada unha das listas, estiveron publicadas na páxina web municipal ata o 26/10/2022., estando na data actual pendente de actualizar o programa informático de xestión das listas de reserva. Non obstante a información está a disposición na Área de RRHH e Formación e é facilitada a toda persoa que o solicita.

**V.- Conclusións.**-

En atención a todo o exposto:

- Non procede en atención ao disposto nos fundamentos de este informe e por aplicación dos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO 01/09/2022) ofrecer o chamamento como técnico de administración xeral a Sra. Pérez Lorenzo.
- Non procede a declaración de  excedencia estipulada no artigo 173.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, nin no seu defecto a excedencia por prestación de servizos no Sector Público.

En atención a todo o exposto, de conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira-Delegada da Área de Seguridad, Contratación e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO**:

**Primeiro.-** De conformidade co Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta se desestima a solicitude presentada pola Sra. Pérez Lorenzo (doc nº 220286342) na petición principal e subsidiaria:

- Non procede o ofrecemento do chamamento como técnico de administración xeral a Sra. Pérez Lorenzo.
- Non procede a declaración de excedencia estipulada no artigo 173.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, nin a excedencia por prestación de servizos no Sector Público.

**Segundo.-** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(1045).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DO DEPARTAMENTO ADMINISTRATIVO DE ALCALDÍA. EXPTE. 1713/110.**

Visto o informe de fiscalización de data 02/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 01/12/2022, asinado pola secretaria de Admón. Municipal e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022 xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022 e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020.

En data 30.09.2021 publicouse no BOP de Pontevedra o acordo de aprobación definitiva máis o anexo I da relación de postos de traballo.

En data 8.11.2022 por Resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal incoouse o procedemento de provisión de posto de traballo da Xefatura Do Departamento Administrativo de Alcaldía baixo a instrución da Secretaria de Administración Municipal.

Na relación de postos vixente aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 23.09.2022 publicada no BOP de Pontevedra de data 30.09.2022 figura o posto

de traballo da xefatura do departamento administrativo da Alcaldía. Dito posto se atopa vacante, se ben actualmente está ocupada en réxime de comisión de servizos de carácter temporal cuxa duración se atopa directamente vinculada á finalización das respectivas convocatorias de provisión definitiva dos postos de traballo (Resolución da concelleira delegada de data 12.04.2022, en expte 39576-220)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

- **a)** Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- **b)** Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derrogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidad Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- **c)** Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado
- **d)** Regulamentos e ordenanzas locais.
- **e)** Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Conce-

llo de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

PRIMEIRO.- Da provisión dos postos de traballo.-

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polos funcionarios proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos o de libre designación, de acuerdo con las normas que regulen estos procedementos en todas las Administracións públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo o que estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración del Estado.

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A libre designación é un procedemento ordinario, que require que a relación de postos de traballo, tras a correspondente motivación por ser un acto discrecional, deterrmine os postos de traballo a proveer por dito sistema.

Neste senso a RPT vixente contempla como sistema de provisión do posto a libre designación. Así mesmo consta a xustificación individualizada.

A libre designación do persoal funcionario de carreira, conleva a apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto

SEGUNDO.- Do procedemento

O procedemento para provisión de postos de traballo mediante o sistema de libre designación atópase regulado no art. 20.1 b) e c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, precepto que a propia Lei (art. 1.3) cualifica como base do réxime estatutario dos funcionarios públicos e, en consecuencia, aplicable ao persoal de todas as Administracións Públicas. Estas previsións legais básicas están desenvoltas polo RD 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de provisión de postos de traballo e promoción profesional de funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (artigos 51 a 58), Regulamento que resulta aplicable ás restantes Administracións Públicas que non dispoñan da correspondente norma regulamentaria no seu ámbito (art. 1.3).

O art. 20.1 c), terceiro parágrafo, da Lei 30/1984 indica que as convocatorias para a provisión de postos de traballo por libre designación incluirán a denominación, nivel e localización do posto, así como os requisitos indispensables para o seu desempeño establecidos na RPT, contemplando así mesmo o art. 52 do RD 364/1995 a posibilidade opcional de que a convocatoria recolla as especificacións derivadas da natureza

das funcións encomendadas, sinalando expresamente: *"A designación realizarase previa convocatoria pública, na que, ademais da descrición do posto e requisitos para o seu desempeño contidos na relación de postos de traballo, poderán recollerse as especificacións derivadas da natureza das funcións encomendadas ao mesmo".*

Consta no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de Xefatura Do Departamento Administrativo de Alcaldía

TERCEIRO.- O Órgano competente é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

E por isto polo que se eleva a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar as Bases reguladoras transcritas no como Anexo I, para a provisión do posto de traballo da Xefatura Do Departamento Administrativo de Alcaldía adscrito ao Gabinete de Alcaldía mediante o sistema de libre designación.

SEGUNDO. Convocar o procedemento para a provisión do posto referenciado no apartado anterior.

TERCEIRO. Publicar a convocatoria xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo. O anuncio co extracto da convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG), no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Concello de Vigo

ANEXO I.- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE XEFE/A DO DEPARTAMENTO ADMINISTRATIVO DE ALCALDIA (1713-110)

**Primeira.- Obxecto da Convocatoria**

Constitúe o obxecto da presente convocatoria a provisión, polo sistema de libre designación,do posto de traballo de Xefatura do departamento administrativo da Alcaldía baixo a instrución da Secretaria de Administración Municipal.

**Segunda.- Características do posto de traballo**

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra núm. 188, do 30.09.2022 coas seguintes características:

- Denominación do posto: xefe/a do departamento administrativo da Alcaldía
- Servizo no que se adscribe: Gabinete de Alcaldía
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 1010101
- Escala: Administración xeral/administración especial
- Subescala: Técnica/ Subescala Técnica Superior- Subescala Técnica Media
- Grupo: A; subgrupo: A1/A2
- Complemento de destino: 26
- Complemento específico anual: 24.904,18 euros
- Sistema de provisión: Libre designación

Funcións: exercerá as función do posto tipo "Xefe/a de Unidade" da guía de funcións https://transparencia.vigo.org/?id_file=817&lang=es&file=

**Terceira.- Requisitos de participación**

Poderán concorrer a convocatoria as persoas que, xunto aos requisitos xerais previstos no artigo 56 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, reúnan as seguintes condicións:

a) Ser persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo do grupo A subgrupo A1ou A2 da escalas de Administración Xeral ou Especial, calquera que sexa a súa situación administrativa agás da suspensión de funciones, cando reúnan as condicións xerais e requisitos determinados na presente convocatoria na data en que termine o prazo de presentación de instancias

b)Titulación requirida.- titulación dos seguintes grupos de titulación determinado na RPT (1-2)

1.- Grao ou equivalente.
101.- Grao Rama Ciencias ou equivalente.
102.- Grao Rama Ciencias Sociais e xurídicas ou equivalente.
103.- Grao Rama Ciencias da saúde ou equivalente

104.- Grao Rama Arte e Humanidades ou equivalente
105.- Grao Rama enxeñería e arquitectura ou equivalente

2.- Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto-técnico, F.P. 3 ou equivalente

Todos los requisitos deberán poseerse na data da finalización do plazo de presentación de instancias e manterse ata o momento da toma de posesión.

**Cuarta.-Presentación de solicitudes e documentación**

As solicitudes se dirixirán ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Vigo e se presentarán no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, número de teléfono móbil/fixo e enderezo de correo electrónico.

As persoas aspirantes acompañarán á súa solicitude a seguinte documentación:

- Copia simple do DNI en vigor
- Curriculum vitae no que conste o traballo desenvolvido, titulación académica, cursos realizados e outros méritos que se considere oportuno poñer de manifesto, xunto coa documentación acreditativa destes
- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria

Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

En ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente en prazo

As solicitudes deberán presentarse por medios electrónicos no rexistro electrónico do Concello de Vigo conforme o disposto no artigo 16.4.a da Lei 39/2015, do 1 de outubro , de procedemento administrativo común, contados a partir del seguinte al de la publicación de esta convocatoria en el «Boletín Oficial del Estado».

**Quinta.- Resolución da convocatoria**

A presente convocatoria resolverase mediante acordo da Xunta de Goberno Local no prazo máximo dun mes contados dende a finalización da presentación de solicitudes, en virtude do establecido no artigo 56 del Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración General del Estado.

Valorarase a idoneidade para o desempeño do posto convocado conforme os méritos alegados e acreditados documentalmente así como o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria, podendo quedar deserta a convocatoria se ningunha das persoas candidatas reúne a idoneidade para o desempeño do posto, a xuízo do órgano competente para resolver.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

A persoa así nomeada poderá ser removida libremente polo mesmo órgano que o nomeou, nos termos establecidos na normativa vixente.

**Sexta.- Toma de posesión**

O prazo para tomar posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia do persoal funcionario, ou dun mes se comporta cambio de residencia ou o reingreso ao servizo activo. Este prazo comezará a contarse desde o día seguinte ao do cesamento no anterior posto, que deberá efectuarse dentro dos 3 días hábiles seguintes ao da publicación da resolución do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a devandita publicación do nomeamento.

O persoal que non tome posesión do posto adxudicado dentro do prazo indicado, salvo causas de forza maior ou outras circunstancias graves debidamente xustificadas, será declarado decaído nos dereitos que lle puidesen corresponde

**Sétima.- Publicidade**

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

**Oitava.- Recursos**

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento admi-

nistrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**13(1046).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DA ÁREA DE CONTRATACIÓN E NOVOS PROXECTOS. EXPTE. 1710/110.**

Visto o informe de fiscalización de data 12/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 05/12/2022, asinado pola secretaria de Admón. Municipal e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022 xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022 e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020.

En data 30.09.2021 publicouse no BOP de Pontevedra o acordo de aprobación definitiva máis o anexo I da relación de postos de traballo.

En data 8.11.2022 por Resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal incoouse o procedemento de provisión de posto de traballo da da Xefatura da área de Contratación e novos proxectos baixo a instrución da Secretaria de Administración Municipal.

Na relación de postos vixente aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 23.09.2022 publicada no BOP de Pontevedra de data 30.09.2022 figura o posto de traballo da Xefatura da área de Contratación e novos proxectos que actualmente se atopa vacante.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que,

no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

- **a)** Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- **b)** Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derrogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidad Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- **c)** Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado
- **d)** Regulamentos e ordenanzas locais.
- **e)** Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Da provisión dos postos de traballo.-

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polos funcionarios proveeranse en convocatoria pública polos

procedementos de concurso de méritos o de libre designación, de acuerdo con las normas que regulen estos procedementos en todas las Administracións públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo o que estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración del Estado.

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A libre designación é un procedemento ordinario, que require que a relación de postos de traballo, tras a correspondente motivación por ser un acto discrecional, deterrmine os postos de traballo a proveer por dito sistema.

Neste senso a RPT vixente contempla como sistema de provisión do posto posto de Xefatura da área de Contratación e novos proxectos a libre designación. Así mesmo consta a xustificación individualizada.

A libre designación do persoal funcionario de carreira, conleva a apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto

SEGUNDO.- Do procedemento

O procedemento para provisión de postos de traballo mediante o sistema de libre designación atópase regulado no art. 20.1 b) e c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, precepto que a propia Lei (art. 1.3) cualifica como base do réxime estatutario dos funcionarios públicos e, en consecuencia, aplicable ao persoal de todas as Administracións Públicas. Estas previsións legais básicas están desenvoltas polo RD 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de provisión de postos de traballo e promoción profesional de funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (artigos 51 a 58), Regulamento que resulta aplicable ás restantes Administracións Públicas que non dispoñan da correspondente norma regulamentaria no seu ámbito (art. 1.3).

O art. 20.1 c), terceiro parágrafo, da Lei 30/1984 indica que as convocatorias para a provisión de postos de traballo por libre designación incluirán a denominación, nivel e localización do posto, así como os requisitos indispensables para o seu desempeño establecidos na RPT, contemplando así mesmo o art. 52 do RD 364/1995 a posibilidade opcional de que a convocatoria recolla as especificacións derivadas da natureza das funcións encomendadas, sinalando expresamente: *“A designación realizarase*

*previa convocatoria pública, na que, ademais da descrición do posto e requisitos para o seu desempeño contidos na relación de postos de traballo, poderán recollerse as especificacións derivadas da natureza das funcións encomendadas ao mesmo".*

Consta no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de Xefatura da área de Contratación e novos proxectos

TERCEIRO.- O Órgano competente é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

E por isto polo que se eleva a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar as Bases reguladoras transcritas no como Anexo I, para a provisión do posto de traballo da Xefatura da área de Contratación e novos proxectos adscrito ao Servizo de Contratación mediante o sistema de libre designación.

SEGUNDO. Convocar o procedemento para a provisión do posto referenciado no apartado anterior.

TERCEIRO. Publicar a convocatoria xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo. O anuncio co extracto da convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG), no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE XEFATURA DA AREA CONTRATACIÓN E NOVOS PROXECTO (EXPTE 1710-110).-

**Primeira.- Obxecto da Convocatoria**

Constitúe o obxecto da presente convocatoria a provisión, polo sistema de libre designación do posto de traballo da Xefatura da área de Contratación e Novos proxectos.

**Segunda.- Características do posto de traballo**

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra núm. 188, do 30.09.2022 coas seguintes características:

- Denominación do posto: Xefatura da área de contratación e novos proxectos
- Servizo no que se adscribe: Área de Contratación
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 2420101
- Escala: Administración xeral/administración especial
- Subescala: Técnica/ Técnica Superior-
- Grupo: A. subgrupo: A1
- Complemento de destino: 28
- Complemento específico anual: 44137,1 euros
- Sistema de provisión: Libre designación

Funcións: exercerá as función do posto tipo “Xefe/a de Área” da guía de funcións https://transparencia.vigo.org/?id_file=817&lang=es&file=

**Terceira.- Requisitos de participación**

Poderán concorrer a convocatoria as persoas que, xunto aos requisitos xerais previstos no artigo 56 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, reúnan as seguintes condicións:

a) Ser persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo do grupo A subgrupo A1 da escalas de Administración Xeral ou Especial, calquera que sexa a súa situación administrativa agás da suspensión de funciones, cando reúnan as condicións xerais e requisitos determinados na presente convocatoria na data en que termine o prazo de presentación de instancias

b)Titulación requirida.- titulación dos seguintes grupos de titulación determinado na RPT (1)

1.- Grao ou equivalente.
101.- Grao Rama Ciencias ou equivalente.
102.- Grao Rama Ciencias Sociais e xurídicas ou equivalente.
103.- Grao Rama Ciencias da saúde ou equivalente
104.- Grao Rama Arte e Humanidades ou equivalente
105.- Grao Rama enxeñería e arquitectura ou equivalente

Todos los requisitos deberán poseerse na data da finalización do plazo de presentación de instancias e manterse ata o momento da toma de posesión.

**Cuarta.-Presentación de solicitudes e documentación**

As solicitudes se dirixirán ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Vigo e se presentarán no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, número de teléfono móbil/fixo e enderezo de correo electrónico.

As persoas aspirantes acompañarán á súa solicitude a seguinte documentación:

- Copia simple do DNI en vigor
- Curriculum vitae no que conste o traballo desenvolvido, titulación académica, cursos realizados e outros méritos que se considere oportuno poñer de manifesto, xunto coa documentación acreditativa destes
- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria

Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

En ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente en prazo

As solicitudes deberán presentarse por medios electrónicos no rexistro electrónico do Concello de Vigo conforme o disposto no artigo 16.4.a da Lei 39/2015, do 1 de outubro , de procedemento administrativo común, contados a partir del seguinte al de la publicación de esta convocatoria en el «Boletín Oficial del Estado».

**Quinta.- Resolución da convocatoria**

A presente convocatoria resolverase mediante acordo da Xunta de Goberno Local no prazo máximo dun mes contados dende a finalización da presentación de solicitudes, en virtude do establecido no artigo 56 del Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración General del Estado.

Valorarase a idoneidade para o desempeño do posto convocado conforme os méritos alegados e acreditados documentalmente así como o cumprimento dos requisitos es-

tablecidos na convocatoria, podendo quedar deserta a convocatoria se ningunha das persoas candidatas reúne a idoneidade para o desempeño do posto, a xuízo do órgano competente para resolver.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

A persoa así nomeada poderá ser removida libremente polo mesmo órgano que o nomeou, nos termos establecidos na normativa vixente.

**Sexta.- Toma de posesión**

O prazo para tomar posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia do persoal funcionario, ou dun mes se comporta cambio de residencia ou o reingreso ao servizo activo. Este prazo comezará a contarse desde o día seguinte ao do cesamento no anterior posto, que deberá efectuarse dentro dos 3 días hábiles seguintes ao da publicación da resolución do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a devandita publicación do nomeamento.

O persoal que non tome posesión do posto adxudicado dentro do prazo indicado, salvo causas de forza maior ou outras circunstancias graves debidamente xustificadas, será declarado decaído nos dereitos que lle puidesen corresponde

**Sétima.- Publicidade**

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

**Oitava.- Recursos**

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo

dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**14(1047).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE TRABALLO DE "LETRADO/A ASESOR/A XURÍDICO/A". EXPTE. 1714/110**.

Visto o informe de fiscalización de data 12/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 05/12/2022, asinado pola secretaria de Admón. Municipal e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

partida orzamentaria *2410 470.00.01 – Axudas á Creación de Empresas*, quedando unha diferencia de 193.023,55€ sen outorgar.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

As empresas beneficiarias das axudas están obrigadas **no prazo de dez días** a contar desde o día seguinte ao **da súa notificación** a comunicar á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tácitamente aceptada.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da LRBRL.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data do 06.09.2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

**ACORDO**

**PRIMEIRO:** Conceder o gasto por un importe total de **141.976,45€** (cento corenta e un mil novecentos setenta e seis con corenta e cinco euros), con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 “Axudas á creación de empresas”, para as solicitudes debidamente presentadas e polos importes calculados de acordo coa *base 1.5 Tipo, contía das axudas e gastos a subvencionar*, segundo á táboa seguinte:

Concello de Vigo

| EXPTE. | SOLICITANTE | NIF | SUBV.A CONCE-DER |
|---|---|---|---|
| 19283/77 | DENTAL 32 LAB SL | B42871392 | 3.000,00 € |
| 19285/77 | MARCOS RODRÍGUEZ GUISADO | 3611***** | 3.000,00 € |
| 19296/77 | JOSE MANUEL MANDADO FREIJEIRO | 360*****L | 1.240,75 € |
| 19298/77 | TELMO RODRIGUEZ GONZALEZ | 36*****5R | 544,02 € |
| 19299/77 | VIKING CITY SL | B02786390 | 3.000,00 € |
| 19300/77 | ANIBAL JOSE DOS RAMOS GUTIERREZ | 3*****01Q | 3.000,00 € |
| 19301/77 | BEGOÑA COUTO GANDARA | *****433Y | 3.000,00 € |
| 19310/77 | AAROX ELECTRONICS SL | B05298948 | 1.508,30 € |
| 19314/77 | RAUL POZO SONEIRA | 5*****89S | 421,89 € |
| 19329/77 | PREGOFE SL | B42961714 | 1.561,79 € |
| 19341/77 | EURODOM GESTION SL | B06815989 | 580,38 € |
| 19347/77 | JUAN CARLOS PARIS ALONSO | 36*****0N | 540,30 € |
| 19348/77 | XOANIÑAS CHISPEANTES ESPJ | E09881921 | 3.000,00 € |
| 19354/77 | MARCOS GONZÁLEZ OITAVÉN | 361*****V | 278,21 € |
| 19355/77 | MARIKINA PARK SL | B16896128 | 3.000,00 € |
| 19356/77 | LUALBA 1944 SL | B06863336 | 1.763,24 € |
| 19361/77 | OGAR CB | E42938365 | 3.000,00 € |
| 19362/77 | INMOGALAICA DEL ATLÁNTICO SL | B16947343 | 480,93 € |
| 19363/77 | JUAN MANUEL ESTÉVEZ LÓPEZ | 3613***** | 943,66 € |
| 19380/77 | EMBALAJES PACKNOR 21 SL | B16821589 | 3.000,00 € |
| 19399/77 | A MORADA NOSA S.COOP.GALEGA | F67875781 | 3.000,00 € |
| 19400/77 | DAYANET JUSSY CHOURIO LÓPEZ | Y61*****W | 1.295,00 € |
| 19403/77 | RUBÉN VILA GRILO | 36*****1Q | 3.000,00 € |
| 19404/77 | GLORIA LORENZO FERREIRA | 5*****51N | 657,48 € |
| 19409/77 | SILVIA CORREA COSTAS | *****353G | 3.000,00 € |
| 19414/77 | MARIANA GULPARI BOTNARENCO | 0*****62H | 660,69 € |
| 19415/77 | IDEARIA 0SOLUCIONES S.COOP.GALEGA | F67931683 | 1.354,97 € |
| 19416/77 | NELSON FERNÁNDEZ RODRIGUEZ | 36*****5N | 3.000,00 € |
| 19417/77 | MAPISBAZGARCI SL | B09839531 | 3.000,00 € |
| 19418/77 | OUTRO CONTO ESPJ | E09740143 | 3.000,00 € |
| 19419/77 | ENERGYVAN SERVICIOS, SLU | B67727891 | 3.000,00 € |
| 19421/77 | JOSE LUIS BESTEIRO RODRÍGUEZ | 531*****D | 433,61 € |
| 19423/77 | AUTOMOCIÓN ALFARO DOMÍNGUEZ SRLL | B67848648 | 3.000,00 € |
| 19424/77 | ESTHER VILLASANTE GARCÍA | 3385***** | 3.000,00 € |
| 19428/77 | CARMEN LUCIA GOMEZ DE SESTO | Y7*****C | 2.297,83 € |
| 19429/77 | DAVID AVENDAÑO DACOSTA | 7*****28B | 1.572,33 € |
| 19431/77 | AVF CARSERVI SRLL | B02867166 | 3.000,00 € |

| EXPTE. | SOLICITANTE | NIF | SUBV.A CONCE-DER |
|---|---|---|---|
| 19432/77 | NILDA TRUEBA PEREZ | *****449Q | 1.725,98 € |
| 19433/77 | RAFAEL ANGEL VAZQUEZ SANCHEZ | 0*****53J | 2.141,03 € |
| 19436/77 | MARIA AURORA LOPEZ MATOS | 33*****1L | 1.551,24 € |
| 19438/77 | VERÓNICA ITURRE GARRIDO | 373*****W | 2.074,12 € |
| 19439/77 | RUBEN MARQUEZ PEREZ | 5317***** | 437,30 € |
| 19441/77 | UXIO GOITIA VARELA | 76*****C | 779,52 € |
| 19443/77 | JOSE LUIS TOBA RIO | 3*****3K | 2.836,56 € |
| 19444/77 | COPY AS VIGO ESPJ | E67935924 | 3.000,00 € |
| 19445/77 | PABLO DOMÍNGUEZ GUERRA | 3*****02A | 342,48 € |
| 19447/77 | ENXEBRE COCINA MP S.COOP GALEGA XUVENIL | F67864264 | 3.000,00 € |
| 19448/77 | MIGUEL ANGEL ARCOS DEL MAZO | *****125E | 3.000,00 € |
| 19451/77 | DAVID PORTO LABANDEIRA | 3*****49B | 885,46 € |
| 19452/77 | JOSE GREGORIO MOSQUERA RODRIGUEZ | 53*****0N | 467,36 € |
| 19455/77 | JACOBO SANTOS ALONSO | 361*****Q | 456,54 € |
| 19456/77 | ROBERTO FERNANDEZ ARIAS | 3613***** | 584,66 € |
| 19680/77 | COPY ARGES ESPJ | E05478219 | 2.470,61 € |
| 19459/77 | MACARENA GONZÁLEZ SIMÓN | 770*****F | 580,30 € |
| 19460/77 | MANUEL MÉNDEZ LAMAS | 53*****9G | 3.000,00 € |
| 19463/77 | PAULA FERNÁNDEZ GALLEGO | 4*****35K | 799,68 € |
| 19466/77 | MIRNA MARIELLA IZAGUIRRE IZAGUIRRE | *****557B | 191,15 € |
| 19467/77 | HECTOR FERNANDO GIMÉNEZ | Y7847691J | 137,50 € |
| 19469/77 | ROSA BEATRIZ ALVAREZ MOURIÑO | 3*****72N | 478,02 € |
| 19706/77 | MAUSS ESPJ | E42959346 | 800,81 € |
| 19471/77 | SILVIA CARRERA SOENGAS | 36*****6A | 126,67 € |
| 19472/77 | ALMUDENA GOMEZ ALVAREZ | 394*****X | 1.735,98 € |
| 19477/77 | SAMUEL JUAN LEON | 4734***** | 867,20 € |
| 19479/77 | ANIMAL SHOP VIGO ESPJ | E05324371 | 3.000,00 € |
| 19677/77 | IRIA DIOSCORA COSTAS VÁZQUEZ | 787*****H | 2.117,65 € |
| 19480/77 | ANGEL ANTONIO ALVAREZ LAGO | 77*****5Z | 3.000,00 € |
| 19684/77 | GALLERY SELFIE ESPJ | E16971244 | 3.000,00 € |
| 19488/77 | MARCOS GOMEZ GONZALEZ | 3*****77F | 1.834,69 € |
| 19492/77 | MARÍA VICTORIA NOYA LOPEZ | *****578Q | 2.715,85 € |
| 19494/77 | MONICA BARREIRO ALONSO | 3*****16M | 1.306,89 € |
| 19669/77 | CENTRO MÉDICO SALMA SL | B67944355 | 3.000,00 € |
| 19498/77 | MARIELA FERNANDEZ QUINTEROS | Y0*****8G | 1.851,38 € |
| 19499/77 | ANDONI FERNANDEZ BAS | 361*****L | 158,00 € |
| 19500/77 | MANUEL GONZALEZ FERREIRA | 3607***** | 552,69 € |

| EXPTE. | SOLICITANTE | NIF | SUBV.A CONCE-DER |
|---|---|---|---|
| 19501/77 | MARIA JOSE CORREA PEREZ | 360*****X | 1.140,47 € |
| 19502/77 | RAFAEL ANTONIO PARRA PEÑUELA | Y7*****0A | 3.000,00 € |
| 19503/77 | ADRIAN COSTAS DURAN | 3*****92S | 961,47 € |
| 19504/77 | VICTOR MANUEL LIMA ABREU | *****342E | 1.297,41 € |
| 19507/77 | JUCELENE PEREIRA DA SILVA | Y*****84N | 2.296,23 € |
| 19510/77 | DAVID TRONCOSO CASTRO | 53*****6P | 1.138,17 € |

**SEGUNDO:** Aceptar o desestimento, ao abeiro do disposto na *base 3ª Instrución e tramitación das axudas, apartado 1* e na *base 5ª Concesión das axudas e tramitación do pagamento, apartado 3* e declarar concluso o procedemento correspondente de conformidade cos artigos 68, 84 e seguintes da LPAC, das solicitudes seguintes:

| EXPTE. | SOLICITANTE | NIF | CÓD. DESESTIMENTO [*] |
|---|---|---|---|
| 19340/77 | JAIME ROSENDO ACUÑA LÓPEZ | 524*****D | DES |
| 19398/77 | DENISE GONÇALVES FERNANDES | X475***** | DOC |
| 19410/77 | JOSE ANTONIO PRIETO ALONSO | 767*****H | DES |
| 19437/77 | MAROUANE MARRIOUI DAHMOUNI | 35*****2G | DOC |
| 19491/77 | YOLANDA VALLADARES RODRIGUEZ | 7*****45M | DES |
| 19468/77 | RUBEN ROUCO BALBOA | *****704B | DOC |
| 19642/77 | MIRIAM PÉREZ COSTAS | 3*****39Y | DOC |
| 19478/77 | SUSANA MARIA POMAR GOBERNA | 36*****9E | DOC |
| 19481/77 | ALBERTO VALENTIN SUBERO LOZADA | Y61*****L | DOC |
| 19687/77 | SUPER NUTTI SL | B05423173 | DOC |
| 19497/77 | HUGO RODRIGUEZ SIRVENT | 5318***** | DES |
| 19643/77 | MARTA MARÍA CALVO ALONSO | 361*****C | DOC |
| 19505/77 | ANTIA JUIZ GONZALEZ | 35*****8B | DES |
| 19506/77 | JOSE LAGO LAGO | 3*****86N | DES |
| 19508/77 | JOSE MANUEL CENTENO LOSADA | *****921V | DES |
| 19509/77 | MARIA ANGELES NEIRA DOMÍNGUEZ | 3*****59K | DES |
| 19511/77 | REBECA LOPEZ VILLAR | 39*****2W | DES |

*[*] CÓDIGOS DE DESESTIMENTO DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE.. EMPRESAS 2022*

| COD. | CONCEPTO | BASE | APTDO. |
|---|---|---|---|
| DOC | Non atender ao requirimento de emenda da solicitude | 3ª | 3.1 |
| DES | A empresa desiste da solicitude presentada | 5ª | 5.3 |

**TERCEIRO:** Denegar a axuda por non cumprir coa *base 1.3 Requisitos* e da *base 4.3 Prazo de presentación* das solicitudes seguintes:

| EXPTE. | SOLICITANTE | NIF | CÓD. DENEGACIÓN (*) |
|---|---|---|---|
| 19420/77 | ENRIQUE FRANCISCO NOVAS RODRIGUEZ | 361*****N | DEB |
| 19450/77 | JOSE MANUEL PÉREZ CANABAL | 3611***** | ACT |
| 19665/77 | JAVIER FILGUEIRA CONDE | 348*****S | DEB |
| 19465/77 | CARLOTA ESTÉVEZ DOMÍNGUEZ | 53*****6V | DEB |
| 19470/77 | GAR-VIN ESTILISTAS ESPJ | E09630484 | ACT |
| 19495/77 | MARIANO DAVILA CORREA | 3*****37L | INI |
| 19512/77 | SIMON PEDRO GUTIERREZ VARELA | *****383S | INI |
| 19513/77 | M&C DECORACIONES ESPJ | E67722710 | PRZ |
| 19519/77 | VERONICA PEREZ CALZADO | 3*****69S | PRZ |

(*) CÓDIGOS DE DENEGACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2022

| COD. | CONCEPTO | BASE | APTDO. |
|---|---|---|---|
| INI | Inicio da actividade empresarial fora do período establecido | 1ª | 1.2 |
| DEB | Non se atopa ao corrente das súas obrigas coa TXSS, ATRIGA, AEAT e/ou o Concello de Vigo a empresa e/ou o/s promotor/es | 1ª | 1.3.4 |
| ACT | algún/a promotor/a desenvolveu igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade. | 1ª | 1.3.5 |
| PRZ | Presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido. | 4ª | 4.3 |

**CUARTO:** Notificar o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015, de LPAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**QUINTO:** Informar, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 141.1.c) da Lei 40/2015, de LRXSP, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Concello de Vigo

**17(1050).- OUTORGAMENTO DAS "SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO- ANO 2022". Expte. 19116/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 14/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 02/12/2022, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**Antecedentes:**

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 04 de agosto de 2022 aprobouse a "Convocatoria e as bases reguladoras das ***SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO ANO 2022".***

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 152, do 10 de agosto de 2022 e o extracto da convocatoria remitido pola BDNS foi publicado no BOP no seu número 160 de data 23/08/2022 así como na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á publicación do extracto no BOP (dende o 24/08/2022 ao 06/09/2022, ámbolos dous inclusive, da que resultou a presentación de dúas (2) solicitudes:

| Nº expdte. | Entidade | NIF | Data rexistro solicitude |
|---|---|---|---|
| 19691/77 | **A.E. UVIGO MOTORSPORT** | G27809425 | 08/09/22* |
| 19586/77 | **FUNDAMAR** | G27745397 | 06/09/22 |

* *consta que intentaron reiteradamente presentala o 06/09/22.*

As bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego, establecen un financiamento por unha contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2022) de 40.000,00 € (corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800008 "Axudas desenvolvemento de proxectos investigación relacionados coa innovación", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo. Subvencionarase, no caso de que as entidades sen ánimo de lucro solicitantes que cumpran con todos os requisitos esixidos nas bases, os gastos de funcionamento e difusión necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas e que teñan acomodo no obxecto desta convocatoria (custes salariais e de seguridade social derivados do persoal contratado e/ou da entidade con cargo á subvención, gastos financeiros e de xestión relacionados coa posta

en marcha do proxecto presentado, gastos de difusión, publicidade e de asistencia a eventos, gastos de aluguer de locais e maquinaria...), cun máximo de 15.000,00€.

A Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego (RA de delegación de competencias do 06/09/2022), con data **21/10/2022**, resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside de acordo coa base décimo segunda, apartado 4, cos seguintes membros:

| | | |
|---|---|---|
| Vogal 1 | Carla Candia Paz | Xefa do servizo<br>(Resolución de 11/04/2022) |
| Vogal 2 | Ana Mª Mouriz Martínez | Coordinadora de Desenvolvemento Local e Emprego |
| Suplente | Rosa María Otero Malvárez | Técnica de xestión |

A Comisión de Valoración con data 23/11/2022, conforme á información que consta no seu poder, realizou a avaliación das solicitudes presentadas co resultado exposto na acta da mesma data, en base á cal, emitíuse o informe proposta de concesión das axudas na mesma data.

Con data 01/12/2022 realiza corrección de erro detectado pola propia comisión de valoración na avaliación das solicitudes admitidas, incluíndose un apartado que non figuraba nas Bases desta convocatoria de subvencións (persoas implicadas). Procede por tanto, que a Comisión de Valoración corrixa os apartados 2 e 3 da anterior acta, que corresponden á Avaliación de solicitudes e á distribución económica unha vez avaliadas as solicitudes das entidades, respectivamente.

Conforme á documentación existente no servizo procédese a revisar os expedientes, e dacordo ás dúas actas da Comisión de Valoración obtéñense as seguintes conclusións:

- Segundo se recolle na primeira acta de 23 de novembro e que corrobora a acta do 01 de decembro:

**“1.- Preavaliación das solicitudes**

Unha vez revisadas as solicitudes de subvención, co obxecto de verificar o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias, segundo o indicado na Base 11ª, decídese ESTIMAR as dúas solicitudes presentadas polas entidades Asociación Estudiantil Uvigo Motorsport (G27809425) e FUNDAMAR (G27745397), xa que, conforme á documentación existente no servizo, despréndese que cumpren cos requisitos establecidos aos solicitantes nas bases da convocatoria para resultar beneficiarios da subvención.

No caso da Asociación Estudiantil Uvigo Motorsport (G27809425) presentouse unha incidencia que se detalla a continuación:
- Rematado o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de subvencións, o día 06 de setembro, só figuraba a entidade FUNDAMAR.

- Con data 08 de setembro, figura solicitude presentada pola Asociación Estudiantil UVigo Motorsport.
- Coa mesma data, 08 de setembro, a Asociación Estudiantil UVigo Motorsport presenta unha queixa a través do servizo 010, tramitada en expte 203257-323, por non poder presentar a súa solicitude dentro do prazo establecido da convocatoria, en concreto, afirmaban que a sede electrónica quedaba bloqueada á hora de comprobación de sinaturas.
- O departamento de Administración Electrónica emite informe técnico con data 28 de setembro que envía ao departamento de Emprego con 19 de outubro, corroborando o afirmado pola entidade e asegurando que a pesares dos problemas técnicos que presentou a sede, consta 4 intentos de presentación de solicitude (W757558-6656, W757562-6633, 757569-6564 e W757570-2707).
- De acordo co anterior, a xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emite informe de data 21 de outubro de 2022 facendo constar que: "(...) resultando acreditada a incidencia técnica da sede do Concello que imposibilitou a presentación da solitude de subvención da entidade, resulta procedente admitir a súa solicitude para a valoración do seu proxecto dacordo ás Bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego mediante proxecto relacionados coa investigación, a innovación e o emprego 2022."

- Segundo o recollido na acta de 01 de decembro tras a corrección de erro detectado:

**1.- Avaliación das solicitudes.**

As puntuacións máximas que se estableceron nesta comisión para a avaliación da solicitude presentada e admitida son, conforme ao disposto na Base Décima, son as que a continuación se indican:

1. Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto (ata 20 puntos):

a-1: Corresponde ao apartado 1.a) Que sexan capaces de xerar grupos de innovación na actividade económica de Vigo e o seu entorno, ou programas estables de innovación e investigación fronte a accións puntuais. 9 puntos.

a-2: Corresponde ao apartado 1.a) Que baseen na análise das necesidades existentes no entorno económico laboral e, que teñan viabilidade técnica. 6 puntos.

a-3: Corresponde ao apartado 1.a) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede. 5 puntos.

A puntuación do apartado "áreas económicas relacionadas co proxecto" é a que se establece na mesma Base Décimo Primeira no seu apartado 2º, isto é:

2. Áreas económicas relacionadas co proxecto:

| | |
|---|---|
| a) Tecnoloxías de comunicación | 5 puntos |
| b) Automoción | 5 puntos |
| c) Industria naval | 5 puntos |

| | |
|---|---|
| d) Enerxías renovables | 5 puntos |
| e) Biotecnoloxía | 4 puntos |
| f) Outras áreas e/ou sectores | 2 puntos |

3. Uso da lingua galega no proxecto. 5 puntos.

4. Nº de persoas contratadas con cargo a esta subvención:
   a) 1 punto por cada contrato.

E as puntuacións obtidas polas entidades admitidas no proceso de baremación nesta convocatoria de subvencións son:

| | | BAREMO PUNTUACIÓNS BASE 11ª SUBVENCIÓNS PROX. INNOVACIÓN, INVESTIGACIÓN E EMPREGO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1.Calidade/ viabilidade Técnica (máx. 20) | | | 2. Área económica | 3. Uso lingua galega no proxecto | Nº persoas Contratadas | TOTAL |
| CIF | ENTIDADE | a-1 | a-2 | a-3 | | | | |
| G27745397 | **FUNDAMAR** | 9 | 6 | 5 | 2 | 5 | 1 | **28** |
| G27809425 | **A.E. UVIGO MOTORSPORT** | 9 | 6 | 5 | 5 | 0 | 0 | **25** |

Apórtase ficha de avaliación individual en cada un dos expedientes destas dúas entidades.

**2.- A distribución económica unha vez avaliadas as solicitudes das entidades.**

Unha vez corrixidos os puntos obtidos por cada entidade, a distribución económica unha vez avaliadas as solicitudes das entidades resulta como se indica na seguinte táboa:

| CIF | ENTIDADE | Cantidade Solicitada | Puntos | Cantidade asignada 1º reparto | Cantidade Resolución | % concedido |
|---|---|---|---|---|---|---|
| G27745397 | **FUNDAMAR** | 4.823,51 € | 28 | 21.132,08 | **4.823,51 €** | **100,00 %** |
| G27809425 | **A.E. UVIGO MOTORSPORT** | 15.000,00 € | 25 | 18.867,92 | **15.000,00 €** | **100,00 %** |
| | *Totais* | 19.823,51 | 53 | | 19.823,51 € | |
| | | *Valor punto:* | *754,72 €* | | | |

Polo que o importe de subvención que se propón conceder a cada unha das entidades non varía respecto do calculado na acta anterior, a pesares do cambio de puntuación, xa que tal como se explicara naquela acta, a contía total destinada a estas axudas(40.000,00 €) ao terse presentado dúas únicas solicitudes de subvención, formuladas por Asociación Estudiantil Uvigo Motorsport (G27809425) e FUNDAMAR (G27745397), obteñen, segundo a Base Cuarta b), o importe máximo subvencionable a primeira delas e, sen exceder do

importe solicitado, no caso da segunda, para o cal debe minorarse a cantidade do primeiro reparto, asignada en función da puntuación obtida no proceso de baremación.

**3.- Unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, conforme ao establecido na Base 12.6 da convocatoria, a Comisión de Valoración fai constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que as entidades beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.**

**...”**

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos do establecido na DÉCIMO SEGUNDA das bases reguladoras do procedemento:

- As solicitudes avaliaranse con arranxo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluirá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.
O prazo de resolución e notificación será de **catro meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

- A resolución do procedemento notificarase electrónicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- **Dende o día seguinte á notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

- O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vindeiro exercicio presupostario.

Así mesmo, cómpre rectificar o prazo máximo de xustificación de subvencións establecido na **DÉCIMO TERCEIRA das bases reguladoras do procedemento**, debido a motivos laborais e a fin de que o outorgamento das axudas obxecto da presente proposta non deveña de imposible cumprimento, establecendo un prazo de **7 días hábiles a contares dende o seguinte día á notificación da resolución** como data límite para a presentación da documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A presente proposta remitirase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

A teor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23 da Lei de Subvencións de Galicia e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura

e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e posterior 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO**: **CONCEDER,** de conformidade co art. 23.3 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4800008 "Axudas desenvolvemento de proxectos investigación relacionados coa innovación" do vixente exercicio presupostario, pola contía total que se reflicte a seguir:

| Nº expte. | Entidade | NIF | Importe Subvención Concedida |
|---|---|---|---|
| 19586/77 | **FUNDAMAR** | G27809425 | 4.823,51€ |
| 17679/77 | **A.E. UVIGO MOTORSPORT** | G27809425 | 15.000,00€ |

**SEGUNDO: PUBLICAR** na Base de Datos Nacional de Subvencións todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado.

**TERCEIRO: RECTIFICAR** o prazo máximo de xustificación de subvencións establecido na DÉCIMO TERCEIRA das bases reguladoras do procedemento, a fin de que o outorgamento das axudas obxecto da presente acordo non deveña de imposible cumprimento, establecendo un prazo de **7 días hábiles a contares dende o seguinte día á notificación da resolución** como data límite para a presentación da documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

**CUARTO: NOTIFICAR** o presente acordo nos termos establecidos nos art. 24 da LSG, art. 40 e 41 da LPAC e Base reguladora 12ª.8, con indicación expresa de que dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto

expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(1051).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE "SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS PERÍODO 2021-2022". Expte. 9195/335.**
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 13/12/2022 e o informe de fiscalización do 14/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 12/12/22, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Con data 09 de junio de 2022 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para o desenvolvemento de Festas Tradicionais, Patronais, Gastronómicas e Actividades Socioculturais período 2021 - 2022 (expte. 9195/335). A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 390.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.

Con data, 17 de xuño de 2022 foron publicadas no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2021-2022. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPPO, (20 de xullo de 2022) sendo o inicio o 21 de xullo e o remate o 11 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas, que unha vez revisadas as solicitudes e de acordo co estipulado na base oitava (instrución) solicitaron aos/as interesados/as para que nun prazo de dez días, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

Unha vez rematada a instrución do expediente, foi remitido á Comisión de Avaliación que se reúne ás 08:00 horas do día 9 de novembro de 2022 na planta primeira do Concello de Vigo, e que está integrada polo Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez que actúa como presidente; e por Dna. M. Cristina Chao Polo Xefa do Servizo de Festas como vogal e Antía Mosquera González como secretario.

Achégase neste expediente a acta da antedita Comisión de Avaliación asinada con data 9 de novembro que leva anexa a folla de cálculo co detalle das puntuacións e dos importes concedidos recollidos nos informes individuais de cada expediente de solicitude realizados pola Xefa do Servizo de Festas, e posteriormente revisados pola Comisión de Avaliación.

Faise constar que, de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano de instrutor despréndese que todos os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Dado o atraso producido na tramitación e posterior aprobación da resolución de concesión das presentes bases de subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, gastronómicas e actividades socioculturais, período 2021-2022 (expte. 9195/335), é necesario ampliar o prazo de xustificación das achegas ás entidades solicitantes, respectando sempre o prazo estabelecido na Bases de Execución do Orzamento Xeral do ano 2022 e as Normas de peche do exercicio orzamentario 2022. Tal ampliación proponse respectando o requisito establecido polo Plan Estratéxico Municipal do Concello de Vigo para os anos 2021-2023, que esixe que o prazo de xustificación das subvencións que se estableza sexa dentro do exercicio económico e non poña en perigo o cumprimento dos prazos de peche do exercicio. Entendendo pois que se cumpren ditos requisitos, proponse o prazo de xustificación da presente subvención ata o 30 de novembro de 2022 (incluído).

Á vista do exposto, e de acordo co estabelecido na base oitava, punto 5 das bases, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade do concelleiro de Participación Cidadá e Festas faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA:**

**PRIMEIRO:** Que se resolva a convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de Festas Tradicionais, Patronais, Gastronómicas e actividades socioculturais, período 2021 – 2022 (expte. 9195/335) de acordo coa acta de Comisión de Avaliación de data 9 de novembro de 2022 por un importe total de **293.183,89 €** con cargo á aplicación **3380.489.0000** do programa de Festas para o vixente exercicio, a favor das entidades que se relacionan a continuación polos conceptos e cantidades indicados en cada caso:

**Liña 1.- Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e festivais folclóricos**

| Expte | Entidade | CIF | Programa | importe subv. |
|---|---|---|---|---|
| **FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.2. (A) Festas patronais en barrios e parroquias. Asignación fixa 18.000 €** | | | | |
| 9325-335 | Asoc. Comisión Fiestas Virgen de los Afligidos | G36790228 | Festas Patronais da Virxe dos Aflixidos | 18.000,00 € |
| 9363-335 | Asociación Irmandade de Santa Ana Beade | G36648095 | Festas Patronais na honra de Santa Ana | 18.000,00 € |
| 9367-335 | Asoc. Irmandade Festas Patronais de Candeán | G36757003 | Festas Patronais de Candeán | 18.000,00 € |
| 9394-335 | Asoc. Irmandade Nosa Sra. das Neves-Matamá | G36954162 | Festas Patronais Nosa Sra. das Neves | 18.000,00 € |
| 9399-335 | Irmandade de San Campio | G36840940 | Festas Patronais San Campio | 18.000,00 € |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 9481-335 | Asoc.Cultural Hermandad Fiestas Dolores | G36846921 | Festas das Dores de Cabral | 18.000,00 € |
| | **FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.2. (B) Festas patronais en barrios e parroquias. Asignación fixa 12.000 €** | | | |
| 9310-335 | Asoc. Cult. Hdad Fiestas Sta Marina-Cabral | G36837425 | Festas Patronais Sta Mariña – Cabral | 12.000,00 € |
| 9338-335 | Hermandad de Devotos de San Roque | G36763225 | Romaria de San Roque | 12.000,00 € |
| 9366-335 | Asociación Fiestas de San Lorenzo | G36401688 | Festas de San Lorenzo | 12.000,00 € |
| 9405-335 | Hermandad de Fiestas Patronales San Blas e Santiago de Bembrive | G36705036 | Festas Santiago Apostol | 12.000,00 € |
| 9409-335 | Asociación Festa dos Liñares | G27784230 | Festas en Honor da Virxe dos Liñares | 12.000,00 € |
| | **FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.2. (C) Festas patronais en barrios e parroquias. Asignación fixa 4.000 €** | | | |
| **9306-335** | Asociación Cultural de Beiran | G27818905 | Festas patronais Nosa Sra. Da Soidade | 4.000,00 € |
| 9337-335 | Asociación Comisión de Festas dos Ramallos | G36878395 | Romaría de San Cipriano e San Cornelio | 4.000,00 € |
| 9360-335 | Asoc. Festas a Paloma da Garrida- Valladares | G36962389 | Verbena da Pomba | 4.000,00 € |
| 9398-335 | Comi. de Festas Nosa Sra. das Neves a Guia | G36731404 | Festas da Guia | 4.000,00 € |
| | **FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.3. Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias. Asignación fixa 4.000 €** | | | |
| 9321-335 | A. V. del Barrio de la Feria de Cabral | G36729796 | XXII Festa do Xurelo | 4.000,00 € |
| 9324-335 | Centro Recreativo y Cultural de Cabral – Vigo | V36658680 | XXXIV Romeria do Pan de Millo | 4.000,00 € |
| 9407-335 | AVCU-CSCR de Beade | G36632081 | XXXV Festa da Cereixa | 4.000,00 € |
| | **FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.4. Festivais Internacionais cunha antigüidade de máis de 25 anos. Asignación fixa 4.000 €** | | | |
| 9361-335 | Centro Recreativo Artíst. e Cultural de Coruxo | G36627495 | Festival Folclórico Internacional | 4.000,00 € |
| | | **TOTAL Liña 1** | | **200.000,00 €** |

## Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas

| Expte | Entidade | CIF | Programa | importe subv. |
|---|---|---|---|---|
| 9307-335 | Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro | G27762434 | Encontro de Teatro | 2.406,76 € |
| 9308-335 | Agrup. Centros Culturais do Concello de Vigo | G36791291 | Encontro Folclórico | 4.078,11 € |
| 9309-335 | Asociación Veciñal Emilio Crespo de Navia | G36648608 | Noite de San Xoán | 535,37 € |
| 9317-335 | Asociación Cultural e Deportiva Val do Fragoso | G36640860 | Noite de San Xoan | 600,00 € |
| 9320-335 | Asoc. Veciñal Cultural e Deportiva de Sampaio | G36648103 | Festa de San Xoan | 647,00 € |
| 9322-335 | Asoc. de Veciños Monte da Mina de Castrelos | G36623593 | Festa da Convivencia | 1.957,81 € |
| 9324-335 | Centro Recreativo y Cultural de Cabral –Vigo | V36658680 | VIII Festa Infantil | 1.697,99 € |
| 9326-335 | Asoc. de Veciños Nosa Terra de Alcabre | G36649374 | Fogueira de San Xoán | 3.543,28 € |
| 9328-335 | Asociación Veciños Praza da Miñoca | G36842284 | Festa de San Xoan – Chourizada 2022 | 3.075,30 € |
| 9329-335 | Asociación de Cultura e Festas de Castrelos | G36717973 | Festa das Candelas e San Brais | 1.500,00 € |
| 9330-335 | Asociación Cultural e Deportiva Xestas | G36628543 | Festa de San Xoán | 835,80 € |
| 9333-335 | Asoc. Veciñal Cultura e Deportiva de Cabral | G36651073 | Fogueira de San Xoán | 1.000,00 € |
| | | | XXXII Festa do Socio | 2.000,00 € |
| 9336-335 | Asoc. Cult. e deportiva San Xurxo de Saiáns | G36648988 | XXXV Festa da Amizade | 1.300,00 € |
| 9339-335 | Asoc. V. San Pedro de Sardoma O Carballo | G36649325 | Nadal dos Nenos, Festival de Música e Maxia | 943,50 € |
| | | | Festas Tradicionais – Magosto e Entroido | 943,50 € |
| 9361-335 | Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo | G36627495 | Enterro do Castrón (Entroido) | 855,00 € |
| 9362-335 | Ateneo Musical de Bembrive | G36784197 | I Festival de Verán | 3.342,72 € |
| | | | Audicións día da Música 2022 | 1.425,00 € |
| 9389-335 | Asociación Veciñal Socio-Cultural e Deportiva de San Miguel de Oia | G36648640 | Festas da Música e letras | 851,78 € |
| | | | Festa Gastronómica | 423,19 € |
| 9390-335 | Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello | G36645885 | Festa Dramatizada do Maios | 1.730,00 € |
| | | | Festa Tradicional do Samain | 1.773,00 € |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 9391-335 | Asoc. Veciños San Pedro de Matamá la Unión | G36654036 | Festa de San Xoán | 1.800,00 € |
| | | | Festival Folclórico San Amaro | 2.325,00 € |
| 9392-335 | Asociación Cultural “Xarabal” | G36884864 | Festival Xarabal | 2.250,00 € |
| | | | Magosto Popular | 1.500,00 € |
| 9393-335 | asociación Coral Polifónica Anduriña | G36898708 | XV Festi. Inter. Canto Coral y Habaneras | 2.010,98 € |
| 9395-335 | Sociedad Cultural e Deportiva Atlántida de Matamá | G36620854 | Festifolc 2021 | 3.525,00 € |
| | | | Samaín Atlántida 2022 | 1.950,00 € |
| 9396-335 | Unión Veciñal Cultural e Deportiva de Candeán | G36863348 | Festas Tradicionais | 1.500,00 € |
| 9401-335 | Asociación Cultural Traspes | G27739861 | X Concurso Canto e Percusión Tradic. Traspés | 2.500,00 € |
| | | | XII Serán Traspés | 1.250,00 € |
| | | | Monográfico: O baile Sisamo | 500,00 € |
| | | | Festa fin de curso Traspés | 500,00 € |
| 9403-335 | Asoc. Cultural Abella Producións | G27877703 | Pequefreak 2022 | 3.075,30 € |
| 9404-335 | Asociación de Pandereteiras Urdime | G27797448 | Encontro de Pandereteiras 2022 | 800,00 € |
| 9406-335 | Asociación Cultural As da Industria | G27852755 | San Xoán – Magosto | 2.112,09 € |
| | | | Son da Industria – Día das Letras Galegas | 2.607,32 € |
| 9407-335 | AVCU-CSCR de Beade | G36632081 | Festival Folclórico | 833,25 € |
| | | | Beade Dinámica | 4.288,57 € |
| 9408-335 | Asoc. de Mexicanos en Galicia Chichenitza | G01905538 | Alfombra Día de los Muertos | 928,13 € |
| | | | Fiestas Patrias y posadas | 862,52 € |
| 9410-335 | Asociación Veciños de Parada-Maceiriña | G36655942 | Serán Popular | 2.674,17 € |
| | | | Magosto Popular | 1.500,00 € |
| 9411-335 | Asociación de Veciños Novo Vigo | G27771195 | Ollie Navia | 635,70 € |
| | | | Noite de San Xoan | 1.083,45 € |
| 9412-335 | Asociación Folclórica O Fiadeiro | G36812204 | III Festival de Baile Moderno O Fiadeiro | 1.800,00 € |
| 9413-335 | Centro Cultural Artístico e Recreativo de Valladares | G36617082 | XVIII Certame de Humor | 1.500,00 € |
| | | | Celebrando a cultura e as letras Galegas | 2.000,00 € |
| | | | XXXI Certame de Rondallas de Valladares | 1.200,00 € |
| | | | XVIII Serán de Valladares | 1.300,00 € |
| 9415-335 | Asociación Cultural Galicia Fiddle | G94084456 | Micro-Concertos Galicia Fiddle | 2.607,32 € |
| 9442-335 | Asoc. Cult. Recreativa S. Mamede de Zamáns | G36691855 | Festa do Socio | 2.300,00 € |
| **TOTAL** | | | | **93.183,89 €** |

**SEGUNDO:** Á exclusión das solicitudes ás que se refiren a base novena das Bases reguladoras, sendo a relación de solicitudes desestimadas a seguinte:

| EXPTE | NOME DA ENTIDADE | CIF | CAUSA DA DESESTIMACIÓN |
|---|---|---|---|
| 9327-335 | The Wild | G27867076 | Incumpre as bases 9,2, f |
| 9323-335 | Club Montañeiro Celtas | G36637890 | Incumpre as bases 9,1 b |
| 9414-335 | Asoc. Edan Center-Asoc. Socio Cult. Depot. | G27796341 | Incumpre as bases 9,1 b, f |
| 9400-335 | Irmandade Nosa Sra. Da Alba e S. Bartolomeu | G36887933 | Incumpre a base 5,1 |
| 9477-335 | Soc. Cult. Festas da Consolación de Coia | G36633030 | Incumpre as bases 9,2,a |

**TERCEIRO**: No período de instrución houbo dúas renuncias das entidades solicitantes da subvención.

| EXPTE | NOME DA ENTIDADE | CIF | CAUSA DA DESESTIMACIÓN |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| 9402-335 | Movimiento Cidadá O Noso Barrio | G36784296 | renuncia |
| 9332-335 | Asociación Vel Vigo Entre Letras | G10861235 | renuncia |

**CUARTO:** Ampliar o prazo de xustificación das achegas ás entidades solicitantes consonte o establecido polo art. 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, para que no prazo improrroglable de 15 días as entidades que non o fixeran acheguen a correspondente xustificación.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(1052).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA A REGULARIZACIÓN DA SITUACIÓN ECONÓMICO PATRIMONIAL NO ÁMBITO DA ETEA. Expte. 20904/240.**
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 15/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 11/10/2022, asinado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, o xefe de Servizos Xurídicos de Servizos Xerais, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES**

**1-** A Xunta de Galicia co fin de promover o Proxecto "Cidade do mar", para o desenvolvemento da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, e dotar a Vigo dun campus científico-tecnolóxico, adicado á investigación, desenvolvemento tecnolóxico e á innovacion no ámbito mariño[1], suscribiu xunto co Consorcio da Zona Franca de Vigo, o 3 de maio de 2007 un protocolo para impulsar o citado proxecto estratéxico Cidade do mar.

En data 10 de febreiro de 2009, a Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo formalizaron un convenio co obxecto de posibilitar que a Xunta de Galicia poidese levar a cabo a implantación do Campus Científico Tecnolóxico, "Cidade do mar", materializando a disponibilidade dos terreos e edificacións necesarias para dita implantación, propiedade do Consorcio da Zona Franca de Vigo, por compravenda formalizada en xaneiro de 2004, vencellándoa á tramitación por parte da Xunta de Galicia dun Plan Sectorial de carácter supramunicipal, antes do 31 de dicembro de 2012; compromiso que se garantiza mediante condición resolutoria.

**2.-** O triple obxecto do convenio referido defínese na cláusula primeira:

1 Estipulación primeira do Protocolo de intencións para impulsar o proxecto Cidade do mar no complexo da ETEA, e exponendos V e VIII do Convenio interadministrativo de data 10.02.2009

- posibilitar á Xunta de Galicia a implantación do proxecto Cidade do mar

- materializar a disponibilidade dos terreos e edificacións propiedade do Consorcio da da Zona Franca de Vigo asumindo as administracións signatarias, en compensación, os compromisos que se detallan nas estipulacións seguintes

- regular o acceso polo Concello de Vigo á propiedade de determinadas parcelas e instalacións do enclave e prever as compensacións a percibir polo CZFV pola transmisión ó seu favor

**3.-** Segundo dito convenio, o Consorcio da Zona Franca transmitiu ás administracións autonómica e local os terreos e edificacións do ámbito territorial da ETEA. Así é, a cláusula quinta do Convenio determina que o o Concello adquire a titularidade dos seguintes terreos e equipamentos (sen edificabalidade lucrativa):

–Terreos nomeados no convenio "Zona 4": 31.291 metros cadrados destinados a equipamento deportivo, reserva de estacionamento e parque urbano de cornixa.

–Terreos denominados no convenio"Zona 1": 20.029 metros cadrados, destinados a viais, espacios libres e infraestructuras.

Ademais a claúsula quinta regula a compensación da transmisión das dúas parcelas por parte do Concello: "*pola súa parte, o concello de Vigo garantirá mediante a xestión urbanística do PXOM a achega para a adquisición do Sistema Xeral dotacional da ETEA dun importe de 11.500.000 euros procedente das cargas do ámbito de Gixar, dado que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes faríase cargo da mesma cantidade para a construcción do tunel de Julián Estévez, importe que completa o valor patrimonial do ámbito ao que fai referencia a cláusula segunda do presente convenio"*

*Se transcurrido o ano 2012* —prosegue o segundo parágrafo da clausula quinta— *non se tivera materializado a achega da cantidade sinalada no parágrafo anterior, o Concello de Vigo comprométese a compensar ao Consorcio con tal importe en solo de titularidade pública municipal, que será determinado de mutuo acordo entre o concello de Vigo e o Consorcio (...)"*

*"(...) No caso de que chegado o 31 de decembro de 2015 —se di no parágrafo cuarto da mesma cláusula Quinta— o Concello non houbera abonado de calquera das formas previstas nos parágrafos anteriores a cantidade de 11.500.000 euros, resolverase a transmisión, volvendo os inmobles a titularidade do Consorcio, sen que tal resolución comporte obrigación de indemnización algunha a favor do Concello. Os terreos únicamente permanecerán en poder do Consorcio durante o prazo previsto para executar a expropiación sinalada na cláusula seguinte e aos efectos de posibilitar esta".*

Na clausula seguinte, a Sesta páctase que: "*Na circunstancia de que antes do 31 de decembro de 2015 o Concello non tivera materializado o compromiso previsto na clásula*

*anterior, a Xunta de Galicia, para garantir a utilidade pública, e o equilibrio patrimonial das tres partes asinantes, materializará a expropiación e acceso á propiedade do solo das áreas 1 e 4 polo importe agora establecido de mutuo acordo de 11.500.000 euros. A tal efecto, a Xunta comprométese a incluir no Plan sectorial o sistema de actuación por expropiación recollendo as circunstancias anteriores e a executar a mesma nun prazo máximo de dous anos a contar dende o 31 de decembro de 2015.*

E a Sétima que: "*O Concello de Vigo porá a disposición da Xunta de Galicia os terreos e instalacións aos que fai referencia a cláusula quinta para os efectos de execución das actuacións previstas nos instrumentos de ordenación territorial. Para tales efectos, atendendo á necesidade de posibilitar o desenvolvemento inmediato das instalacións científico-tecnolóxicas, o Consorcio facilitará a autorización de uso ao Concello e á Xunta de Galicia dos terreos e instalacións da área, dos viais e espazos verdes libres así como das infraestructuras que aparecen delimitados no Anexo II como Zona I sempre que estivera rematada a tramitación deste convenio.*

*A Xunta de Galicia transferirá ao concello de vigo os viais e parques públicos que resulten da reurbanización da "Cidade do mar", facéndose cargo da execución e financiamento das conexións viarias e dos servizos exteriores: rede eléctrica, saneamento e depuración, abastecemento de auga, rede de telefonía e datos, subministración de gas e calquera outro que puidera ser necesario ou conveniente. As condicións conforme ás cales deban realizarse estas actuacións determinaranse nun Acordo posterior a asinar entre as partes intervenientes*

Por último, no que aquí interesa, o parágrafo segundo da cláusula Octava dispón que: "*O presente convenio queda sometido á condición resolutoria de que os compromisos adquiridos polas partes podan ser realizados, por ter acadado as aprobacións ou autorizacións dos órganos competentes para elo".*

En conclusión, o compromiso do Concello de Vigo é aportar para a xestión do ámbito "Cidade do mar" a cantidade de 11.500.000 €, como contraprestación da obriga asumida pola Xunta de Galicia de achegar a mesma cantidade para a execución do tunel da rúa Xulián Estévez; carga prevista no "APR 5-16 Guixar" do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008. Subsidiariamente, se transcurrido o ano 2012 non se tivera materializado a achega da cantidade sinalada no parágrafo anterior, o Concello de Vigo debía compensar ao Consorcio con tal importe en solo de titularidade pública municipal. O Concello tería que devolver os terreos no caso de que non se producise o grao de xestión suficiente do ámbito de Guixar como para materializar a carga en decembro do ano 2015 ou non existise acordo sobre os bens do PMS a entregar ao CZFV en compensación pola non achega da devandita cantidade de 11.500.000 €. Os terreos descritos serían devoltos ao CZFV, ata que fosen adquiridos de novo pola Xunta de Galicia por expropiación.

**4.-** E isto é así porque, tal e como se recolle nas estipulacións sexta e oitava do convenio asinado coa mesma data —o 10 de febreiro de 2009— pola conselleira de Política

Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e o alcalde de Vigo, que figura como anexo III ao convenio de cuxo cumprimento tratamos: «O PXOM de Vigo imputa ao desenvolvemento do solo urbano non consolidado de Guixar a carga urbanística de contribuir o financiamento do tunel da rúa Xulian Estévez coa cantidade de 15.525.000 euros. O presente convenio prevé unha achega da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes que, destinada a execución da dita infraestrutura, terá como efecto que o ambito de Guixar poida ver reducida a devandita carga en 11.5000 euros, o que permitirá polo tanto imputar ao ámbito de Guixar o financiamento, tamén polo mesmo importe, da obtención do solo do Plan Sectorial de ordenación territorial que regula a implantación do complexo dotacional Campus Científico Tecnolóxico "cidade deo Mar", na finca da E.T.E.A. en Vigo».

**5.-** En virtude do convenio o Concello de Vigo, en data 10.02.2009 recibiu por acta de entrega, no seu estado, as instalacións deportivas e terreos delimitados como Zona 4, así como a Zona 1.

A Zona 1 é un área de vías, espazos libres e infraestructuras cunha superficie de 20.029 $m^2$ sen construcción algunha.
Na zona 4 atópanse as siguintes instalacións deportivas:

- Edificio principal:
- Pavillón polideportivo, con dúas instalaciones deportivas cubiertas:
  - Pista polideportiva cuberta con graderío
  - Piscina cuberta con graderío (transformado nunha pista polideportiva cuberta).
- -Campo de futbol: Actualmente reformado con la instalación de herba artificial e iluminación).

O Concello de Vigo desde a firma do convenio de 10 de febreiro de 2009, ten desenvolto tódalas actuacións necesarias para garantir o uso público dos equipamientos deportivos, posto que de forma específica a área PS-4, estaba configurada como un espacio fundamentalmente de uso deportivo.

O alcance das obras realizadas elévase a un importe de aproximado de 2 millóns de euros, e as mesmas se corresponden con actuacións obrigadas para posibilitar o uso público das infraestructuras deportivas da área PS-4, entendendo que o estado das instalaciónss recibidas non posibilitaba a apertura ao publico das mesmas. Coa pronta execución das obras, a parcela ponse ao servizo da cidadanía, sendo os primeiros espazos do ámbito da ETEA abertos ao uso público.

Ademais o servizo de Deportes anualmente se ocupa do mantemento das instalacións

**6.-** Por resolución de 21 de marzo de 2012 publícouse no DOG núm. 66, de data 04.04.2012, a aprobación definitiva e as disposicións normativas do Plan sectorial de incidencia supramunicipal de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo, aprobado mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia de 23 de febreiro de 2012. Este documento establece que o promotor de dito Plan é a Xunta de Galicia e que as actuacións que o requiran, no caso de non terse accedido á titularidade dos inmobles por adquisición de carácter voluntaria, se desenvolverán por

expropiación forzosa, correspondendo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras o impulso dos expedientes expropiatorios como Administración actuante e dos demais procedementos de desenvolvemento do plan sectorial, en colaboración coa Consellería de Facenda.

Xa que logo, o PS manten a habilitación da Xunta de Galicia para activar a facultade expropiatoria en caso de que o convenio non acade o seu obxectivo de facilitar o acceso á titularidade do solo necesaria para cumprir o obxectivo do Plan Sectorial declarado de utilidade pública e interese social

Este Plan inclúe, entre outros, o Proxecto sectorial PS-1 como área de vías, espazos libres e infraestructuras cunha superficie de 20.029 m$^2$ e 0 m$^2$ de construcción e o Proxecto sectorial PS-4 como área de equipamento deportivo, usos complementarios dotacionais e parque urbano con 31.291 m$^2$ de superficie e 6.500 m$^2$ construidos. Por tanto, estos solos están afectos ao destino e usos indicados polo planeamento territorial.




**7.-** Como queira que no ano 2015 non se chegou a executar a ordenación prevista para o ámbito de Guixar nin, daquela, puido o concello de Vigo achegar ao CZFV a cantidade comprometida con cargo ás cargas urbanísticas deste, con data 8 de abril de 2015, constituíse un grupo de traballo paritario entre o Consorcio da Zona franca de Vigo e a Xerencia Municipal de Urbanismo, composto por don Santiago López Guerra Román, dona Rosa Eguizabal Gándara e don Agustín Ramos Martínez, por parte do CZFV e dona María

José Loureiro Bada, dona Belén González Ramirez e don Martín Giménez Calviño, por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo.

Constituído, na dita data o equipo de traballo, consultados os membros do CZFV sobre os tipos de solos que resultarían de interese para o Consorcio, por estes indicouse que, con carácter xeral, estarían interesados en solos de licenza directa de uso terciario ou industrial, por razón dos seus obxectivos corporativos, se ben poderían estudar a recepción de parcelas con destino residencial unifamiliar a fin de efectuar permutas con expropiados de Matamá, Balaídos, PTL, ou para favorecer outros desenvolvementos industriais. Así consta na acta da sesión constitutiva do equipo de traballo, da indicada data que consta no expediente.

Non obstante, as reunións deste grupo de traballo non acadaron ningún resultado para o pago da referida cantidade de 11.5000 euros polo concello de Vigo en bens do Patrimonio Municipal do Solo.

**8.-** Con data 10 de noviembre de 2015, o Tribunal Supremo ditou sentencia anulando o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, aprobado definitivamente por sendas Órdenes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, de 16 de maio de 2008 e de 13 de xullo de 2009. Tal anulación determinou a imposibilidade definitiva de que se desenvolvese o "APR 5-16 Guixar", e que o Concello poidese abonar ao CZFV a sua aportación de 11.500.000 € para a xestión do ámbito supramunicipal "Cidade do mar"**,** con cargo ás cargas urbanisticas deste ámbito, tal e como estaba previsto no convenio.

**9.-** No ano 2017 a Abogacía do Estado, en representación do CZFV interpuxo recurso contencioso-administrativo contra o concello de Vigo pola inactividade deste derivada do cumprimento das obrigas asumidas por este no convenio de referencia, que se seguiu como procedimiento ordinario 4580/2017 e, con data de 24 de febreiro de 2020, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ditou a sentenza 136/2020, na que estima o recurso eandres.cameselle@es.gt.com declara o incumprimento por parte do Concello de Vigo do convenio subscrito entre CZFV, a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo de data 10 de febreiro de 2009 *condenando ao abono ao CZFV da contraprestación estipulada pola transmisión dos terreos contida na cláusula quinta de dito convenio (11.500.000 euros ou o seu equivalente en solo municipal) ou de forma subsidiaria a restitución dos bens ao CZFV previa a súa desafectación.*

Frente a dita sentencia, o concello de Vigo interpuso recurso de casación que se inadmitiu mediante Providencia de 8 de abril de 2021.

**10.-** Con data 24.01.2022, por resolución da Alcaldía acórdouse delegar na Concelleira de Contratación, Patrimonio, as facultades relativas a xestión e tramitación do expediente relativo a formalización dun acordo entre o CZFV e o Concello de Vigo que regularice a situación dos inmobles afectados polo convenio asinado en data 10 de febreiro de 2009 en execución da sentenza 136/2020 do TSXG e en data 25.01.2022 a Concelleira delegada de Patrimonio resolve iniciar expediente a tal fin**.**

**11.-** Na actualidade a Zona 1 do ambito da ETEA esta destinada de feito ao uso público e a execución do plan sectorial nesta zona prevese no Proxecto sectorial PS-1, area de vías, espazos libres e infraestruturas, nos terreos da ETEA, Vigo, aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 11 de febreiro de 2021. As instalción deportivas da Zona 4 atópanse destinadas ao servizo público deportivo, sen que conste a aprobación do correspondente proxecto sectorial para a execución do plan sectorial nesta zona.

**12.-** En data 23.06.2022, a Concellería de patrimonio incoa expediente para a dsesafectación do servicio público da parcela PS 4.

**II.- SOBRE AS DISTINTAS FORMAS DA EXECUCIÓN DA SENTENCIA.**

**12.-** A sentencia de cuxa execución tratamos condena ao concello de Vigo a cumprir o convenio de referencia, admitindo tres formas distintas, a elección da Administración municipal para tal cumprimento: (i) pagando ao CZFV a cantidade de 11.500.000 euros prevista no convenio; (iii) entregado a este bens do Patrimonio Municipal do Solo de valor equivalente; ou devolvendo ao CZFV os terreos no seu día recibidos polo concello de Vigo en virtude do convenio.

**13.-** Das tres formas de execución da sentenza arriba sinaladas, a mais vantaxosa economicamente para a Administración municipal é a devolución ao CZFV dos terreos recibidos a virtude do convenio; agora ben, tal devolución esixe, tal como advirte a sentenza a executar, a desafectación dos terreos ao uso e ao servizo público a que están actualmente afectados, respectivamente, as zonas 1 e 4 do ámbito da ETEA e, daquela, o peche á cidadanía das superficies e tales superficies de terreo e as dotacións deportivas, actualmente en utilización, na dita Zona 4.

**14.-** Non obstante, dada a necesidade de pechar á cidadanía os devanditos espazos para proceder, en execución da sentenza, a súa desafectación para a súa devolución ao CZFV, a concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal e o concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos instaron a estes informantes a considerar a posibilidade de executar a sentenza sen ter que pechar ao público os espazos actualmente abertos a este, habida conta do interese publico en que permanezan abertos. .

**15.-** Os asinantes do presente informe entenden que tal posibilidade pasa pola aceptación por parte do CZFV da sinatura dun convenio co concello de Vigo no que se contemple a execución da sentenza mediante a combinación das distintas prestacións a cuxo cumprimento alternativo se condena ao Concello: o pago ao CZFV da cantidade a que a Administración municipal se comprometeu a achegar a esta en virtude do convenio, que correspondería á superficie do ámbito da Zona 1; a desafectación ao servizo público deportivo da Zona 4; e a posterior cesión do uso, a título oneroso, ao Concello, por parte do CZFV, das instalacións deportivas existentes nesta Zona 4, a fin de continuar no mesmo as actividades que ata agora se viñan prestando nel.

**16.-** Agora ben, canto ao pago ao CZFV da cantidade á que a Administración municipal se comprometeu a achegar a esta en virtude do convenio, que correspondería á superficie do ámbito da Zona 1, cumpre precisar que a obriga da achega desta cantidade ao CZFV ten a súa causa no compromiso da Administración autonómica a favor do concello de Vigo de achegar ese mesmo importe para a execución dunha infraestrutura urbanística, polo que se ben dito pago ao CZFV extinguiría as obrigas convencionais arriba sinaladas contraídas polo Concello a favor deste, a obriga contraídas pola Comunidade Autónoma fronte ao concello de Vigo nin se extinguiu nin se extingue con tal pago, polo que o concello de Vigo deberá repetir contra a Xunta de Galicia pola mesma cantidade que o Concello pague ao CZFV.

**III.- PROPOSTA**

Así as cousas, partindo do interese público do mantemento da apertura a cidadanía dos espazos da Zona 1 e da continuación das actividades deportivas que se veñen desenvolvendo no polideportivo da Zona 4, do ambito a ETEA, manifestada polas concellerías delegadas das áreas de Fomento e Servizos e de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, e para o caso de que a Xunta de Goberno Local ratifique a apreciación do dito interese público, proponse a esta a adopción do seguinte

**ACORDO**

**Primeiro**.- Aprobar, en execución da sentenza 136/2020 de data de 24 de febreiro de 2020, dictada no procedemento ordinario 4580/2017, polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), pola que se estima o recurso interposto polo CZFV contra a inactividade do concello de Vigo pola falta de cumprimento das obrigas asumidas por este no convenio asinado polo CZFV, a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, de data 10 de febreiro de 2009, e se declara o incumprimento por parte do Concello de Vigo do dito convenio *condenando ao abono ao CZFV da contraprestación estipulada pola transmisión dos terreos contida na cláusula quinta de dito convenio (11.500.000 euros ou o seu equivalente en solo municipal) ou de forma subsidiaria a restitución dos bens ao CZFV previa a súa desafectación,* o convenio que de seguido se transcribe:

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA A REGULARIZACIÓN DA SITUACIÓN ECONÓMICO PATRIMONIAL NO ÁMBITO DA ETEA

Vigo, a de de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, con domicilio a estes efectos en Vigo, en Praza do Rei, s/n.

Doutra, D. David Regades Fernández, con domicilio a estes efectos en Vigo, na área Portuaria de Bouzas, s/n.

INTERVEÑEN

D. Abel Ramón Caballero Álvarez en nome e representación do Concello de Vigo, na súa calidade de Alcalde-Presidente do mesmo, nomeado na sesión constitutiva do Pleno de data 15 de xuño de 2019, en exercicio das atribucións conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local e polo artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

D. David Regades Fernández, en nome e representación do Consorcio da Zona Franca de Vigo, na súa calidade de Delegado Especial do Estado no mesmo, de conformidade co Real Decreto 837/2018, de 6 de xullo.

Interveñen en razón dos cargos que ambos desempeñan e representan ás respectivas entidades, en nome das que actúan con plena capacidade e legitimación.

EXPOÑEN

I.-Que o día 10 de febreiro de 2009, a Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo formalizaron un convenio para o desenvolvemento do proxecto científico-tecnolóxico Cidade do Mar, nos terreos da antiga ETEA en Vigo. Devandito Convenio tiña como obxecto materializar a dispoñibilidade dos terreos e edificacións necesarias para a dita implantación, vinculándoa á tramitación de un Plan Sectorial.

No devandito texto recollíase, entre outras obrigas, que o Consorcio da Zona Franca de Vigo cedería ao Concello de Vigo a titularidade dos terreos, instalacións e edificacións dos ámbitos que o Plan sectorial determine para os Proxectos sectoriais PS-1 e PS-4, co compromiso municipal de compensar mediante a xestión urbanística do Plan Xeral de Ordenación Municipal a achega para a adquisición do Sistema Xeral Dotacional da ETEA dun importe de 11.500.000 euros, procedente das cargas do ámbito de Guixar tendo que facerse cargo, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, de idéntica cantidade para a construción do túnel da rúa Julián Estévez, obra que non se executou.

No devandito convenio contemplábase que estes terreos e instalacións serían postos polo Concello de Vigo a disposición da Xunta de Galicia para executar as actuacións previstas no Plan sectorial correspondentes aos usos dotacionais públicos, parque urbano público e a gran infraestrutura viaria e de espazos públicos, vinculados ao servizo xeral do Campus Científico-Tecnolóxico e á apertura ao uso e goce público que, posteriormente, serían transferidos ao Concello de Vigo para a súa xestión e conservación.

II.- O día 21 de marzo de 2012 publícase a aprobación definitiva e as disposicións normativas do Plan sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo, aprobado mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 23 de febreiro de 2012. Neste documento establécese que o promotor do devandito Plan será a Xunta de Galicia e que as

actuacións que o requiran, no caso de non accederse á titularidade dos inmobles por adquisición de carácter voluntaría, desenvolveranse por expropiación forzosa, correspondendo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o impulso dos expedientes expropiatorias como Administración actuante e dos demais procedementos de desenvolvemento do plan sectorial, en colaboración coa Consellería de Facenda.

Este Plan inclúe, entre outros, o Proxecto sectorial PS-1 como área de vías, espazos libres e infraestruturas cunha superficie de 20.029 m$^2$ e 0 m$^2$ construídos, e o Proxecto sectorial PS-4 como área de equipamento deportivo, usos complementarios dotacionais e parque urbano con 31.291 m$^2$ de superficie e 6.500 m$^2$ construídos. Por tanto, estes chans están afectos ao destino e usos indicados.

III.-Con data 2 de agosto de 2017, a Xunta de Galicia e o Consorcio da Zona Franca de Vigo formalizaron un convenio para o desenvolvemento do Campus Científico Tecnolóxico Cidade do Mar e a regularización da situación económico patrimonial derivada do referido Convenio de 10 de febreiro de 2009, modificando parte do contido deste.

En concreto, partindo de que a Xunta de Galicia debía ao CZFV a cantidade de 12.950.000 euros, como consecuencia do Convenio de 2009, en 2017, formalizouse un acordo segundo o cal, por unha banda, compensábase parte da referida débeda que a Xunta de Galicia tiña co Consorcio cun importe que o CZFV debía á Xunta de Galicia (3.175.558,64 euros) e, por outra, coa adquisición polo CZFVo dos terreos, instalacións e edificacións comprendidas nas zonas PS-3A e PS-3B do Plan Sectorial por un importe de 5.571.438 euros (é dicir, o que previamente o CZFV entregáralle á Xunta) e o establecemento dun calendario de pagos anuais para a cantidade restante (5.071.239,47 euros).

Este convenio subscríbese cun dobre obxectivo: permitir o desenvolvemento dos obxectivos da Universidade de Vigo (ao constituír un dereito de superficie a favor desta última) e facilitar o pago da cantidade debida pola Xunta de Galicia.

IV.- O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou sentenza estimatoria, no procedemento ordinario 4580/2017, sinalándose no fallo da mesma o seguinte que se condenaba ao Concello "*(...) ao abono ao CZFV da contraprestación estipulada pola transmisión dos terreos contida na cláusula quinta do citado convenio (11.500.000 euros ou o seu equivalente en chan municipal) ou deforma subsidiaria á restitución dos bens ao CZFV previa a súa desafectación*".

Fronte a dita sentenza, o Concello de Vigo interpuxo recurso de casación que se inadmitió mediante Providencia de 8 de abril de 2021.

V.- Na actualidade, os 6 proxectos sectoriais necesarios para desenvolver o Campus do Mar atópanse en diferentes estados de tramitación e algúns xa foron aprobados, figurando en todos eles como sistema de actuación a expropiación.

O ámbito do PS-1 constitúe o único acceso posible ao recinto e como tal se ven utilizando, aínda que se atopa pendente a execución do proxecto sectorial, aprobado por Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 11 de febreiro de 2021, que establece como sistema de execución a expropiación e determina a ordenación do ámbito e, en

especial, a urbanización e execución de accesos aos espazos. O Plan Sectorial establece unha avaliación económica do chan e edificacións do ámbito deste proxecto sectorial de 2.926.478 euros dos cales 2.784.031 euros corresponden ao chan, 3.091 euros a unha pequena construción e 139.356 euros a afeccións.

Doutra banda, o ámbito do PS-4 vén destinando a equipamentos deportivos e zona axardinada. O Plan Sectorial establece unha avaliación económica do chan e edificacións do ámbito deste proxecto sectorial de 8.112.875 euros, dos cales, 4.349.449 euros corresponden ao chan, e 3.377.099 euros a edificacións e 386.327 euros a afeccións.

En concreto, o Ayutamiento de Vigo levou a cabo obras necesarias e imprescindibles para que as infraestruturas existentes na parcela PS-4 non se deteriorasen por un importede 1.539.580,30 euros.

No entanto, para o caso de que o Concello de Vigo non sexa o titular deste ámbito será necesaria unha actividade expropiatoria da Xunta de Galicia.

VI.- Ambas as partes son elementos fundamentais no desenvolvemento socioeconómico de Vigo e a súa área de influencia e, no exercicio da actividade que leva esta responsabilidade, decidiron superar o ámbito das súas relacións actuais, na seguridade de que a consecución dos obxectivos e medios que tal desenvolvemento demanda, só resultan alcanzables con actuacións que se rexan polos principios de colaboración leal, coordinación e necesaria e intensa cooperación na procura do interese xeral.

As institucións públicas han de procurar coordinar os seus esforzos a este fin, chegando a acordos que permitan axilizar os trámites administrativos, pór en común os recursos que sexan necesarios e coordinar as súas actividades de tal maneira que se alcance unha complementariedade o máis alta posible no espírito de cooperación leal entre as institucións públicas, que é un principio elemental que beneficia en primeira instancia os intereses dos cidadáns, aos que estas institucións serven.

En base ao anterior, as partes entenden que, para regularizar as obrigacións que o Concello de Vigo asumiu no convenio de 10 de febreiro de 2009, tras a sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza no procedemento 4580/2017, resulta preciso subscribir este convenio que, a efectos de establecer as condicións en que se vai a proceder a executar a referida sentenza e a posterior cesión do uso de parte dos terreos que o Concello vai restituír ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, desexan rexer polas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRO.-OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto, en execución da sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento ordinario 4580/2017, regularizar as obrigas que o Concello de Vigo asumiu en virtude do convenio asinado o día 10 de febreiro de 2009, co fin de alcanzar o obxectivo do Plan sectorial de ordenación territorial da ETEA en Vigo, afectando exclusivamente os dereitos e obrigacións das partes comparecentes, adecuando á realidade presente o mesmo.

Por medio deste instrumento establecense: (i) a cantidade que o concello de Vigo satisfará ao CZFV, en cumprimento do convenio de 10 de febreiro de 2009, a que fai referencia o expositivo primeiro, e en execución da sentenza firme dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento ordinario 4580/2017, para permanecer como titular da parcela PS-1, actualmente afecta ao uso público como acceso á ETEA e viario e zonas verdes e libres da mesma; (ii) a forma e prazos do pago; iii) a obriga do concello de Vigo de proceder á desfectación do servizo público da parcela PS-4, como condición necesaria para a súa devolución, en ejecucón da devandita sentenza, ao CZFV; (iv) a posterior constitución por parte do CZFV a favor do concello de Vigo dun dereito de uso, a titulo oneroso, a dita parcela PS4 e; (v) as obrigas económicas e de todo tipo que o concello de Vigo asume como contraprestación de tal cesión de uso, a título oneroso, ao seu favor.

A cesión de uso, a título oneroso, da zona PS-4, por parte do CZFV a prol do concello de Vigo, extinguirase coa expropiación da dita parcela por parte da Xunta de Galicia, en cumprimento do devandito Convenio de 2009 e, en todo caso, pola extinción dos efectos do presente convenio, ben polo vencemento do prazo da súa vixencia e da súa eventual prórroga, ben pola concorrencia de calquera das demais causas de resolución que se contemplan no artigo 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público .

SEGUNDO.- COMPROMISOS ECONÓMICOS.

Para a consecución do obxectivo deste convenio, o Concello de Vigo abonará ao Consorcio da Zona Franca o importe de 2.926.478 euros que figura no Plan Sectorial en concepto de prezo da parcela PS-1, (mais intereses legais devengados, calculados dende a data da notificación da setenza dictada).

O pagamento da dita cantidade realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 9330.6000000 P-S Dominio Público Uso Xeral ETEA do estado de gastos dos orzamentos do concello de Vigo e satisfarase dentro dos tres meses seguintes á sinatura deste convenio.

No que respecta á parcela PS-4, o Concello de Vigo abonará anualmente, polo uso da devandita parcela, ao Consorcio da Zona Franca de Vigo unha cantidade de 105.766,92.-€ máis IVE.

O pago desta cantidade farase mediante transferencia ao número de conta que o Consorcio designe a tales efectos antes do día 31 de xaneiro de cada ano. Para todo o tempo de duración da cesión de uso, a contraprestación económica será revisada o día 1 de xaneiro de cada ano, e se levará a cabo aplicando sobre a contraprestación que correspondese satisfacer en cada momento, a porcentaxe de variación interanual de novembro do ano anterior do índice de prezos de aluguer de dotacións deportivas a nivel autonómico, publicado polo Instituto Nacional de Estatística (INE), ou organismo competente que o substitúa.

Sempre que non se publique o mencionado índice de prezos de aluguer de oficinas, aplicarase na súa falta o índice de garantía da competitividade publicado polo INE.

TERCEIRO.- OBRIGACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO.

O Concello de Vigo comprométese a asumir, ao seu exclusivo cargo, levando a cabo cantas accións foren necesarias para iso, o seguinte:

- Abonar ao CZFV o importe de 2.926.478 euros pola parcela PS-1 segundo sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento ordinario 4580/2017, mailos intereses legais que correspondan dende que se ten notificada a sentenza ao Concello ata a data na que se proceda ao pago.
- Abonar ao CZFV a contraprestación pola cesión do uso da parcela PS-4 calculada conforme á cláusula anterior.
- Devolución ao CZFV da parcela PS-4 nas condicións necesarias para iso, previa desafectación dos terreos e instalacións, e posterior recepción provisional da mesma segundo as condicións económicas establecidas no presente documento.
- Asunción integral de todos os custos e gastos que lle pudieran corresponder como arrendatario da parcela PS-4. En concreto, o mantemento, limpeza, coidado, vixilancia, xardinaría e conservación ordinaria dos bens incluídos na mesma.
- Adecuación, mantemento e asunción de subministracións correspondentes á parcela PS-4.
- Asumir calquera acción de reclamación de responsabilidade que calquera cidadán poida esixir como consecuencia do uso ou destino da parcela indicada ou dos servizos que nelas se presten, eximindo ao Consorcio de calquera tipo de responsabilidade que puidese derivarse ou traia causa nas parcelas sinaladas. Esta responsabilidade comprenderá, igulamente, a que proceda por reclamación de calquera contratista do Concello  ou de calquera dos seu empregados , que, no seu caso, preste servizo nos terreos ou instalacións obxecto da cesión de uso, sen que o CZFV asuma obriga algunha respecto dos mesmos.
- Pór a disposición do Consorcio, a primeiro requirimento deste, a posesión da parcela PS-4, nas condicións necesarias para que a Xunta proceda á súa expropiación, no prazo máximo de 30 días naturais a contar desde o devandito requirimento, tanto no caso de que a Xunta de Galica vaia a proceder á expropiación desta parcela, como no caso de extinción do convenio por calquera outra causa.

CUARTO.-OBRIGACIÓNS DO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO

O Consorcio da Zona Franca de Vigo comprométese a recepcionar a parcela PS-4 cos requisitos necesarios; pór en coñecemento da Xunta da Galicia que o referido ámbito está en disposición de ser expropiado de cara ao cumprimento do disposto na Estipulación Quinta do Convenio subscrito entre o CZFV, o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia de data 10 de febreiro de 2009; e ceder provisionalmente o uso da mesma de forma provisional ao Concello de Vigo nas condicións establecidas.

QUINTO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO.

Constituirase unha Comisión de seguimento do convenio onde se tratarán os problemas derivados da interpretación e execución do convenio. Esta comisión, constituída por tres representantes do CZFV, designados polo Delegado Especial do Estado, e tres representantes do CONCELLO DE VIGO, designados polo Alcalde-Presidente do mesmo,

reunirase polo menos unha vez durante a vixencia do presente convenio sen prexuízo de que, con carácter potestativo e a instancia das partes reúnase en máis ocasións.

SEXTO.- DURACIÓN E ENTRADA EN VIGOR.

A duración do convenio será de catro anos, con posibilidade de prorrogalo outro catro anos máis.

No que respecta á duración da cesión da parcela PS-4 a favor do Concello de Vigo, a mesma estará vixente ata o momento no que a Xunta de Galicia exprópiea ou ata que se extinga o convenio por calquera causa no caso de que estes supostos acontezan antes do transcurso do prazo indicado no parágrafo anterior.

SÉTIMA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

Este convenio realízase ao amparo do sinalado no Capítulo VIN do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO.

Conforme ao establecido no artigo 49.g da Lei 40/2015, de 1 de outubro, a modificación do contido deste convenio requirirá acordo unánime dos asinantes, debendo formalizarse mediante adenda, conforme aos requisitos legalmente establecidos e previa autorización prevista no artigo 50 da citada lei.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

O convenio poderá extinguirse, ademais de por o cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, por calquera das sinaladas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
No caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos polas partes, procederase conforme ao sinalado no artigo 51.2 letra c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, debendo requirirse á parte incumpridora para que no prazo máximo de 3 meses cumpra coassúas obrigas.
Se o convenio extinguísese anticipadamente, ou se á data de vencemento do mesmo, non se satisfixo a totalidade da cantidade da que debe facerse cargo o Concello, este deberá abonar ao CZFV, no prazo máximo de 3 meses, a cantidade pendente nese intre máis os xuros correspondentes á mesma ata o momento do seu completo pagamento.

DÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

O presente convenio rexerase polo establecido nestas cláusulas, polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.

No caso de extinción do convenio por falta de pago polo concello de Vigo das cantidades adebedadas ao CZFV, estas devengarán os xuros legais desde a data na que debeuse facer o pago ata que teña lugar o mesmo.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio, someténdoas á comisión de seguimento prevista no mesmo. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E, en proba de conformidade, asinan o presente convenio, no lugar e data sinalados no encabezamiento.

| O Alcalde-Presidente do Concello de Vigo | O Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo |
|---|---|
| | |
| Abel Ramón Caballero Álvarez | David Regades Fernández |

**Segundo**.- Dar conta do acordo á Asesoría Xurídica do Concello de Vigo aos efectos de que conste nos autos da SENTENZA 136/2020 DO PROCEDEMENTO ORDINARIO 4580/2017 SOBRE OS TERREOS MUNICIPAIS NO ÁMBITO DA ETEA.

**Terceiro**.- Dar conta do acordo ao Departamento de Patrimonio municipal (Inventario9 co fin de que se practiquen as operacións rexistrais oportunas no inventario Municipal de Bens e Dereitos.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(1053).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez